GRIAL

142

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXVII / 1999

DEMOCRACIA E TERRITORIO

XOSÉ LUÍS BARREIRO RIVAS
Estructura administrativa e modernización política: a perspectiva galega

PABLO GONZÁLEZ MARIÑAS
Tradición e modernidade da parroquia e da comarca na Galicia actual

ÁLVARO XOSÉ LÓPEZ MIRA
O sistema electoral español en Galicia: as eleccións autonómicas

ÁLVARO XOSÉ LÓPEZ MIRA
Territorio e democracia na visión de Michael Keating

JOAQUÍN HERRERO LORENTE / PEDRO CORVINOS BASECA
O goberno do territorio

RUBÉN CAMILO LOIS GONZÁLEZ
Galicia no país dos xeógrafos

ARTUR MANUEL MOURA BAPTISTA PEREIRA
As freguesías no contexto da Administración pública portuguesa

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

142

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXVII / 1999

O presente número de *Grial* foi coordinado por
ÁLVARO XOSÉ LÓPEZ MIRA.

Director:
CARLOS CASARES
Subdirector:
XAVIER CASTRO
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, CARLOS X. FERNÁNDEZ,
GUSTAVO ADOLFO GARRIDO, MODESTO LÓPEZ BOUZAS,
HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN

Deseño:
M. JANEIRO
Ilustracións:
Tampas de cregos da *Etnografía* de Vicente Risco
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, subscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: galaxia@arrakis.es
Páxina web: http://www.arrakis.es/~galaxia/grial/grial_gl.htm
Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 49 - MOS

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ARCE (Asociación de Revistas Culturales de España).

DEMOCRACIA E TERRITORIO

225 ÁLVARO XOSÉ LÓPEZ MIRA: Presentación

229 XOSÉ LUÍS BARREIRO RIVAS: Estructura administrativa e modernización política: a perspectiva galega

251 PABLO GONZÁLEZ MARIÑAS: Tradición e modernidade da parroquia e da comarca na Galicia actual

257 ÁLVARO XOSÉ LÓPEZ MIRA: O sistema electoral español en Galicia: as eleccións autonómicas

ENTREVISTA

263 ÁLVARO XOSÉ LÓPEZ MIRA: Territorio e democracia na visión de Michael Keating

277 JOAQUÍN HERRERO LORENTE / PEDRO CORVINOS BASECA: O goberno do territorio

291 RUBÉN CAMILO LOIS GONZÁLEZ: Galicia no país dos xeógrafos

309 ARTUR MANUEL MOURA BAPTISTA PEREIRA: As freguesías no contexto da Administración pública portuguesa

323 LIBROS

DOLORES VILAVEDRA, CHEMA PAZ GAGO, INMA LÓPEZ SILVA, OLGA FERNÁNDEZ NOGUEIRA, CRISTINA BLANCO GONZÁLEZ, SERAFÍN ALONSO PINTOS, MARÍA F. LLANTADA DÍAZ, XOSÉ LÓPEZ, PEDRO LAGO PEÑAS, SANTIAGO LAGO PEÑAS

353 IMAXE
Xosé Nogueira

357 O REGO DA CULTURA
Jesús José Blanco Rosas
Franck Meyer

365 ÍNDICE DE COLABORADORES

Presentación

Álvaro Xosé López Mira

O mito do progreso desmitifícase cando o mundo toma consciencia da súa finitude. Consciencia aínda limitada a uns poucos e no que as reclamacións ecoloxistas son badaladas illadas, non o conxunto das campás da catedral soando en harmonía. Daquela o valor do territorio e da propia identidade das comunidades humanas recobra unha vitalidade na aldea global quizais só parangonable ó apego ó chan-lar do campesiño (e do seu señor feudal tamén) medieval.

Esta recuperación do valor do territorio como asentamento da propia identidade que non se quere perder (desde Bosnia ou Chechenia ata as tribos amazónicas ou inuits*), sobredimensiónase no caso galego porque hai unha continuidade histórico-social que outorga vixencia ó noso suposto arcaísmo. En Galicia o territorio imprégnao todo: é tanto espacio vital como ámbito de definición da comunidade, do nós. É a referencia material permanente, terreal, posuída* (a terra da casa), *habitada; comarca* (Terra de Lemos); *paisaxe inmediata ou país e comunidade cultural en sentido máis amplo* (Galicia; a nosa Terra); *tanto como realidade material e psicolóxica* (ter os pés na terra) *ou símbolo da Natureza como estructura fundacional* (o Mito da Terra Nai).

E qué é a democracia senón identidade consensuada, autorrecoñecemento diferencial, constitución do demos *como posibilidade da* cracia. *Inescindible, xa que logo, da terra, do territorio.*

Xosé Luís Barreiro Rivas interrelaciona na súa proposta de reforma territorial de Galicia (sinaladamente na estructura comarcal defendida noutros artigos) dúas necesidades dunha obviedade esmagante: fortalecemento dunha xestión administrativa moderna e, correlativamente, rebaixa do clientelismo político e participación electoral máis democrática. Territorio e democracia dándose a man. O dinamismo económico e

social entra en contradicción coa caduca estructura clientelar do poder político en Galicia. E, precisamente, esa base social máis dinámica demanda unha acelerada reforma administrativa que a actual Política do noso país parece incapaz de canalizar.

Pablo González Mariñas, fuxindo de utópicas interpretacións sitúa na vangarda política as nosas tradicionais parroquias e comarcas, violentadas pola falsa e interesada modernidade *decimonónica de uniformistas municipios e provincias (alleos e, por conseguinte, alienantes), polo que parece chegado o momento de, cando menos, meditar sobre a rebelión contra ela coa alternativa da nosa propia modernidade parroquial e comarcal.*

Álvaro Xosé López Mira analiza o mimetismo da lexislación electoral galega en relación coa española, o cal provoca unha inadaptación coas peculiaridades de Galicia-nacionalidade tanto coma unha certa carencia de autenticidade democrática, algo que sempre foi obxectivo da sensibilidade galeguista. Nesta liña, proporciónanse algunhas suxestións alternativas para acadar unha democracia máis real e máis apegada á realidade sociocultural galega.

Michael Keating non é só un dos máis sobranceiros politólogos do momento a escala internacional, senón tamén un pensador tan lúcido como comprometido, facetas que hoxe en día é raro encontrar en conxunción. A entrevista dá máis ideas que información para axudarnos tamén ós demais a elaborar as nosas propias reflexións.

Joaquín Herrero Lorente e Pedro Corvinos Baseca destacan a inadecuación de obsoletos modelos de ordenación territorial, e das propias estructuras administrativas responsables da mesma, nunha contemporaneidade na que o continuum rural-urbano, as cidades-rexión, requiren un novo concepto de carácter interdisciplinar: o goberno do territorio, que incluiría a intervención dos axentes sociais de xeito democrático e consensuado coas Administracións implicadas na fundamental tarefa de ordenar racionalmente un ben escaso e irreemprazable como é o territorio, necesidade cada día máis sentida e acuciante, perentoria nalgúns casos, imposible xa noutros.

Rubén Camilo Lois González transpórtanos en apaixonante descrición (reivindicando tamén a esencia identitaria da territorialidade) ó empobrecemento sufrido neste aspecto en todos os espacios de Galicia, tanto rurais como urbanos. Así mesmo, destaca o imparable, acelerado e incontrolado proceso de urbanización (difusa) do territorio galego, enmarcado nunha historia de radical desencontro entre as estructuras organizativas da sociedade galega e a alteridade das divisións político-administrativas que se lle impuxeron e que hoxe son incapaces de solucionar os profundos problemas que afectan ó espacio territorial galego, en parte por buscar primordialmente unha rendibilidade electoralista a curto prazo.

Non podía quedar esquecido o modelo máis semellante e próximo que temos e que os galegos non conseguimos aplicar no contexto do Estado español. Artur Manuel Moura Baptista Pereira ofrécenos unha completa panorámica da freguesía no vixente sistema político-democrático (tamén Estado do Benestar) portugués. Sendo como foron focos de osíxeno para a vida político-social diante do atafegante centralismo administrativo luso, hoxe en día están chamadas a desempeñar un importante protagonismo como dinamizadoras do desenvolvemento local, de maneira singular polo potencial que posúen as freguesías urbanas, exemplo que non podemos perder de vista se algunha vez se institucionalizan as nosas parroquias, como quere o Estatuto de Autonomía, pero superando o ruralismo que as embargaba nun pasado que xa é história.

Á. X. L. M.



Estructura administrativa e modernización política: a perspectiva galega

Xosé Luís Barreiro Rivas

A relación entre Administración e poder condiciona os procesos de modernización administrativa e de cambio político; nun senso positivo unhas veces, cando unha transición política ou un proceso de modernización administrativa lle dan pulo ó correlativo cambio na xestión pública ou nas estructuras do poder; e nun senso negativo outras veces, cando as fortes inercias dunha área arrastran consigo o inmobilismo da outra.

Partindo desa correlación, o que aquí propoñemos é un modelo de renovación da cultura política de Galicia a partir dunha reforma da organización territorial do poder e da conseguinte modernización das súas estructuras administrativas, con efectos que deben porse de manifesto nunha sensible rebaixa do clientelismo político e das técnicas de mobilización electoral, así como nun correlativo fortalecemento dunha xestión moderna e nunha maior participación electoral.

1. ASPECTOS XERAIS

Se ben é certo que os valores da xestión eficaz non poden substituír ós da racionalidade xurídica, nin a modernización administrativa pode desprazar os procesos de reforma política e cambio institucional, as modernas teorías do *management* puxeron de manifesto unha profunda interacción entre a xestión do Estado e a realidade social, que se traduce non soamente no esvaemento da fronteira entre o interese público e o privado, senón tamén na crecente necesidade de compartir responsabilidades e de contar coa colaboración de cidadáns e empresas privadas na consecución dos obxectivos considerados públicos[1]. E por

1. Perry, James L., e Rainey, Hal G. "The Public-Private Distinction in Organization Theory: A Critique and Research Strategy", en *Academy of Management Review*, vol. 13, nº 2, 1988, pp. 182-201.

iso resulta cada vez máis evidente que os modelos administrativos constitúen unha parte do concepto xeral de *gobernabilidade* democrática, no que, ademais de procurar a necesaria adecuación entre o modelo administrativo e a cultura social e política, deben integrarse todos os demais elementos que fan posible a estabilidade institucional e a definición e execución das políticas públicas.

Deste xeito, a pouco que adoptemos unha formulación funcional da idea precedente, tamén teremos que afirmar a existencia dunha lóxica relación de causa efecto entre os distintos elementos que desencadean e impulsan a modernización política, ata o punto de non recoñecer ningunha estratexia de cambio político que non implique a correspondente reforma administrativa, nin dar crédito a ningún proxecto de modernización administrativa que non veña avalado por unha firme vontade de reforma nas estructuras do poder. Trátase pois dunha correlación esencial que, se ben incrementa as variables que determinan os niveis de complexidade das reformas políticas e administrativas, tamén implica a posibilidade de escoller e avaliar con criterios de oportunidade os resortes desencadeantes destes procesos de cambio, que tanto poden iniciarse a partir de reformas institucionais e políticas, como a partir dunha profunda intervención nas estructuras administrativas e da normativa que regula o seu funcionamento.

Lonxe de estarmos ante unha idea de todo nova, e renunciando expresamente a establecer precedentes máis ou menos artificiosos desta sistémica concepción da gobernabilidade, cabe subliñar aquí dúas referencias históricas cheas de suxerencias interpretativas: unha primeira, máis distante, que se situaría na obra de Max Weber, na que se lembra o decisivo papel xogado polas burocracias modernas —instrumento específico da *dominación legal*— no nacemento e consolidación do Estado nacional e nas súas evolucións posteriores[2]; e unha segunda, máis próxima e mellor contextualizada na nosa realidade cultural e política, que nos descobre a relación existente entre o *provincialismo*, como modelo de organización territorial do poder, e o xurdimento do nacionalismo galego, no marco das revolucións liberais do século XIX[3].

Sen embargo, a pesar de insinuarnos esa correlación entre Administración e política que a maioría dos nacionalistas galegos tiveron por un principio fundamental, parece evidente que ningunha destas referencias históricas se achega á moderna idea dunha interacción profunda entre os modelos administrativos e a cultura político-electoral,

2. Mouzelis, Nicos P. *Organización y burocracia.* Península, Barcelona, 1975, 2ª edic., pp. 21-32.

3. Barreiro Rivas, X. L. "Comarcalización y desarrollo: claves para una reorganización de la Administración Local de Galicia", en *Galicia en Clave Económica* 3, xuño de 1997, pp. 51-65.

que tanto serve para diversificar e dar eficacia ás estratexias modernizadoras da xestión e da Administración pública como para explicar —ben sexa en termos de inercia, de control ou de cultura— algúns dos comportamentos electorais que caracterizan a realidade de Galicia.

2. AS CLAVES HISTÓRICAS DUNHA PECULIAR COMPRENSIÓN DO PODER EN GALICIA

Seguindo a suxerente distinción entre *participación política* e *mobilización social*, a sociedade galega presenta un perfil de escasa politización, que se traduce, en contra do que se considera normal nas modernas sociedades de benestar —moi participativas e autoorganizadas—, nun alto índice de *mobilización* e nun correlativo baixo índice de *participación*.

A *participación* pode definirse como un proceso de implicación política que xorde de abaixo cara arriba, coa intención de influír nos detentadores do poder a partir de criterios autónomos elaborados no seo da propia sociedade[4]. Pola contra, a *mobilización* política sería un proceso inducido —de arriba cara abaixo— con criterios heterónomos, que se resolve nun intento de organizar o consenso social ou o apoio acrítico ás estructuras do poder. E por isto, máis que dunha distinción obxectivada nos elementos formais do proceso electoral, a mobilización e a participación defínense por elementos de cultura e de comportamento electoral que debemos rastrexar a través de datos e tendencias definidas.

E xa neste contexto, coido que deberiamos interpretar como un síntoma evidente de *mobilización electoral* a inversión da tendencia abstencionista perceptible en Galicia, xa que, sen contar coa previa alteración dos elementos comunmente usados para explicar os baixos índices de participación electoral dos galegos —salvo o da abstención técnica—, ou mesmo intuíndo a súa maior importancia relativa, produce feitos tan sorprendentes e paradoxais coma o cruce das gráficas de abstención correspondentes á provincia de Lugo, tomada como exemplo, e á media de España, que desde 1991 desmenten o tópico comportamento abstencionista das sociedades rurais e dispersas:

4. Pasquino, G. "Participación política, grupos y movimientos", en Pasquino, G., Bartolini, S., Cotta, M., Morlino, L., Panebianco, A. *Manual de ciencia política*. Alianza Editorial, Madrid, 1993, p. 183. Edición italiana *Manuale di scienze politica*. Società Editrice Il Mulino, Boloña, 1986.



Fig. 1. Gráfica da abstención nas Eleccións Municipais.

Máis que dun cambio radical operado na cultura política da poboación rural e dispersa, que non parece demostrado, a acentuación da participación electoral dos lucenses e dos galegos en xeral, e a súa evolución diferente á percibida no conxunto de España entre 1987 e 1991, esixen unha explicación específica e suficiente, que para nós deberá basearse na *mobilización electoral* exercida desde as estructuras do poder local ou desde as organizacións partidarias vencelladas ó poder.

Do mesmo xeito podemos apreciar como a evolución das gráficas de participación nas Eleccións Xerais —que entre 1977 e 1982 resulta semellante para Galicia e para España, cunha diferencia porcentual motivada en boa parte pola abstención técnica— rompe o paralelismo da gráfica a partir de 1982, cando, coincidindo coa ascensión de AP ó poder autonómico, empezan a diferenciarse as pautas de participación. Tamén aquí apreciamos unha clara tendencia á converxencia das porcentaxes de abstención, e mesmo a un posible cruce das respectivas gráficas, que sen dúbida viría impulsado pola sistemática mobilización electoral practicada nos ambientes tradicionalmente abstencionistas:



Fig. 2. A abstención nas Eleccións Xerais.

A evidencia de estarmos diante dunha cultura electoral baseada na mobilización aumentaría máis aínda se, en vez de analizar as cifras globais correspondentes a Lugo, Galicia e España, descendesemos a un estudio de detalle, por municipios, que resulta imposible no marco desta reflexión. Porque é no ámbito local onde se pode constatar que a converxencia entre os niveis de abstención galego e español, ou mesmo a inversión de posición advertida en Lugo desde as eleccións municipais de 1991, non trae causa dos sectores máis dinámicos e modernizados da sociedade galega, senón da presión mobilizadora exercida sobre os colectivos tradicionalmente máis abstencionistas.

Lonxe de conformarse como unha continxencia variable, ou de causas non identificadas, a participación política activa depende da existencia de sectores sociais ou de empresarios políticos —partidos, sindicatos ou patronais— que, dentro dun contexto de liberdades democráticas, tentan empregar o poder, ou condicionar o seu exercicio, en orde á consecución dos seus propios obxectivos. E por iso resulta posible conectar a existencia dun modelo avanzado de participación política con algunhas condicións democráticas perfectamente obxectivables:

a) Existencia dun sistema mediático ideoloxicamente plural e empresarialmente polinucleado.
b) Formación de sectores ou empresarios políticos competitivos e estratexicamente diferenciados.
c) Vertebración dunha sociedade capaz de asimilar a información previa ó dereito de elección.
d) Articulación e impulso dos medios e resortes necesarios para, mediante a influencia directa nos detentadores do poder, ou mediante condicionamentos inducidos desde todas as organizacións propias dun sistema democrático, orientar o progreso material e cultural da propia sociedade.

Xa que logo, razoando *sensu contrario*, e extraendo a lóxica consecuencia deste fenómeno político tan someramente descrito, resulta doado concluír que a inexistencia dun grupo social que se constituíra en portador dos valores do nacionalismo liberal fixo que, a diferencia do que sucedeu en Cataluña e Euscadi, non se xerase en Galicia —ou que se xerase en moi escasa medida— unha competencia efectiva a prol da influencia directa ou indirecta sobre as estructuras do poder autónomo ou territorializado. E no seu lugar, como substituto formal do proceso

5. A ciencia política de hoxe tende a diferenciar a participación activa daqueloutra forma de implicación política que se denomina *participación invisible*, que fai referencia a existencia dun electorado informado, perfectamente capacitado para participar no pro-

de participación política, xurdiría unha forte corrente de *voto invisible*[5], froito da mobilización impulsada desde arriba, que, máis que influír no poder ou na selección dos seus detentadores, adoita propiciar ou refrendar a conformidade co poder establecido.

3. A EIVA ORIXINARIA DO NACIONALISMO

O nacionalismo galego, pola súa parte, lonxe de callar unha temperá estratexia política e organizativa dirixida ó control do poder galego, que puidera convertelo na representación dun sector de intereses económicos e nun instrumento de cambio da realidade social e política, escorouse en demasía cara a un proxecto político intelectualizado e desconectado dos intereses dos principais actores sociais, ata acabar dexenerando nunha política testemuñal, máis orientada a incentivar a formación dunha conciencia de identidade ou a vertebrar grupos de acción *antipolítica* que a servir de canle e revulsivo para un modelo de participación aberta. E por iso ten certa lóxica que o electorado acabase tisnando ó nacionalismo como un movemento político *antisistema*[6], máis preocupado por deslexitimar a actuación das formacións políticas estatais que por substituílas na súa acción de goberno.

Cecais por iso non se teñen xerado en Galicia os áxiles mecanismos de participación que, en función de criterios elaborados na propia sociedade, puidesen actuar con eficacia sobre o sistema autónomo de poderes, nunha análise que debe entenderse compatible coa existencia de modelos de participación na política xeral do Estado nos que o comportamento de Galicia resulta notablemente homologado co do conxunto da sociedade española.

Os politólogos de hoxe tenden a diferenciar a *participación activa* da *participación invisible*, o termo científico acuñado para facer referencia á existencia dun electorado informado, perfectamente capacitado para tomar parte no proceso electoral e para cumprir todos os seus requisitos formais, pero que non se activa politicamente —ou faino soamente de xeito excepcional— para influír nas estructuras de poder. E por iso cómpre subliñar unha vez máis que a inexistencia de partici-

ceso electoral, pero que non se activa politicamente —ou faino soamente de xeito excepcional— para influír nas estructuras de poder.

6. Un partido *antisistema* defínese fundamentalmente por un intento, exercido desde as estructuras formais de representación, de deslexitimar o propio sistema ou a actuación dos partidos esenciais do mesmo. Eis por iso que o concepto de *antisistema* non é equivalente ó de *extrasistema* (que define ós partidos que rexeitan o modelo formal de participación) e admite graos e estratexias diferentes e cambiantes en relación coa estructura de poder establecida. *Vid.* Sartori, G. *Teoría de la democracia.* Alianza Universidad, Madrid, Tomo I, cps. V-VII, 1988.

pación activa, no senso arriba descrito, non implica necesariamente a existencia dunha eiva democrática que impida ou condicione a limpeza formal das convocatorias electorais, senón que fica expresamente referida á falla da cultura política ou da vertebración social necesaria para facer un eficaz uso dos mecanismos de poder dunha democracia representativa avanzada.

Deste xeito podería explicarse o feito xa descrito e cada vez máis frecuente de que a sociedade galega, tan caracterizada historicamente polo seu abstencionismo electoral, amose hoxe unhas tendencias participativas converxentes, e nalgún caso inversas, ás postas de manifesto no conxunto da sociedade española. Un cambio de comportamento máis chamativo, se cabe, polo feito de vir protagonizado polas áreas rurais, tradicionalmente máis abstencionistas. Porque se trata dun xesto disonante co comportamento da sociedade española, no que se evidencia ese modelo descrito de *participación invisible*, consecuencia dunha mobilización inducida desde arriba, máis orientada ó refrendo da vixente estructura do poder institucional que a impulsar unha renovación das elites do poder; e moito más baseada nunha *demolatría*[7] da nacionalidade que nunha auténtica definición e articulación política dos obxectivos colectivos.

Fronte á realidade esencialmente poliárquica[8] e competitiva das democracias avanzadas —vertebradas pola existencia de partidos, organizacións sociais e empresarios políticos que canalizan a participación cívica individual—, e lonxe tamén do que poderiamos considerar como predemocracias —eivadas por unha falla de formalidade democrática ou pola presencia de condicionamentos limitativos do voto libre— a característica máis destacable da participación invisible é o clientelismo. Porque cando o voto non se explicita de xeito efectivo na realidade do poder, cando troca eficacia política por corrección formal, queda reducido na súa virtualidade a un instrumento de intercambio dos cidadáns co poder, unha vía para a relación entre aqueles que demandan servicios dunha Administración que non teñen por "súa", e aqueloutros grupos de poder que sitúan a acción de goberno na fronteira exterior da institucionalidade, cando non da aberta discrecionalidade.

Lonxe de sentirse capacitado para controlar ou condicionar a acción do poder, o cliente político acepta a existencia dunha marcada liña divisoria entre a sociedade e as institucións de goberno, de xeito que todo o

7. O termo *demolatría*, acuñado por Burdeau, fai referencia a unha construcción ideal do pobo que, derivando nun auténtico fetiche, acaba servindo para soslaiar ó pobo real e para exercer unha influente dirección sobre as súas escalas valorativas. É, como di Sartori, unha mística do ideal que adoita derivar exactamente no contrario, nunha mística autoritaria.

8. Dahl, R. A. *Poliarchy. Participation and Opposition.* Yale University Press, New Haven e Londres, 1971. Edic. castelá: *Poliarquía. Participación y oposición.* Tecnos, Madrid, 1989.

seu quefacer político, e moi especialmente a súa actividade electoral, acaba derivando nunha acción propiciatoria fronte ó poder, ben sexa para acadar favores xurdidos dun uso amplamente discrecional dos recursos públicos, ou para soslaiar os controis e os efectos punitivos exercidos polo poder sobre individuos ou colectivos que non lle son afíns ou non contribúen activamente á súa estabilidade. E por iso se produce a forte personalización do poder que constitúe a clave da relación entre votante e votado. Unha relación que se instrumenta de xeito preferente sobre intervencións puntuais e unha programación localista das políticas públicas, que case sempre redunda en detrimento da acción de goberno máis racional e vertebradora. E postos xa nesta tesitura os valores da democracia deixan de ser o cerne da avaliación política, para ser substituídos polo culto á unha presunta eficiencia cifrada no cumprimento das pequenas e concretas promesas electorais coas que adoita furtarse o debate político de entidade e pagarse a fidelidade da clientela política.

Desde a perspectiva das organizacións de partido, o clientelismo provoca tamén unha cartelización progresiva, unha fragmentación e localización dos liderazgos e unha práctica identificación entre o poder institucional e o partidario, uns procesos que, actuando como verdadeiros retroalimentadores do sistema, conseguen inhibir a cultura do control democrático para substituíla por un xogo de representacións de poder muñidas desde as outas instancias do poder institucional. E por iso, dado que o clientelismo xorde do control e xera control, os modelos de participación invisible constitúen un verdadeiro círculo vicioso da democracia, no que fica anulada a competitividade política e se potencian os mecanismos de control político e electoral en mans do poder establecido.

Non habendo un índice obxectivo para medir a estructura clientelar dunha sociedade, o dignóstico desta falla democrática que tanto se deixa sentir en Galicia debe establecerse a partir dalgunhas características externas que afectan ás estructuras de participación e ós comportamentos electorais, entre as que deben subliñarse as seguintes:

a) A perceptible presencia dun partido dominante ou case-dominante, con forte estructura territorial, amplo control institucional e parlamentario e outos niveis de penetración social, que lle permiten soslaiar os controis formais exercidos pola oposición.
b) Un alto grao de confusión entre a política partidaria e a acción institucional impulsada polo partido dominante, que vehiculiza boa parte da súa influencia a través da Administración Pública.
c) Unha coincidencia entre as xerarquías territoriais da organización política dominante e as que controlan a estructura do poder local, que deriva nunha evidente e intencionada confusión entre a acción de partido e a acción de goberno.

d) A existencia de liñas paralelas de xestión que condicionan o *modus operandi* dos particulares e das empresas, mesmo das máis modernizadas, que case sempre ten o seu comezo na organización partidaria para saltar despois, de xeito imperceptible, ós niveis institucionais.

e) Fronte á idea da responsabilidade política, entendida como xeración permanente de confianza, a política clientelar tende a presentar a xestión pública coma unha intermediación diante de poderes ou forzas externas ó propio sistema de representación, nunha táctica que tanto redunda nunha estratéxica elisión da responsabilidade política coma nun afastamento oportunista, entre o votante e os centros de decisión, que potencia a influencia e o papel do intermediario.

f) Malia a súa aparente unidade, propiciada por fortes lideratos, o partido que impulsa e administra unha política clientelar adoita estar escasamente vertebrado, con elites pouco móbiles e renovables, e dotado dunha estructura formalista que sempre deixa translucir os equilibrios do poder territorial.

g) A oferta política de natureza clientelar está baseada fundamentalmente na xestión utilitaria, con escasa apertura ó debate político e ás correntes de actualización ideolóxica, e cunha resposta de goberno dirixida a grupos ou persoas que perciben de forma directa a influencia do poder local do partido.

Deste xeito, asumindo a nosa afirmación coma resultado dunha análise de cultura política, podemos dicir que Galicia constitúe, dentro do contexto político español, un sobranceiro exemplo de política clientelar, estructurado entorno á política dominante do PP e ó seu alto grao de control institucional dos poderes locais, autonómicos e de representación na política do Estado. E xa que logo, a política galega aparece igualmente dominada por unha cultura da participación invisible que —se ben admite diversos graos de asentamento, correspondentes ós diferentes ambitos territorias e ós diversos grupos sociais— amosa un vigor suficiente como para dar forma a un modelo de poder que alimenta sen dificultade os impeitizos derivados deste sistema de mobilización electoral.

4. O CARÁCTER REFLEXO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Posto que todas as decisións organizativas se alcanzan e se executan a través dun proceso político[9], un modelo de poder clientelar coma o que se

9. Child, J. *Organization*. Harper & Row Publishers, Londres, 1984, pp. 42 e ss.

asenta en Galicia acaba xerando estructuras administrativas profundamente invertebradas, nas que poden subliñarse as características seguintes:

a) Tendencia a adaptarse ás formas e ás necesidades da política localista, en detrimento da racionalidade xeral.
b) Forte penetración das organizacións partidarias, tanto nas estructuras formais de decisión como nos cadros técnicos e profesionais da Administración.
c) Alta mobilidade nas esferas directivas, que adoitan conformarse mediante a libre designación.
d) Forte permeabilidade ós controis externos exercidos polos xefes políticos.
e) Creación dun *iter* decisional e de xestión caracterizado polo sacrificio dos valores da igualdade e da racionalidade administrativa, e incluso dos da celeridade e da eficacia, en aras do reforzamento dunha relación electoral de tipo compensatorio entre o poder e os administrados.

Nun contexto político clientelar, a Administración Pública tende a converterse nun instrumento da acción partidaria, dando lugar a unha evidente confusión entre os criterios de eficacia política que impulsan e orientan a actividade dos partidos, e os da racionalidade administrativa, que deberían primar na construcción do modelo de xestión. E deste xeito, no marco da sempre complexa e difícil delimitación entre Administración e política, os intentos de establecer mecanismos obxectivos de control, baseados nas relacións custo/eficacia, na celeridade da tramitación ou na socialización de efectos, acaban case sempre sobardados por unha práctica moi perniciosa consistente en convalidar as lagoas de xestión cos éxitos electorais, dando a entender que non existe unha Administración mellor probada que aquela que prolonga a vontade de acción dun poder político electoralmente refrendado.

E así volvemos a atoparnos co círculo vicioso que alimenta o *voto invisible*, determinado por un amplo grupo de electores que emprega o sufraxio para propiciar certas decisións administrativas —para obter respostas puntuais a problemas individualizados— e por unha Administración *eficientista* e *curtoplacista*, segundo a terminoloxía crítica de Kliksberg[10], que converte o refrendo político-electoral nun instrumento de avaliación obxectiva da súa racionalidade e eficacia. Xa que logo, lonxe de enfrontarse abertamente ás actuais correntes modernizadoras, os modelos de administración clientelar, esencialmente debedores do

10. Kliksberg, B. "La reforma administrativa en América Latina. Una revisión del marco conceptual", en Revista venezolana del desarrollo administrativo, vol. 3, 1983, pp. 35-58.

curto ciclo electoral, atopan unha evidente complicidade na proposta de "transición ó mercado" auspiciada polas correntes neoliberais do *management*, que, na súa idea de definir ó administrado coma un *cliente*, acaban dando por bo todo aquilo que repercute nunha expresa manifestación de satisfacción polos servicios prestados.

Certo que a idea neoliberal de "*transición ó mercado*" non tería os efectos subliñados se estivese enmarcada nun contexto político desenvolvido, no que o cidadán tivese a cultura cívica necesaria para distinguir os criterios da libre elección política daqueloutros que serven para avaliar en termos económicos e sociais os resultados da xestión pública. Pero, metidos como estamos nun contexto de escasa diferenciación entre Administración e política, o criterio de mercado acaba surtindo efectos paradoxais, na medida en que o voto perde, ou ve limitado, o seu carácter de avaliación política e instrumento de acción directa ou indirecta sobre o poder, para derivar nunha forma de motivación propiciatoria das decisións dos axentes do poder que actúan a través da maquinaria administrativa. E por iso resulta perfectamente posible a realización de políticas clientelares con aparencia de total racionalidade administrativa, sempre e cando se manexen con habilidade todos os *déficits de execución*, os *desprazamentos de obxectivos* e as *selectividades involuntarias* que conforman unha parte substancial das políticas públicas[11].

Se, como sucede en Galicia, a invertebración cultural e política aparece potenciada por outros factores de natureza física, económica ou demográfica, a xestión das competencias do ámbito local adoita presentarse baixo o signo da plena identificación e confusión entre os poderes institucionais e a xefatura do partido. E, pola contra, todo o que non pertence ós estrictos ámbitos do poder local sofre unha tensión centralizadora, máis ou menos explícita, que serve para favorecer a xestión clientelar ou o simple negocio de intermediación entre a Administración supraterritorial —autonómica ou estatal— e o representante territorial do correspondente partido. O resultado é unha trama de poder moi acaída á *mobilización electoral* e ó *voto invisible*, potenciados desde as estructuras da Administración local, que favorece e articula unhas políticas partidistas programadas en función das estratexias electorais máis que de modelos racionais de transformación económica e social.

Para comprender este proceso, que se ben non é exclusivo de Galicia amósase nesta Comunidade Autónoma de xeito paradigmático, é necesario ter presente que o control de racionalidade das burocracias non opera soamente de arriba abaixo, segundo estrictos criterios de xerarquía. Ben pola contra, as burocracias modernas atópanse cada vez

11. Mayntz, R. *Sociología de la Administración Pública*. Alianza Editorial. Madrid, 1985, p. 232.

máis influídas pola información recollida nas relacións clientelares —de abaixo cara arriba—, pola influencia dos medios de comunicación, polas crecentes especializacións insertas no proceso burocrático e polas amplas áreas de discrecionalidade manexadas en dirección horizontal[12], o que redunda nun reforzamento externo do papel central exercido polas Administracións na definición de obxectivos e na implementación das políticas públicas.

5. A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL E A SÚA REPERCUSIÓN NAS POLÍTICAS CLIENTELARES

Dada a estreita conexión existente entre Administración e política, ninguén dubida hoxe de que a organización territorial constitúe unha das claves esenciais para a interpretación do modelo de Estado, da concepción do poder e da virtualidade democrática dos mecanismos de lexitimación institucional. E por isto, do mesmo xeito que podemos dicir que a implantación do sistema autonómico supuxo a apertura dun profundo abismo entre o franquismo e a España constitucional e democrática, tamén se podería obxectar que a pervivencia da estructura provincial, e máis concretamente das Deputacións que institucionalizan a súa realidade, supón unha irracional prolongación do Estado centralizado, unha merma notable da autonomía municipal, e unha eiva para o desenvolvemento das Comunidades Autónomas.

Defendidas durante o período constituínte como unha garantía de continuidade dos poderes fácticos do tardofranquismo, e forzadamente insertas no sistema político como un poder intermedio e pouco definido entre a Administración municipal e os poderes autonómico e central, as Deputacións Proviciais constitúen hoxe unha inesgotable fonte de recursos económicos e políticos aplicados á pervivencia de estructuras de poder clientelar, cunha perniciosa influencia nos procesos de modernización política e administrativa que se agudiza notablemente nos casos en que, tal como sucede en Galicia, este modelo político-electoral se produce en coincidencia cun poboamento disperso e cos municipios en permenente crise financeira que, mercede á multiplicación dos custos dos servicios e equipamentos e á súa inadecuada dimensionalización, facilitan os controis electorais instrumentados a través das Administracións[13].

Desde a perspectiva galega, os poderes locais creados no entorno das Deputacións tamén supuxeron un freo para un verdadeiro proceso

12. Subirats, J. *Análisis de políticas públicas y eficacia de la Administración.* MAP, Madrid, 1994, pp. 132-8.

13. Álvarez Corbacho, X. *La agonía del municipalismo gallego.* Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 1995, pp. 33-70.

de comarcalización que puidese servir de instrumento para a ruptura das redes clientelares baseadas na monopolización dos recursos e no control dos servicios e equipamentos supramunicipais[14], ó tempo que pospuxeron a verdadeira reforma racionalizadora da estructura municipal existente e a creación de novas figuras (áreas metropolitanas, comarcas interprovinciais ou similares) adaptadas á nova estructura viaria e ós plans de uso racional do chan. E xa que logo, a pervivencia das Deputacións acabaría favorecendo tamén a creación dunha Administración provincial da Xunta de Galicia, mimética da do Estado, que contribúe de xeito decisivo á desvertebración do sistema e a unha paradoxal centralización de todas as decisións de coordinación.

Tendo en conta, como afirma Jennergren[15], que a descentralización debe constituír unha característica estructural do sistema, que determine o desprazamento do proceso de decisións cara a niveis territoriais e orgánicos inferiores, a presencia dunhas Deputacións concibidas como "fragmentos" autónomos da Administración xeral constitúe unha barreira para o impulso centralizador que debería soportar o que Perrow[16] definiu como o "*paradoxo da descentralización*": unha centralización racionalizadora, previa á descentralización, baseada nunha profunda reestructuración competencial orientada a servir de base para a posterior creación de centros autónomos de decisión.

Nesta liña de revisión xeral da organización —*"centralizes in order to decentralize"*— ha de entenderse a fugaz creación da figura dos *Delegados Xerais da Xunta*, que cosntituían un paso previo para a simplificación da administración provincial herdada do Estado central e para a creación dun órgano con capacidade decisoria efectiva no nivel territorial inferior[17]. Esta reforma debería preceder á redacción dunha *Lei de coordinación das Deputacións* que viría a limitar a función política, competencial e presupostaria destes órganos, en beneficio das Administracións local e a autonómica, e a prol dun maior control do clientelismo estructural da política de Galicia[18]. E por iso se entende que aquel proceso iniciado a principios de 1986, e inmediatamente abortado,

14. Barreiro Rivas, X. L. *Op. cit*, pp. 51-65.

15. Jennergren, L. P. "Descentralization in Organizations", en Nystron, P. C., e Tabruck, W. H. (eds.): *Handbook of Organizational Design*. Vol. 1. *Adapting Organizations to their Environements*. The Free Press, Nova York, 1981, pp. 39-59.

16. Perrow, C. *"The Bureaucratic Paradox: The Efficient Organization Centralizes in order to Decentralize"*, en *Organizational Dynamics* (3-14).

17. Cfr. Decretos 142/1983, de 11 de outubro e 172/1984, de 6 de setembro, derogado este último polo Decreto 5/1987, de 14 de xaneiro (DOGA, 23-01-87).

18. Redactada nun marco político e nunha cultura administrativa moi diferente á que impulsara os decretos 142/1983, de 11 de outubro e 172/1984, de 6 de setembro, a *Lei 8/1989, do 15 de xuño, de coordinación e delimitación das competencias das Deputacións Provinciais de Galicia* resultaría moi pouco acaída ós obxectivos descritos no seu título, ata o punto de ser unha lei case inédita desde a perspectiva da súa aplicación práctica.

coincidise coa crise do Coalición Popular e co triunfo da facción máis achantada no poder territorial das Deputacións. E é que xa daquela estaba deseñada unha estructura confederal do poder *popular* en Galicia, no que se prevía sacrificar unha parte do teórico poder de vertebración e coordinación da Xunta de Galicia para cumprir un papel de cobertura e sostemento das políticas localistas e electoralistas que inspiraban a organización do partido dominante.

Xa que logo, lonxe de ser a exclusiva rémora dunha cultura política atrasada e debedora de corenta anos de dictadura, a instalación e a pervivencia en Galicia do clientelismo electoral e dunha cultura da mobilización política está fortemente apoiada por un modelo político-administrativo especificamente orientado ó control político dun electorado disperso e dunha sociedade invertebrada, en detrimento dos verdadeiros empresarios políticos ós que lles correspondería protagonizar a competencia polo poder e a participación política activa.

6. A ROTURA DO IMPEITIZO: CARA A UN PROCESO DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA E POLÍTICA

Lonxe de ser unha actividade neutral, toda actividade de modernización administrativa ou de cambio político implica un diagnóstico de ruptura dos equilibrios preexistentes entre organización e política, así como unha elección dos instrumentos e dos obxectivos que han de compoñer o novo equilibrio interno dos procesos decisionais e organizativos que conflúen na xestión pública. E por iso, aceptada a inercia institucional e electoral que se deriva da imbricación do poder político coas estructuras administrativas vixentes, a búsqueda de condicións obxectivas para emprender a reforma preséntase en Galicia como algo prioritario e sumamente difícil, tanto se se opta por xerar o cambio a partir das estructuras políticas como se se decide afrontalo desde a perspectiva máis técnica da modernización administrativa.

En primeiro lugar, no caso de optar por un cambio político que repercuta despois na transformación do modelo administrativo, haberían de cumprirse alomenos catro condicións básicas:

a) A definición dunha estratexia de intervención adecuada.

b) A existencia dunha coalición dominante capaz de asumir a necesidade dunha nova cultura política.

c) A capacidade para afrontar cambios organizativos na estructura dos partidos, con independencia dos efectos que puidesen ter sobre os equilibrios internos e externos.

d) A definición dunha estratexia selectiva de obxectivos suficientes para producir o cambio e para evitar a babelización do sistema.

E en segundo lugar, caso de optar por un proceso de modernización administrativa suficiente para desencadear cambios políticos estructurais deberían de cubrirse as seguintes etapas:

a) Definición dunha estratexia de intervención coherente.
b) Elección selectiva de puntos de intervención susceptibles de gradualización executiva[19].
c) Selección dos instrumentos do cambio que excedan o ámbito normativo, ata conformar unha estratexia flexible que implique os cambios tecnolóxicos, a xestión de recursos humanos, a racionalización de procesos e dos métodos de traballo, e todo aquilo que poida diversificar os impulsos modernizadores e contrarrestar as inercias organizativas[20].
d) Socialización da reforma —que tamén se pode enunciar como un compromiso dos destinatarios e dos executores dos cambios co proceso de reforma[21]—, e substitución das elites do poder territorial por outras máis capacitadas para actuar no novo contexto.
e) Mantemento da coalición política que impulsa e sustenta o cambio.
f) Proxección dos cambios administrativos sobre a cultura política e as organizacións do poder[22].

Xa que logo, unha simple e somera análise das condicións de cambio lévanos á conclusión de que, vistas as diferencias que existen entre a lóxica da administración moderna e a lóxica das estructuras políticas que operan en Galicia, o compromiso político de modernización nunca poderá superar o inmobilismo que Kaufman describiu coma unha inercia que impulsa as organizacións a facer e proxectar a medio prazo o mesmo que sempre fixeron[23]. Unha inercia administrativa e política que se amosa paradoxalmente no *Decreto 186/1990, de 1 de marzo, de creación da Comisión de Racionalización Administrativa e de Revisión da Normativa Legal*, que, a pesar de sinalar o punto *a quo* da moderniza-

19. Kliksberg, B. *Gerencia pública en tiempos de incertidumbre.* Madrid, INAP, 1989, pp. 40 e ss.
20. Para un resumo clasificado e comparado de estratexias flexibles de modernización, *vid.* Thoenig, J. C. *La Modernisation de la Fonction Publique dans les États Membres de la Communauté Européenne.* Mäastrich, Institut Européenne d'Administration Publique, 1988.
21. Caiden, G. E. *Administrative Reform Comes of Age.* Berlín, Walter de Gruyter, 1991.
22. *Ibidem.*
23. Kaufman, H. *The Limits of Organizational Change.* University of Alabama Press, Alabama, 1991.

ción formal, abeira, segundo a nosa análise, todos os aspectos fundamentais do cambio administrativo:

a) Porque o emprego do termo *racionalización*, que se prefire ó máis universal e acaído concepto de modernización, amosa unha atención preferente ós aspectos técnicos da xestión, mentres se abeiran os aspectos políticos e estructurais do programa de cambio.
b) Porque toda racionalización, pola súa propia natureza, aparece moi limitada ós ámbitos internos da propia Administración (simplificación de trámites e racionalización de procedementos), mentres se esquece o cambio da cultura administrativa —tanto do persoal funcionario coma dos cidadáns demandantes de servicios— e as novas claves de lexitimación que orientan a xestión pública moderna.
c) Porque case todo queda fiado a un discurso notablemente *eficientista* e *curtoplacista*, sen analizar o verdadeiro alcance dos cambios xurídicos e dos seus efectos sobre o sistema de garantías e de igualdade Administrativa que definían o vello paradigma de xestión.
d) Porque se transloce unha evidente confusión entre os efectos derivados dos cambios ofimáticos e aqueloutros que obedecen á introducción dun novo paradigma de xestión.
e) Porque se lle dá toda a iniciativa e o impulso de cambio á propia Administración, esquecendo a formación das amplas coalicións necesarias para garantir a continuidade e a estabilidade do proceso.
f) Porque a constitución das numerosas e intricadas comisións de racionalización pon de manifesto o vicio esencial da reforma administrativa: multiplicar os órganos de coordinación, duplicar vías de actuación, reformar algo para que nada cambie, e converter a Administración en centro e axente da súa propia actividade modernizadora.

Preso deste peculiar discurso racionalizador, o proceso modernizador da Administración galega veuse reducido a tres liñas de acción: 1) a regularización da función pública; 2) a revisión parcial dos procedementos administrativos; e 3) a actualización do proceso informático[24]. Sin embargo, lonxe de aumentar a profesionalización da Administración e de crear inventivos para a eficacia e a reciclaxe de funcionarios, a política de persoal acabou asimilada a unha escura xestión de cadros, máis acaída ó vello concepto de Administración que ó moderno discur-

24. Bouzada Romero, J. *"A reforma administrativa autonómica de Galicia"*, en Rodríguez-Arana Muñoz, J. (Coord.). *Reforma Administrativa.* EGAP, Santiago de Compostela, 1993, p. 92.

so do *management*. Tamén os programas de actualización informática limitaron os seus efectos á modernización ofimática, sen lograr unha alteración da filosofía xestora nin a desexada apertura informativa e axilidade resolutoria. O mesmo que se podería dicir da reforma procedemental derivada da revisión da normativa legal que, pese a levarse a efecto no marco dunha ampla revisión do procedemento administrativo xeral, deixou sen resolver os grandes problemas derivados do sistema de garantías xurídicas que caracterizaba ó vello paradigma administrativo. E de aí que caiba concluír e subliñar que a arelada modernización das estructuras sociais e políticas de Galicia, clave para a ruptura das inercias clientelares que lastran o exercicio da competencia política, non vai chegar a través dunha decisión interna forxada nas estructuras do poder ou da Administración, senón dun impulso externo, vencellado ós cambios sociais e económicos que caracterizan o espacio Administrativo da Unión Europea, e que se vai instrumentar a través das modificacións estructurais impulsadas polo crecente desequilibrio existente entre as necesidades reais dos particulares e das empresas e a cada vez máis deficiente capacidade de satisfacción amosada polas Administracións públicas de Galicia.

7. CLAVES PARA UNHA ESTRATEXIA DE CAMBIO

Froito dun contexto social e económico cecais máis normalizado que os comportamentos electorais e políticos, o crecente desfase que se aprecia entre a oferta política e administrativa e as demandas da sociedade galega está favorecendo unha serie de cambios puntuais que tenden a afrouxar as ríxidas estructuras do poder clientelar, ata provocar unha demanda de modernización que xorde de abaixo cara arriba e que afecta non soamente á xestión das políticas públicas, senón tamén á organización territorial da Administración, á renovación das elites, á estructura dos poderes políticos e ó proceso de lexitimación electoral.

Seguindo pautas analíticas moi semellantes ás utilizadas por G. Tullock, resulta posible apreciar que a connivencia entre o poder político clientelar e as burocracias que determinan a súa eficacia está provocando unha actuación disfuncional das Administracións territorias, que, ademais de repercutir negativamente nos intereses dos propios burócratas, amosa tamén unha notable incapacidade do sector público para definir políticas globais consideradas de interese xeral, unha crecente demanda cidadá de modelos de xestión baseados no mercado, e unha esixencia de autonomía decisoria dos poderes locais que fragmenta e debilita as liñas da política clientelar. E de aí que poida colixirse, non soamente unha posición cada vez máis crítica da sociedade galega

fronte a unha administración intervencionista e controladora que amolece a competitividade esencial das sociedades democráticas avanzadas, senón tamén unha correlativa demanda dunha Administración Pública máis eficaz, así coma dunha xestión menos vulnerable ás análises económicas da política, da burocracia e da democracia.

As necesidades de competir —cada vez máis sentidas por empresas e particulares, e referidas ós obxectivos que lle son propios e naturais— atópanse radicalmente enfrontadas cun modelo de comportamento dos poderes públicos que altera as condicións obxectivas do mercado e da competencia social e política en beneficio das actitudes clientelares. E por iso se explica que a crecente introducción dos criterios de mercado na relación entre os particulares e as empresas coa Administración acabe impulsando unha modernización Administrativa que tende a desposuír ó poder do seu máis preciado e eficiente instrumento de control social e de reparto desigual e discrecional dos beneficios da actuación pública.

Xa que logo, pode concluírse que a estratexia máis eficaz e acaída para impulsar a reforma política e Administrativa de Galicia consiste en reforzar os intrumentos da competitividade social, favorecer a publicidade dos sitemas de relación dos particulares coa Administración e introducir na cultura política e na opinión pública os criterios de análise económico da democracia.

Sen embargo debemos ser conscientes de que esta fórmula, netamente emparentada coas teorías da *public choice* descritas por Mueller e impulsadas por Tullock e Buchanam, haberá de desenvolverse en contra dos intereses directos dos partidos e das elites políticas dominantes, e ó socaire de reformas sociais e de mercado que, provenientes do modelo imperante na UE, conforman necesariamente a cultura e as pautas de actuación das máis destacadas empresas e colectivos sociais afincados en Galicia. E por iso debemos colixir que, carente do impulso político xerado desde unha coalición dominante, o éxito das reformas políticas e administrativas iniciadas en Galicia depende da capacidade que amosen as empresas privadas e os colectivos sociais para manter unha presión permanente e de dirección estable sobre os centros decisorios da Administración, en orde a esixir e facilitar a xeración de respostas eficaces e selectivas ás demandas dunha sociedade que está obrigada a acadar estándares de competitividade e de xestión pública e privada acordes ós do seu entorno europeo.

E nesta xeira cabe interpretar que hai tres sectores estratéxicos esenciais de modernización: os *medios de comunicación*, o *sector financeiro* e as *grandes empresas* de capital galego que posúen amplos mercados fóra da Comunidade Autónoma.

a. *Os medios de comunicación social*

Referímonos en primeiro lugar ós medios de comunicación porque posúen a capacidade de acelerar o proceso de creación dunha nova cultura política, e porque sobre eles non actúa o poder político en exclusiva, senón tamén as forzas económicas e empresariais, de signo esencialmente plural, que determinan o seu específico mercado. Certo que, nunha sociedade clientelar e pouco competitiva, os medios de comunicación tamén poden quedar total ou parcialmente apreixados polos mecanismos de control exercidos desde o poder. Pero tamén é verdade que a súa peculiar situación, dacabalo entre as influencias institucionais e un público indeterminado que reflicte a súa composición plural, propicia a existencia de inevitables fisuras nos aparellos de control, que facilitan, e mesmo potencian, a existencia dunhas relacións de mercado cada vez máis transparentes entre a Administración e os administrados.

Máis que dunha pluralidade ideolóxica establecida *a priori*, a sociedade democrática depende da existencia dunha estructura polinuclear das empresas de información, xa que, na medida en que existan eixes dunha rede polinuclear de decisións empresariais sempre acaba servindo á pluralidade axiolóxica e o pluralismo político propio das sociedades abertas.

b. *Os circuítos financeiros*

Dicimos tamén circuítos financeiros porque estes aparecen intrinsecamente vencellados ós criterios de rendibilidade e de viabilidade do mercado xeral, sen que poidan aturar prolongadas suxeicións ás estratexias do poder local, e sen que sexa posible soster artificialmente unha avaliación intervida e condicionada polos intereses das elites locais.

Se noutro tempo foi posible a influencia e acomodación mutua entre os intereses financeiros e as pautas de control exercidas polo poder local ou rexional, ou se mesmo se puido alentar unha estratexia empresarial baseada na coalición de intereses cos poderes políticos locais, tanto a crecente globalización da economía coma os controis exercidos polos órganos comunitarios están impedindo o pregamento dos poderes financieiros ás estratexias locais ou rexionais dos poderes políticos, ata o punto de converter a competitividade dos capitais nun impulso esencial do cambio Administrativo e da cultura democrática.

c. *As grandes empresas e grupos empresariais*

E falamos, finalmente, das empresas con mercados exteriores, porque son as primeiras que poden gañar independencia fronte ós excesos da política clientelar, porque están obrigadas a adoptar estratexias compatibles con outros poderes diferentes, e porque mesmo lles resulta im-

prescindible a xeración dun marco de competencia social e económica que ha de ter o seu reflexo necesario nunha correlativa competencia dos empresarios políticos. Fronte á idea de establecer connivencias beneficiosas entre o poder e as empresas, que definiu o modelo proteccionista do tardofranquismo e da nacente democracia, as empresas de hoxe, especialmente as máis abertas e dinámicas, precisan condicións económicas e políticas para competir, e un poder que, renunciando a controlar todos os elementos que integran o poder social, evite toda tentación de modificar directa ou indirectamente as condicións operativas dos mercados de bens ou de servicios e dos mercados financeiros.

8. A XEITO DE CONCLUSIÓN

O que de verdade se precisa en Galicia é unha ampla acción modernizadora que favoreza a distinción entre Administración e poder, que ceibe as dependencias xeradas na xestión dos recursos e dos equipamentos, e que abra o camiño para unha verdadeira competencia política exercida desde as estructuras sociais, a prol do control do poder ou do condicionamento das súas actuacións. E, se ben pode dicirse que esa necesidade xa se facía sentir hai tempo, a novidade de hoxe consiste en que a modernización deixou de ser unha opción estratéxica das forzas económicas, para converterse nunha condición esencial da viabilidade das empresas, ás que xa non pode resultarlles neutra a presencia de modelos políticos clientelares.

Este obxectivo, sen embargo, contradise coa decisión dos grupos políticos que dominan a actual situación, e que mesmo parecen cada vez máis conscientes da imperiosa necesidade que teñen de reforzar os mecanismos clientelares existentes. E por iso, intuíndo unha inminente agudización da contradicción entre clientelismo e modernidade, cómpre facerse estas esenciais preguntas: ¿onde resultará máis doada —nos eidos da Administración ou da política— unha estratexia orientada ó cambio social e á ruptura do control clientelar? ¿Pode iniciarse unha vía de modernización administrativa —organización territorial incluída— que actúe abertamente en contra dos intereses do poder político actual? ¿Ata que punto se pode progresar na liña da modernización económica e social sen operar un cambio profundo nas estructuras Administrativas e no sistema de participación electoral? E, se ha de operarse este dobre cambio, ¿ata que punto é posible facer do comportamento electoral unha panca de cambio administrativo e político?

A resposta abócanos ó estudio dun problema de cultura política e de xestión pública que pode determinar a transformación efectiva do poder político galego. Unha transformación que, por operarse en con-

tra das inercias do poder, deberá xerarse e impulsarse de abaixo cara arriba, desde a sociedade cara ó poder, nunha coalición conxuntural dos sectores sociais e económicos máis dinámicos —incluído o da comunicación— coas estratexias de modernización e competitividade xeradas pola Unión Europea. E así se fará, sen dúbida, sen que se contemplen máis incognitas que as referidas á nosa capacidade para conectar de grao coas correntes modernizadoras da globalización, ou a posible e teimuda espera por vernos arrastrados á forza polos seus inexorables efectos.

X. L. B. R.



Tradición e modernidade da parroquia e da comarca na Galicia actual

Pablo González Mariñas

Claude Lévi-Strauss ten relatado maxistralmente a reacción dos distintos pobos no momento en que se ven abocados a decidir se desbotan as cousas "vellas" ou tentan conservalas, dándolles algunha utilidade. Ó parecer, nalgúns países de América, as cestas ou queipas de vimbio, por exemplo, son consideradas obxectos moi sensibles. Cando van esfareladas polo uso, deberían volver sen máis á terra de onde viñeron. Sen embargo, os indíxenas reparan de facelo: os cesteiros vellos inspíranlles respecto, pola dignidade que posúen tras vir moito tempo intimamente vencellados á persoa que os utilizaba. Os xaponeses en cambio, polo visto, verían nos obxectos abandonados algo así como espíritos sobrenaturais perigosos, que convén queimar, tracexando unha fronteira entre onte e hoxe, e entre hoxe e mañá.

Falar de tradición e modernidade da parroquia e da comarca na Galicia actual sitúanos, se queremos facelo en términos de reflexión e decisión política, na tesitura de adoptar un punto de partida mental acerca das nosas típicas e tradicionais formas de organización da vida colectiva. Hai quen o fai desde o devandito talante nipón. Eu, pola contra, prefiro partir dunha premisa respectuosa con algo que entendo segue aínda vencellado intimamente á vida de milleiros de galegos e que non está morto en funcionalidade útil e mesmo democrática.

Non é o momento, nin me sinto quen, de determinar en qué grao parroquia e comarca, á parte do que diga o Estatuto, se integran hoxe en día nese "núcleo esencial" da nosa forma de vivir e organizarnos administrativamente. De certo estamos nun momento de *impasse*. Pero é certo tamén que pivotan sobre nós un par de séculos de agresións políticas e lexislativas á nosa tradicional parroquia e á nosa arelada comarca que, sen embargo, non foron quen de apagar en moitos o desexo

de preservarmos fronte ó ataque igualitarista e uniformista que supón esborrallar para sempre do mapa tan propias institucións.

Por iso cómpre reflexionar con sentido común e sen prexuízos sobre qué debemos facer con tales "institucións": ¿desbotalas por antigas e inútiles ou aproveitalas, combinando axeitadamente tradición e funcionalidade?

É certo que tradición e modernidade constitúen desde sempre un binomio de términos enfrontados como contrapostos: o antigo e o novidoso en pugna, nun entendemento hegeliano da realización secuencial do progreso. Así aparece en tantos e tantos pensadores que ás veces defenden "medulianamente" o tradicional e, outras, en troques, avogan por facer táboa rasa do pasado.

Tal conducta mental pasa pola aceptación previa de dúas sinonimias: o tradicional, o vedraño igual a primitivo, pouco evolucionado, triste e, como tal, rexeitable sen máis; o moderno igual a algo aberto, progresivo, alegre e, como tal, desexable. Sen embargo, a asunción apodíctica de tal premisa mental pode conducir a resultados inaceptables, porque non sempre a Historia se conduce por vierios tan directos de progreso continuo. O tempo, e máis o tempo non subxectivo, senón o tempo obxectivo (histórico) mestura admirablemente valores do pasado e do futuro. Non vai a Alcalá, como dicía o Buscón, polo camiño recto, senón polo camiño "circunflexo", e a Historia está chea de avances e retrocesos que desacreditan aquela automática asimilación. ¿Por que, entón, o "tradicional" non pode chegar a ser "moderno" nas reviravoltas da Historia?, ¿por que, entón, o noso desacougo ó non saber protexernos de certas modernidades que parecen saídas do home primitivo? Todo é cuestión dos valores que se prioricen. Só eles dictarán en cada momento qué vale máis, á ónde hai que encamiñar as cousas, por riba de convencionais e simples sinonimias.

O relativismo da *tradición* xa foi apuntado por Goethe, mesmo a manipulación íntima que dela facemos: "o ausente —di— tamén incide sobre nós mediante a tradición, a forma habitual da cal ten de chamarse histórica. Unha forma superior, afín á imaxinación, será mítica. Se detrás desta se busca ademais unha terceira, un significado calquera, transformarase en mística. E tamén se volverá doadamente sentimental, de xeito que tan só nos apropiaremos do que nos resulte agradable". Pola súa parte, o *moderno* está, e non fai falta insistir nisto, sometido a un vertixinoso relativismo e cambio: as modas sucédense e substitúense sen cesar, aínda que periodicamente volven e se imitan.

Tradición e modernidade son así conceptos relativos, porque están ligados, más que calquera outro, ó tempo. En realidade son o tempo mesmo psicolóxico dos homes, o nacido da nosa valoración e interpretación.

E de tal relativismo nace a súa imposible "conxelación" conceptual atemporal: non significan sempre o mesmo e propenden á multivocidade.

Se isto, como creo, é así no ámbito da intimidade persoal e de relación próxima, aínda o é máis nas cuestións públicas, de relación e organización colectiva, nas que a suma de vontades individuais mal permite o dogmatismo dos conceptos e menos das técnicas. Escribiu Marías que "as voces que se refiren a asuntos humanos, e sobre todo históricos, políticos, sociais, nunca son univocas". E desde logo, na Galicia de hoxe, os nosos conceptos en cuestión non evocan a todos o mesmo.

Parece certo que no eido do político unha formulación tan belicosa entre tradición e modernidade resulta inconveniente por moitas razóns. A política é unha arte (ás veces, por desgracia, mera artesanía) do posible e só tendencialmente do, en abstracto, xusto e verdadeiro. Por iso xogar aquí tan xeometricamente cos conceptos non conduce senón a ningures. Non é por iso estraño que os políticos máis razoables adoiten solucionar aquela dilemática contraposición entre tradición e modernidade acudindo ó punto medio agustiniano: "convén modernizar sen destruír". Dicía Azorín que o político non debía imitar o protagonista do poema de Gonzalo de Berceo que "era de todas guisas ome revolvedor". Engadía: "no quiera renovarlo y revolucionarlo todo, las cosas se han ido formando lentamente; se han formado lentamente hábitos, costumbres, preocupaciones; muchas veces la justicia abstracta, de los libros, se halla en pugna con sentimientos y derechos que es preciso respetar".

Estou disposto a aceptar, en principio, tan prudente premisa, e non por medo senón por practicidade e sentido común. E aceptalo tamén no tema do que estou a falar: tradición e modernidade da parroquia e da comarca como pezas básicas da organización político-territorial de Galicia.

Unha dose de prudencia é necesaria, porque nas grandes decisións políticas desta materia involúcranse cuestións de enorme transcendencia para as persoas e os pobos, algunhas ligadas á propia identidade e maneira de ser individual e colectiva e todas á racional e sensata organización da convivencia.

Convén tamén o punto medio porque a política que se aferrase ós significantes convencionais das palabras sería unha contradicción nos seus propios términos. Sería como a pintura sen lenzos ou a escultura sen estatuas: carecería dunha real traducción práctica da acción, constituiría mera palabrería oca e un engano monumental.

A estructura, a organización administrativa da convivencia debe formularse ceibados de convencionalismos e mirando ó presente, que non se está aquí a xogar con miudeces: non cómpren nin estructuras obsoletas ou románticas nin "audacias" igualitarias presuntamente modernas.

Hai que salientar tamén esta perspectiva, porque a política, agás nalgún "orto revolucionario", nunca é anxélica. Xoga, pola contra, moitas veces de forma táctica, instrumentaliza os términos e os conceptos para, enxalzándoos ou desacreditándoos segundo os casos, exercer accións de imposición. E moito disto ocorre no asunto que nos ocupa. Nel poderiamos afirmar que a tradición se transforma en mítica e mesmo, ás veces, en mística. E isto tanto por parte dos defensores como dos contradictores. Os primeiros, sobre todo no noso galeguismo histórico, mitifican a parroquia como símbolo permanente da identidade nacional, que se vencella así inconvenientemente á vida da aldea. Os segundos, pola súa parte, usan tacticamente tal estereotipo para xustificar calquera acción, regulación normativa ou preterición do tema demoledora e aprioristicamente deseñada. Non é casual e moito menos inocuo que hoxe en día se fale a cotío das nosas parroquias e comarcas como vestixios do pasado, como entidades "obsoletas e inútiles" fronte ós "modernos" Concellos e Deputacións provinciais. Non son arcanxélicas, senón interesadas e guiadas tales afirmacións. Como tampouco é gratuíto que a recente Lei de Réxime Local de Galicia postergue a regulación das parroquias rurais e condene ás comarcas ó ostracismo como entes locais, asumindo a máis reaccionaria doutrina do Tribunal Constitucional. Como no "triangle troublant" de Maurice Overbeke: "tradition, traduction, trahison".

A organización territorial administrativa non é un tema superfluo nin unha superestructura formal abstracta que non nos afecte. Pola contra, determina a nosa vida cotiá, o noso comportamento. E condiciona, como é obvio, a manifestación da nosa vontade nas decisións colectivas. Non é o mesmo decidir politicamente as nosas cousas nunha entidade parroquial, urbana ou rural, ou nunha entidade comarcal, tras previamente elixilas de forma democrática, que facelo noutros ámbitos, municipal, provincial ou autonómico, máis afastados de nós, e algún deles, nin sequera lexitimado por elección popular directa, senón practicamente por cooptación (elección de "segundo grao", dise). Como non é o mesmo vivir e participar nun concello, rural ou urbano, artellado en circunscricións menores, propicias á activa intervención democrática dos veciños, que facelo nun concello amorfo que non responda á verdadeira estructura poboacional interna de asentamento. Como non é o mesmo vivir e participar en entidades comarcais que respondan á tradicional pertenza e mesmo fluxos económicos e sociais que facelo indirectamente nunhas estrañas corporacions, chamadas Deputacións provinciais, que ninguén elixe directamente e que suplantan a intermediación comarcal natural e propia de Galicia.

Pero, á marxe de que a decisión, como máis que permitir manda o noso Estatuto, debería ser de libre decisión democrática, o que non resulta de recibo, polo que dicía en principio, é que a isto se lle aplique

o binomio tradición-modernidade. Desde tales parámetros, chamaríase "moderno" ó afastado dos centros de convivencia e de participación directa e alcumaríase de ruinosas ou decadentes a outras formas de organizar as cousas e resolver os problemas, xustamente as formas que caracterizaron a Galicia desde sempre.

¿Por que o un é moderno e o outro é desfeito do pasado? Iso xa non se explica. Alúdese xustificativamente ó ruralismo, ó despoboamento das parroquias, ó exceso de niveis administrativos, ó localismo, á fragmentación, á superposición inconveniente de competencias... Non hai nunca outra reflexión nin outro alento, só o unidireccional propósito de acabar co propio sen máis comedimento.

Repárese que, nesta actitude, pártese sempre de que as entidades locais propias do Estado (provincias, municipios e entidades locais menores) son intocables. E como xa están establecidas e configuran os diversos niveis de Administración, as que sobran son as parroquias e as comarcas. Se as implantasemos, alterariamos a orde establecida. E contra isto pouco pode o mandato estatutario. Con frecuencia enténdese como pecado capital actuar por substitución ou, cando menos, reflexionar se o que sobra son as provincias e as entidades locais menores que, por certo, a recente Lei de Administración Local de Galicia quere potenciar cando case non existen estas no noso territorio. ¿E non serían as parroquias as autóctonas e xa reais entidades locais menores de Galicia? *¡Vade retro!:* "as parroquias son un anacronismo e multiplicarían innecesariamente os niveis de administración".

Tal restra de contradicciónns tan só se pode explicar como suicidio consciente e querido do propio, como renuncia ou rendición ó ídolo da falsa modernidade uniformista.

Namentres, a regulación global da nosa organización político territorial demórase *sine die* e agárdase raposeiramente a que o tempo cumpra a súa tarefa de "desforestación" do noso. Ninguén quere falar do despoboamento en masa da Galicia interior, da decadencia das nosas vilas tradicionais que aínda artellan o que queda de país, decadencia que se evitaría cunha axeitada comarcalización personalizada xuridicamente. E ninguén quere analizar a posible funcionalidade da parroquia. Resulta preferible alcumala de anacrónica e "ruralista" que estudiar o exemplo portugués das "freguesías", non só non desbotadas no país irmán, senón utilizadas no ámbito urbano, para vitalizar en democracia os Concellos e mesmo artellar administrativamente cidades como Porto ou Lisboa, que cobexan, e ben "urbanamente", máis poboación e máis cidade que toda Galicia xunta.

No fondo latexa un modelo de país despersonalizado, mimético de uniformizantes sistemas, namorado estupidamente dunha Galicia-corre-

dor desde Ribadeo a Tui, seguindo a autoestrada e acumulando "economías de escala", mentres o resto queda a barbeito ou eucalipto. Xa se ve a onde pode conducir o político uso táctico e nada inocuo dos términos e os conceptos.

Se se tivese todo isto presente, resultaría fácil substituír a insincera tensión tradición-modernidade neste eido por unha dialéctica intelixente, creativa e "funcionalizadora" das institucións locais propias. ¿Por que, considerando os factores de identidade tradicional, non axustar a organización ás esixencias actuais, con sentido práctico e sen lerias de tabús, de covardías políticas, de mímeses do alleo e de medias verdades?

Alcumar a parroquia e comarca de antigallas dunha acabada e inútil tradición é cousa interesada e débil. Non hai pureza "tradicional ou moderna" na organización administrativa, xa que esta debe estar inzada de funcionalidade e practicidade. Nin o que se nos vén enriba é mais moderno ni o que aquí se propón constitúe factor retardatario ningún de progreso administrativo, económico e democrático do noso país. Tradición —tense escrito— significa "memoria da comunidade, vida comunitaria que vén de antigo, que chega a nós para contribuír, co que nos trae, no que somos, que nos facemos parte de nós mesmos, co que constituímos o presente, onde se concibe o futuro, e que transmitimos ós que veñen detrás..." (Pérez de Laborda). Non se trata, xa que logo, de acumular pasado nin de caer nun descanso histórico romántico.

A Historia é a gran disciplina da hora. José Luis Meilán ten escrito que a concepción estatutaria da comarca e da parroquia non apunta a un trasnoitado e romántico pasado senón á mellor modernidade. A posibilidade de configuración da comarca como municipio composto (recórdese o artigo 40.1) conecta con formulacións moi actuais en Europa. A personalización da parroquia rural permite tamén solucións realistas a problemas non obsoletos senón de hoxe en día, ligados á titularidade e prestación de numerosos servicios. E é modernidade tamén, e da máis democrática, a contribución que a parroquia rural pode traer consigo como vía de superación das nefastas consecuencias políticas historicamente derivadas "do desaxuste entre as institucións intermedias e as Comunidades galegas de base", entre elas o condicionamento de actitudes dos nosos paisanos, que, como se ten dito (Teixeiro Piñeiro), chegaron a converter a "indiferencia e a pasividade na súa defensa diante dunha Administración allea".

Hai, xa que logo, base máis que dabondo para un axeitado anovamento da traidición ás esixencias actuais, esquecendo lerias, falsas contraposicións e interesados alcumes descualificantes. O caso é querer facelo.

P. G. M.

O sistema electoral español en Galicia: as eleccións autonómicas

Álvaro Xosé López Mira

1. REFLEXIÓNS INICIAIS

O título deste artigo é dunha obviedade sobre a que, ás veces, non se medita o suficiente. O vixente modelo electoral español, validado polas distintas forzas políticas que ocuparon sucesivamente o poder, é un froito directísimo dos pactos da controlada transición política. A totalidade dos contidos básicos da vixente Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral procede da Lei para a Reforma Política e do Decreto-Lei 20/1977, do 18 de marzo, sobre normas electorais, ambos os dous textos non só pre-constitucionais senón tamén pre-democráticos.

En semellante sentido, despois de cinco convocatorias para que os galegos elixamos os nosos representantes autonómicos, cómpre non esquecer que se o sistema electoral galego é igual ó español (para o Congreso) non é porque o impoñan as leis estatais. En aspectos medulares do mesmo (os máis criticados polos estudiosos) podería ser completamente diferente se así o decidise a maioría do noso Parlamento autóctono. En concreto, a fórmula proporcional a empregar non ten por qué ser a inventada polo señor Hondt; a forma de emisión de voto non tería por qué ser de listas pechadas e bloqueadas, podería selo de listas desbloqueadas e incluso abertas; a cláusula de barreira para acceder a escano (o famoso 5 por cento) non ten por qué existir; podería eludirse a representación mínima provincial (10 deputados) que tanto afecta á proporcionalidade. Amais, retocando o Estatuto, cabería aumentar a cifra de deputados no Parlamento galego e, neste suposto, ata mantendo a devandita representación mínima, propiciar a proporcionalidade que quere o Estatuto de Autonomía; e, desde logo, facer

desaparecer a circunscrición provincial que afecta á propia —sacrosanta— igualdade de voto[1].

Pero non. A lexislación galega copia a española e, xa que logo, reproduce os seus defectos. Non se aproveitou a liberdade dispositiva que, neste eido, permitían a Constitución e a lexislación estatal e —o que aínda nos parece máis grave— ninguén parece estar interesado en que o sistema cambie; polo menos ningún dos que o poden cambiar, é dicir, precisamente os representantes elixidos mediante o mesmo.

A este respecto, se en anteriores ocasións tiñamos afirmado que a principal característica do sistema electoral galego era a mímese co español, hoxe pensamos que, en realidade, non existe un sistema electoral galego como tal, senón unha mera aplicación do español para as eleccións ó Parlamento autonómico. E se isto acontece coas eleccións idiosincráticas da nacionalidade histórica, ¿que dicir das outras que se celebran no noso territorio e con protagonismo dos nosos electores?: as das Cortes Xerais, españolas por definición; as europeas, nas que Galicia nin existe como circunscrición nin os electores galegos como tales; ou as locais, nas que se ignoran todas as peculiaridades da organización territorial galega (comarcas ou parroquias), homoxéneas en todo o Estado e a todos os niveis. A xustificación do título non necesita máis argumentos.

2. REFLEXIÓNS INTERMEDIAS

As devanditas afirmacións poderían fundamentarse máis longamente, pero tamén complexizarse recorrendo á técnica xurídica, mais non é o noso propósito neste contexto[2]. Certo é que un dos elementos claves para que un sistema electoral opere de maneira efectiva é o da súa claridade e sinxeleza, pero isto non pode servir como argumento de peso para que a Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia imite a lei estatal, e menos para que considere como necios os electores galegos, como parece facer a exposición de motivos da mesma cando se autoxustifica sinalando que a homoxeneidade nos procesos electorais "vai en beneficio das forzas políticas que concorren ás eleccións[3] e, loxicamente, dos propios electores, que precisan normas claras e facilmente comprensibles". Sen embargo, isto non se require para o arcano e escasamente

1. Sabido é cómo nos distritos de Ourense e Lugo o custo dun deputado é moito menor que na Coruña ou Pontevedra; o triple da poboación de Pontevedra con respecto a Lugo unicamente lle outorga 22 deputados no Parlamento galego fronte ós 15 de Lugo.

2. *Vid.* López Mira, Álvaro X. *Territorio e democracia. Un modelo de participación democrática para Galicia, nacionalidade histórica.* Ediciós do Castro, Sada, 1986.

3. Pénsese no dobre sentido que encerran estas verbas.

democrático procedemento de elección de deputados provinciais[4], difícil de entender sen bastantes horas previas de estudio e meditación; pregúntense os lectores como exercicio se saben cómo se elixen os membros de cadansúa Deputación provincial: ¿cal é a circunscrición? ¿cantos deputados corresponden a cada unha delas? ¿cal é a fórmula electoral? ¿como son as listas e a forma de emisión de voto?

De calquera forma, retornando á medular do sistema para as eleccións autonómicas, coñecidos son os seus efectos perversos, destacadamente o dominio das cúpulas dos partidos na confección das listas e a desvirtuación da proporcionalidade que consegue a combinación da fórmula de Hondt coa circunscrición provincial. Pois ben, se en 1989, 50.000 votos menos que as restantes forzas do arco parlamentario outorgaron unha maioría absoluta, punto de partida de sucesivas maiorías que se afortalaron co cambio dun único elemento do sistema, o incremento da cláusula de barreira do 3 ó 5 por cento para tentar favorecer ó máximo á forza política máis votada. Pois ben, diciamos, con esta base cómpre apuntar varias consideracións:

1. En primeiro lugar, resulta lexítimo que todos os gobernos democráticos do mundo aspiren a perpetuarse no poder, e un dos elementos que poden axudar a conseguilo é a utilización do sistema electoral apropiado. De calquera forma, sempre será preciso o apoio dos electores, esta é unha verdade de pé de banco[5], e os electorados non son perpetuamente estables; lémbrese cómo os principais elementos do sistema galego foron impostos pola Unión de Centro Democrático, o que non lle serviu para evitar a súa debacle política, iniciada xustamente nas eleccións autonómicas galegas de 1981, e posterior desaparición.

2. Galicia non constitúe unha excepción na súa imitación do sistema electoral español nas principais compoñentes electorais de competencia autonómica (deseño de circunscricións, forma de emisión do voto, fórmula electoral, cláusula de barreira, etc.). As outras nacionalidades históricas (e a totalidade das Comunidades Autónomas) fan o mesmo. Aquí, tal vez, cabería aventurar que se trata de algo no que a chamada clase política (a da transición e a de hoxe) parece estar implicitamente de acordo. Non é un tema tabú (como a reforma da Constitución), pero si intocable.

3. Se os estudiosos son case unánimes nas súas críticas ó sistema, e este segue sendo o mesmo, non debe ser esta a opinión dos grupos opositores no Parlamento galego, posto que non falan disto. Pode que

4. Sen maiores aditamentos neste intre: menos democrático por tratarse dunha elección formal e materialmente indirecta, causa de que o Estado español non ratificase na súa totalidade a Carta Europea de autonomía local, que esixe o sufraxio directo.

5. E que cumpriría recordarlle ós que claman por unha reforma do sistema electoral para frear a expansión dos nacionalismos políticos.

por razóns de prudente estratexia política, pero pode que tamén porque o que agora favorece a uns, mañá favorecerá igualmente a outros que esperan a súa oportunidade. E isto serviría para facernos derivar cara ás deostadas connotacións partidocráticas do noso sistema de partidos políticos, no que o papel do soberano democrático, é dicir, dos electores, debe quedar estrictamente reducido ó imprescindible para que o enteiro sistema político funcione como democrático: votar periodicamente e nada máis, pero votar, iso si. E volveriamos falar de clase política e partidocracia xunto coa inexistente democracia interna dos partidos; de escuros financiamentos partidarios, probablemente inevitables tal como está concibido o modelo político español; de fobia cara a institucións de democracia directa; de necesidade de lideratos carismáticos e control dos medios de comunicación social, etc., etc.

O feito é que, no marco español, idénticos elementos normativos do sistema electoral dan lugar a distintos subsistemas de partidos. Neste sentido, tamén é certo que este sistema electoral operou aceptablemente ben os efectos básicos de lograr asentar a democracia representativa. Con todo, unha vez acadados, e observados con detalle os seus numerosos defectos, quizais sexa chegado o momento de comezar a debater en serio sobre a necesidade dunha ampla remodelación.

3. REFLEXIÓNS FINAIS SEN FINAL

Chegados a este punto pouco quedaría por engadir. Hai algún tempo elaboramos un completo modelo teórico de participación democrática adecuado ó que entendiamos debía ser o modelo de organización territorial diferenciado de Galicia[6]; pero o problema estriba en que esta continúa incólume, seguindo a homoxeneizadora división en municipios e provincias trazada polo liberalismo centralista español no pasado século. Xa que logo, falla a premisa.

Malia iso, cumpriría non esquecer que a democracia española, e a galega en particular, sendo nova, posúe todas as eivas doutras máis vellas e ningunha das súas virtudes. E que esa democracia, se se desexa a súa continuidade, hai que facela a cotío, rexenerala dise ultimamente, e non só mediante ocas palabras. Nese sentido, o protagonismo deben asumilo os propios cidadáns, e que existen anceios dunha maior participación en Galicia parecen amosalo feitos como a eclosión de movementos sociais de distinta base: veciñais, parroquiais, culturais..., os cales, en certo modo, tratan de ocupar esferas políticas da sociedade que

6. López Mira, A. X. *Op. cit.*

quizais xa non cubran os propios partidos políticos, aínda que a estes lles poida ir nesta tesitura incluso a súa supervivencia.

Revitalizar a democracia nun momento de escepticismo no que, en aparente contradicción, se incrementan os índices de participación nas urnas, de descrédito da clase política e, de consuno, da actividade política, de afastamento evidente entre representantes e representados... Semella tarefa imprescindible. Elementos retocables do sistema electoral en Galicia poderían axudar neste camiño, pero tal vez fosen insuficientes. Así, por exemplo, trocar as circunscricións, adaptándoas á realidade da distribución poboacional galega, elaborando distritos comarcais ou convertendo a Galicia en circunscrición única (deste xeito, mesmo a fórmula de Hondt cumpriría mellor o principio de proporcionalidade); aumentar a cifra de deputados e, quizais, posibilitar as listas abertas[7], mostrarían un cambio de talante político que, seguramente, resultaría fructífero.

Pero, a maiores, complementar o modelo absolutamente predominante de democracia representativa con institucións de democracia directa, sería un paso determinante na vía sinalada. Canto máis se escamotea a participación cidadá na cousa pública, máis forza parece querer cobrar. As escusas —malas escusas— de temor á posible manipulación das masas por parte de axitadores residuais ou dictadores en potencia son absolutamente insostibles e non resisten a máis feble análise. Pola contra, son empiricamente observables as corruptelas da democracia mediante representantes nos tempos que nos toca vivir; proliferan en todas as esferas, desde o máis cativo dos concellos ata as organizacións internacionais. As esixencias de implantación dunha democracia máis social son evidentes ata, se se quere, para o mantemento do sistema.

Unha democracia máis rica en razoamentos perante a cidadanía, esquecendo o atavismo dunha Administración, mera delegada dese poder político democrático que actúa dun xeito dominante e ata intemperante (aínda que sexa herdeira do franquismo), unha tecnocracia que non só debe ser eficaz senón argumentar e convencer, máis presta ó consenso previo que a calquera concreta aplicación de políticas públicas... En fin, unha maior sensibilidade por parte dos xestores públicos quen, á fin e ó cabo, son simples mandatarios e servidores dos intereses sociais concretados na cidadanía. Antes ou despois esta realidade impoñerase por moito que se intente dilatar, e resultaría menos traumático de realizarse sen excesivas resistencias das antano todopoderosas Administracións Públicas, aínda que, ás veces, poidan parecer as principais interesadas en xerar conflicto social.

7. A experiencia do Senado español amosa que o electorado vota máis ou menos en idénticos parámetros políticos que coas listas pechadas e bloqueadas do Congreso, pero, sen dúbida, se lles posibilitaría ós electores esa liberdade e, conseguintemente, outro estilo político; as meras formas en democracia son importantes.

Volvendo coa democracia directa e referíndonos ó caso galego, cremos que algunhas bases xa están postas. Dun lado, porque historicamente o Estatuto de Autonomía aprobado pola inmensa maioría do electorado en 1936 ou o consensuado Estatuto dos 16 (dúas características básicas que non reúne o texto vixente) recoñecían moitos destes institutos como, por exemplo, o referendo lexislativo, en virtude do cal toda lei da Asemblea Lexislativa sería sometida a referendo popular para a súa aprobación ou derogación se o solicitase unha determinada porcentaxe (10 ou 15 por cento) de electores censados; ou unha xenerosa iniciativa lexislativa popular, non excluínte, mediatizada ou modificable no trámite parlamentario como a actual; ou a iniciativa popular de reforma estatutaria, hoxe prohibida; ou a revogación do mandato dos representantes electos antes de finalizar o período do seu mandato, caso de solicitalo unha fracción do electorado e aprobalo a maioría dos electores da circunscrición correspondente, etc.

Doutro lado, a propia distribución territorial da poboación galega, coa súa característica dispersión, facilita non pouco solucións desta índole, especialmente se a nosa organización territorial tanto no nivel local como no de descentralización do ente autonómico[8] estivese vertebrada mediante parroquias e comarcas, existise para posibilitar que Galicia exista como tal; a aproximación entre os centros de toma de decisións e os afectados polas mesmas sería evidente, a democratización máis intensa e profunda, máis real. Cómpre lembrar a vitalidade histórica, incluso de historia recente, da asemblea de parroquia ou concello aberto —hoxe ignorada polo Estatuto— e que se está vendo suplida, diante da non regulación legal da parroquia (menosprezando neste caso a vontade estatutaria), polos movementos asociativos veciñais, de base, xustamente na súa maior parte, parroquial.

En definitiva, o apretado e presuroso destas reflexións pretende invitar, precisamente, a que se reflexione máis e mellor sobre os temas aquí incoados. Ou polo menos evitar que o silencio caia sobre eles nuns tempos nos que[9] as identidades locais parecen erixirse como modelo alternativo na recuperación da nova identidade democrática, esgotados caducos esquemas (como os estatais), aparentemente inviables no século que axiña encetaremos.

A. X. L. M.

8. O que temos, xa se sabe, é un novo centralismo, cunha macroadministración autonómica na capital galega; e no banzo local uns concellos que desartellan parroquias e unhas Deputacións que, a pesar das súas restrinxidas competencias legais, axudan a desartellar Galicia.

9. Pode observarse nas reformas efectuadas nos últimos anos en numerosos países da nosa contorna. Temos afirmado como os tempos parecen camiñar parellos co suposto arcaísmo das vellas institucións de organización territorial galega. *Vid.* López Mira, Álvaro Xosé. "Unha aproximación constitucionalista ó xogo interrelacional Estado-comunidades autónomas-entes locais", en *REGAP* 7, EGAP, Santiago de Compostela, 1994.

ENTREVISTA

Territorio e democracia na visión de Michael Keating

Álvaro Xosé López Mira

Departimos con profesor Michael Keating despois de pronunciar unha conferencia sobre o federalismo americano na Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo, nunha das súas numerosas visitas a Galicia.

Profesor de Ciencia Política na Universidade de Western Ontario, no Londres canadense, comezou a ser coñecido no noso país con motivo da traducción ó español dunha das súas últimas obras, que aquí levou o atractivo título de Naciones contra el estado. El nacionalismo de Cataluña, Quebec y Escocia. *Pero a súa traxectoria é moito máis longa. Con orixes irlandesas, impartiu docencia noutras nacións británicas como Escocia e Inglaterra antes de cruzar o Atlántico; non sen antes traballar como visitante en Francia, Italia, Noruega, España, etc., mostra do seu consumado poliglotismo e cosmopolitismo científico.*

Probablemente sexa un dos maiores expertos mundiais en temas como nacionalismo e rexionalismo e, na máis pura e ortodoxa tradición investigadora británica, achégase fisicamente ás realidades que pretende estudiar. En breve, cumprirá un anceio longamente agardado, como é o de vir profundizar na realidade nacional galega e na súa representación política, curiosamente enmarcado nun proxecto de investigación promocionado polo goberno de Flandres. Sirva esta entrevista como pórtico introductorio para posteriores e agardadas análises acerca do nacionalismo galego.

—Nalgúns aspectos asistimos nestes momentos a unha desterritorialización da vida pública, a través da influencia do mercado mundial, a individualización da vida social e os problemas que experimentan sis-

temas de acción colectiva como partidos políticos, movementos sociais... Constatamos tamén a crise do estado-nación, un estado-nación que no pasado foi un sistema de producción de políticas públicas. Pódese falar no pasado de economía nacional, sistema de identidade e cultura e sistema institucional, sistema de actuación política.

Escritores como Bertrand Badie, o escritor francés de "la fin du territoire", teorizan sobre a fin do territorio como sistema de acción, como marco para a vida social e política, pero cando falan escritores como Badie da "fin do territorio", falan, en efecto, da fin do estado-nación. Hai unha confusión entre "territorio" e "estado-nación" porque desde o século XIX o marco único, privilexiado para a diferenciación territorial do poder foi o estado-nación.

Agora, non obstante, hai crise do estado-nación. Esta articulación de todos estes sistemas de acción vémola sempre no territorio como principio de organización. Pero os territorios teñen diversos niveis. Na miña opinión, hai algunhas razóns que explican este fenómeno de desterritorialización da vida pública, razóns funcionais, é dicir, recoñécese cada vez máis que o proceso de estructuración económica é un proceso territorial. Si hai mercado mundial, hai grandes empresas internacionais, pero os efectos do mercado mundial son mediatizados polo territorio, por sistemas de acción territoriais e existe toda unha serie de obras de economistas sobre este novo fenómeno de desenvolvemento económico, desenvolvemento rexional, sistemas de desenvolvemento rexional, sistemas industriais rexionais.

En segundo lugar, hai unhas razóns políticas nas que o territorio é case o único mecanismo para a mobilización política. Hai movementos sociais baseados sobre cuestións de clase, sexo, grupos étnicos, etc., pero o mecanismo máis efectivo de mobilización política é o territorio.

E, en terceiro lugar, existe toda unha serie de cuestión normativas, é dicir, que é difícil imaxinar un sistema de democracia, un sistema no que os gobernos poidan ser responsables, sistemas de responsabilidade política que non estean baseados sobre o territorio... sistemas de acción territorial.

Finalmente, o territorio é o único principio de organización política que é "pechado", é dicir, pódense incluír todos os grupos étnicos, clases..., non se trata dun principio de discriminación, senón dun principio de agregación, de acción pública para toda unha sociedade.

—Esta é unha boa introducción, realmente. Podemos intentar contestar algunha pregunta en concreto... De feito a primeira xa a contestou parcialmente vostede. A cuestión acerca das circunstancias máis determinantes para que o sistema democrático opere con maior efectividade é demasiado ampla. ¿En que sentido pode influír concretamente a circunstancia de nacer nun determinado territorio, estar encadrado



RAFA HIJO

MICHAEL KEATING

nel? Porque iso leva consigo unha serie de connotacións históricas, culturais...

—Si, pero o territorio non é un marco unicamente xeográfico senón que existe un contido social do territorio, un contido social, cultural, histórico, un sistema de acción... Un territorio cerrado como un sistema de acción é algo que sempre estivo construído, é dicir, non é algo que teña unhas raiceiras no pasado, non é un sistema fixo, é un sistema vivo, un sistema que vén sendo o producto dunha acción política e social. Neste senso, é posible construír novos sistemas de acción, pódese influír nos sistemas de acción, pódese dar lugar a territorios e cando digo "territorio" quero dicir territorio xeográfico e sistema social. Dentro destas fronteiras pódense ver países enraizados no pasado, reaccionarios, resistentes ó cambio, ó modo de acción; pero tamén existen territorios que teñen capacidade de modernizarse, de adaptación á concorrencia mundial pero, ó mesmo tempo, resulta posible que manteñan a súa especificidade cultural e, á vez, facer fronte ás demandas de modernidade, ser respectuosos co seu pasado, coa súa especificidade cultural e abertos asemade ó futuro. Neste senso temos toda a problemática da modernidade, a modernidade no sentido clásico do século XIX, época de grandes cambios sociais, políticos... O problema estriba na conciliación entre o pasado e o futuro, entre a dimensión mundial e a local a nivel de localidade ou rexional, a nivel de acción cosmopolita. Non resulta fácil, non existen fórmulas doadas para conciliar estas contradiccións, pero si existe a posibilidade de establecer sistemas de acción que poidan crear compromisos entre estas demandas contradictorias.

—Nese senso, de desenvolvemento histórico, social... está claro que hai, cando menos, dúas culturas moi marcadas en Occidente: a cultura anglosaxona e a cultura do sur, a cultura continental. Eu estou absolutamente convencido de que na práctica de aplicación da mesma teoría democrática hai diferencias substanciais. Moitas veces se intenta homologar: houbo eleccións en Gran Bretaña, en EE UU, en Francia, en Alemaña ou en España... Eu creo que non existe un mesmo sentimento democrático en todos estes países senón que cada un destes territorios ten un carácter diferencial moi marcado, diferenciado a nivel de participación.

—Si, si... Na Europa do Sur, en todos os países de tradición napoleónica existe o peso do estado, o estado como mito que, como sabemos, en Francia, por exemplo, onde o estado omnipotente, é un mito; non é a realidade, cada vez menos realidade, pero existe este mito, apoiado polo nacionalismo francés, de esquerdas ou de dereitas... Pero agora este modelo de estado está en crise. Fronte á mundialización, á individualización da vida social, ás reivindicacións de minorías culturais e ó novo pluralismo da vida social... Non é posible, na miña

opinión, continuar con este modelo de estado. É evidente, no caso español, no que este modelo de estado centralizado está en contradicción coa realidade pluralista, multinacional da sociedade. Pero tamén nos países anglosaxóns (non me gusta esta expresión porque exclúe a evidencia dos países celtas existentes no seu seo)... Nos EE UU, en Gran Bretaña, etc., si existe unha importante tradición de *local self-government,* de "democracia local", pero este modelo está tamén en crise fronte ó gran capitalismo, ó mercado, á competencia mundial... Por exemplo, nos EE UU na actualidade a "democracia local" non é, como na época de Tocqueville, un mecanismo para a participación popular, senón un mecanismo para a protección da propiedade privada e para a segregación social e racial. Esta é a realidade do *self-government* nos EE UU. Non o foi, se cadra, na época de Tocqueville pero, neste sentido, o concepto de *self-government* está en contradicción con esta idea de "democracia local", de participación local da que falei hai un pouco. En conclusión, tanto o modelo napoleónico como o modelo anglosaxón están ambos os dous en crise.

—De todos os xeitos, dentro da división territorial de cada estado, individualmente considerado como estado, unha categoría que temos que utilizar, ¿non se aprecian diferencias claras segundo como estean divididos a nivel interno nos seus territorios en canto a que o grao de participación é maior, máis efectivo, máis eficaz, a democracia máis profunda, en definitiva, máis real e menos formal, se o prefire?

Non hai unha contestación simple para esta pregunta. Depende das circunstancias. Hai dúas cuestións, dúas relacións. Por unha banda, a relación entre a comunidade e o estado no que se encadra e, pola outra, a relación entre a comunidade e o mercado. Agora, a finais do século XX, esta segunda dimensión, é dicir, a relación entre a comunidade e o mercado, é cada vez máis importante porque o estado non pode protexer as comunidades contra o mercado e hai unha relación directa entre a comunidade e o mercado; e, neste contexto, hai unhas rexións, comunidades, cidades... que teñen relacións moi favorables co mercado porque teñen vantaxes na concorrencia mundial e outras que son marxinadas polo mercado. Existe desigualdade entre comunidades, desigualdade económica, por suposto, pero tamén en canto á posibilidade de establecer unha democracia auténtica.

—Neste senso, nos seus conceptos acerca da reinvención do territorio, nun momento interesante ás portas do século XXI, outorga unha grande importancia ó lugar, ó local. ¿Estase na procura dunha nova identidade territorial? ¿É a de sempre que se intenta adaptar á realidade do mercado imperante? ¿Podería ser, se cadra, a única saída, o único escape para evitar que a democracia desapareza en mans do mercado?

—Si. Pero hai un mercado mundial, está aí, e danse diversos modos para a inserción das rexións no mercado mundial, hai diversos modelos de capitalismo, por exemplo, fálase moito da diferencia entre o capitalismo anglosaxón e o capitalismo renano como en Alemaña... Mesmo a nivel rexional existe unha diferencia importante, como escribín no meu libro, entre o modelo de capitalismo quebequés e o modelo de capitalismo canadense ou estadounidense. Non é posible evitar o mercado, non é posible o desenvolvemento autárquico, non é posible volver ó pasado... pero o que si é posible é unha xestión das relacións entre o territorio e o mercado, e para establecer proxectos de inserción das rexións no mercado cómpre ter en conta non sòamente cuestións de desenvolvemento económico, nun sentido estricto, senón tamén a relación entre o económico, o cultural e o político, un proxecto de desenvolvemento íntegro. E isto porque non abonda con falar de desenvolvemento económico senón que é necesario falar de desenvolvemento social, mesmo as dimensións económicas, por un lado, e as sociais e culturais, polo outro, son inseparables na realidade.

—*Neste senso, ¿os novos nacionalismos poderían ser determinantes na inserción, na creación ou na implantación deste concepto que acaba de expresar...?*

—Si. Os novos nacionalismos constitúen un exemplo de reacción ó mercado, da construcción dun sistema de acción, pero non son os únicos. En Québec ou en Cataluña, dous exemplos que aparecen no meu libro, si hai un proxecto de establecer un sistema de acción... Falei de nacionalismo non como un proxecto para establecer un mecanismo constitucional definido, senón como un sistema de política pública, de establecer sistemas de acción no mercado polas políticas públicas. Pero noutros territòrios pódense ver rexionalismos sen unha dimensión cultural tan forte como en Cataluña ou Québec; cidades con tradición cívica importante, por exemplo en Italia, Milán, malia as rexións en Italia seren moi febles, pero hai unha presión municipal moi importante, en Alemaña, na tradición dos Países Escandinavos... é dicir, hai diversos niveis territoriais nos que se poden encadrar eses novos sistemas de acción. Hai outros territorios onde non existe un sistema de acción, non existe a capacidade de establecer proxectos territoriais, por exemplo, nalgunhas rexións do sur de Italia, porque é un erro a xeneralización... porque as diferencias entre Sicilia, Abruzzo e outras rexións do Mezzogiorno son claras. Para algunhas rexións do Mezzogiorno non existe un proxecto, non hai integración social, non hai integración do proxecto de desenvolvemento económico, dominado no caso do Mezzogiorno polo estado e as grandes empresas do norte, cunha cultura e un sistema político penetrado polos intereses criminais ou clientelistas do vello sistema político; ou, por exemplo, no norte de Inglaterra, hai

rexións con problemas importantes, con proxectos de desenvolvemento económico pero sen a capacidade social ou política de establecer un sistema de acción. Neste caso as rexións son dependentes do estado ou das grandes empresas, non teñen a capacidade de xestionar a súa relación co mercado.

—Pero todos eses son casos de sociedades civís artelladas previamente ó momento político, á acción política... tanto Milán como Cataluña ou como Québec.

—Si, do que se deduce que existe unha enorme variedade entre os diferentes proxectos políticos. Hai proxectos de desenvolvemento de esquerdas, de dereitas, populistas, socialdemócratas... É un erro afirmar, como moitos autores pretenden, que o mercado do modelo capitalista anglosaxón se impón en todas partes do mesmo xeito, non é a realidade; a realidade é que existen diversos proxectos. O capitalismo imponse por todas partes, pero a reacción territorial, rexional ou local, e a política son sempre importantes.

—Cambiando un pouco de rumbo, entremos agora nunha perspectiva que atinxe directamente á participación democrática. Estamos nun momento de cambio evidente, non me atrevo a falar de "crise de civilización", como afirman algúns, que é posible... ¿Neste senso, cara a onde pensa que camiñan as regras do xogo democrático que realmente creamos logo da Revolución Francesa? As de antes eran completamente distintas, e parece que estes vellos principios de soberanía nacional do estado están esgotados, e esas son as bases, as bases teóricas de todas as constitucións aínda vixentes e do propio xogo democrático das eleccións. ¿Apóianse quizais en conceptos equivocados e se se quere renovar a democracia hai que cambiar eses conceptos...?

—Esta é tamén unha cuestión complicada. En efecto, a democracia identifícase co estado nacional e é evidente que está en crise. Por exemplo, existe esta crise política en Francia, onde hai ese compromiso cos criterios de converxencia de Maastricht e, ó mesmo tempo, hai unha (teórica) selección electoral sobre a política económica do goberno. Todo o mundo sabe que a política económica de Francia está determinada polos criterios que impón Maastricht. Neste contexto ¿que é a democracia? ¿cales son os asuntos do debate democrático? A solución ten que ver con Europa, se cómpre establecer unha moeda única ou un sistema de acción europeo, se a existencia dun gran mercado cómpre que vaia acompañada por un sistema político. Asistimos agora á construcción europea que está dominada polo mercado ou por criterios tecnocráticos, por exemplo, os criterios de confluencia, tecnocráticos, científicos, non constitúen un proxecto de debate político e se imos cara a unha Europa máis unida cómpre unha democratización de Europa. Ó mesmo tempo hai unha necesidade de rehabilitar a demo-

cracia local, a participación local, e isto resulta aínda máis complicado que ó nivel europeo porque non é posible regresar ó pasado, reinventar a democracia primitiva de Tocqueville, dos *town meetings* de New England. Pero creo que si é posible un debate democrático a nivel local sobre cuestións como por exemplo o medio ambiente, sobre a educación; a educación é unha preocupación cada vez máis importante e a educación é un tema local, é unha cuestión da escola; hai demandas importantes por parte dos pais dos nenos de participación na educación. E tamén por parte de todas as profesións da función local, os profesores das escolas, traballadores sociais, médicos, etc. Creo que é un desafío grande para a democracia, democratizar estas esferas de acción que son, en xeral, locais: hospitais locais, escolas locais, sistema de transporte público, medio ambiente... Emporiso, algúns pensan que a democracia non é posible porque o mercado mundial se impón en todas partes xa que existe todo este sector de servicios públicos localizado e non democratizado.

—*Está claro que o territorio ten que ser determinante porque ¿como todo o poder económico dos EE UU, neste momento case único, xa non hai rival, xa non hai inimigo, non consegue, sen embargo, estender o seu modelo democrático alén das súas fronteiras, nin sequera ás máis achegadas...?*

—É certo, en efecto. Vexamos o exemplo de Canadá, podiamos falar de México... Canadá é un gran país, existe alí o mesmo sistema económico, e a mesma economía que nos EE UU, pero temos un modelo social moi distinto, por exemplo, Estado de benestar, sistema de sanidade pública financiado polo Estado, sistema de escolarización distinto, os impostos, o Producto Nacional Bruto maior que nos EE UU. É posible... Ese sistema de modelo social canadense é parte da identidade nacional de Canadá, non é simplemente algo que eliximos politicamente senón que é un elemento da sociedade; sen este Estado de benestar, por exemplo, Canadá non existe, sen este sentido de Canadá, a solidariedade social non existe e, en consecuencia, non existe tampouco o Estado de benestar. É un bo exemplo de sistema de acción política, de inserción da sociedade no mercado co seu propio modelo de regulación social.

—*De feito, parece claro que a economía mundializada ou, se se quere, a mundialización da economía, non favorece a implantación de sistemas democráticos a nivel mundial fóra de Occidente. Se cadra iso do "mundo libre" foi un mito creado na Guerra Fría e non é posible exportar o modelo democrático que nós posuímos fóra das nosas fronteiras...*

—En efecto, a idea dominante nos EE UU, por exemplo no libro de Fukuyama *The end of history*, era que existe unha conexión estreita entre o modelo económico norteamericano e o modelo político. E non é algo

novo porque mesmo no século XIX se falaba do destino manifesto, da exportación do modelo americano. Falaban de que os EE UU foran fundados sobre os valores do Iluminismo, a noción de progreso, de valores universais; os valores dos EE UU son estes valores universais pero, ó mesmo tempo, son só valores particulares, creados nun lugar e nunha época concretos. Pero como o comunismo non foi algo espontáneo, durante a Guerra Fría existía un enfrontamento entre dous grandes sistemas universais: comunismo e capitalismo americano, coa mesma mentalidade de que o noso sistema é un sistema universal, non nacional. Resulta evidente que este sistema non é universal (como non o era o outro) e o modelo non é universal e a conexión entre o modelo político e o modelo económico é algo particular dos EE UU e tamén de Europa Occidental. É evidente, por exemplo, que se pode establecer un mercado en China sen que exista democracia. O liberalismo económico non é unha compensación para a falta de liberalismo político, é perfectamente posible separar o liberalismo económico do liberalismo político, non nos EE UU pero si no resto dos países.

—*Neste sentido, ademais, están conectadas claramente a economía mundial coa aldea global informatizada de concentración dos medios de comunicación, das grandes empresas de comunicación social, influentes, como é o cuarto poder que son, realmente agora tamén a escala mundial. ¿É posible que ese país sen territorio que están creando as redes de comunicación, os satélites, os novos medios de comunicación social, TV sobre todo, permita concibir un novo modelo, unha nova orde democrática, ou realmente non é esa a pretensión? E ¿ata que punto ou non o territorio seguirá sendo importante neste contexto?*

—Si, o territorio seguirá sendo importante e isto malia os novos mecanismos de comunicación como Internet ou outros. Presentando o ano pasado un relatorio nun congreso en Francia sobre o rexionalismo en Europa, alguén me formulou esta pregunta: ¿Internet é unha rexión? A miña resposta foi negativa, Internet é un sistema de comunicación; en certo modo pódense imaxinar comunidades en Internet pero non é unha rexión porque unha rexión é unha comunidade territorial e insisto sobre a importancia do territorio non soamente para a comunicación, que si é importante, senón para a mobilización, para o cambio político, porque por Internet pódese un comunicar pero non se pode imaxinar un movemento social organizado sobre Internet con capacidade de mobilización e de acción. Iso depende de relacións interpersoais: diálogo, discurso, intercambio de ideas cara a cara. Por isto o territorio é importante. Pero os novos medios de comunicación poden tamén favorecer o renacemento de culturas minoritarias, mesmo territoriais porque os custos de producción e difusión cultural son cada vez menores e, en principio, depende de quen teña o control dos meca-

nismos, pero en teoría é posible producir, espallar culturas minoritarias con custos moito máis económicos que no pasado. As novas tecnoloxías non favorecen necesariamente as grandes culturas ou as grandes empresas, depende de quen controle os medios de comunicación e de se estas novas tecnoloxías serán controlables democraticamente, de maneira pluralista ou concentradas polas grandes empresas transnacionais, etc.

—A realidade é esa. Son empresas e como tales empresas non son democráticas. Estes medios ofrecen posibilidades ás pequenas culturas pero son un pouco difíciles de aplicar na práctica.

—Pero Internet é moi interesante porque agora é un sistema político anárquico, é un anarquismo puro e isto demostra que o anarquismo é posible, mesmo en sociedades de auténtica tecnificación. Pero existen perigos porque hai unha comercialización de Internet... será difícil manter Internet como un sistema plural aberto como na actualidade, existen perigos.

—Xa se están empezando a decatar nos EE UU e tratan de regulalo... Neste sentido, por moi influentes que sexan os países occidentais a nivel mundial (cando falo de Occidente exclúo a Rusia), o Grupo dos Sete e algúns outros países, está claro que non resulta posible partindo das súas bases, dos seus parámetros e dos seus conceptos estender á totalidade do mundo a democracia como un modelo unívoco.

—Non. Creo que hai valores universais, hai valores como a non discriminación, a igualdade de dereitos, etc. Non hai un réxime mundial para establecer eses dereitos en realidade, si existe un sistema mundial de regras, das Nacións Unidas, pero son aplicadas selectivamente segundo os intereses dos grandes poderes. Non son da opinión de que cada país teña o seu propio modelo e de que non exista unha conexión entre os distintos estados. Por exemplo, se se me di que hai un sistema de valores asiático que non inclúe os dereitos humanos, a igualdade dos sexos... non acepto esta idea. Pero si existen diversas vías para chegar á democracia, diversos modelos de democracia e participación. Sería unha equivocación impoñer un modelo desenvolvido en Occidente ó resto dos países do mundo.

—Cada país debe procurar o seu propio modelo, esforzarse por conseguilo. Ou sexa que tampouco se pode identificar democracia con Occidente. A min chámame a atención cómo un feito triste como a conquista do Tibet por parte de China fixo declarar ó Dalai Lama que el defende os dereitos humanos, que son creación occidental, para o seu país. El mesmo evolucionou tamén.

—En efecto, é moi interesante. Tiven a ocasión de falar o ano pasado co Dalai Lama e foi realmente interesante. Si, porque o Tibet do

Dalai Lama nos anos cincuenta foi un sistema feudal, sen dereitos humanos, pero en reacción á conquista chinesa, ten razón, o Dalai Lama evolucionou para defender os dereitos dos tibetanos e veuse obrigado a defender uns principios universais, e agora si é defensor, daquela, dos dereitos humanos. Hai, en efecto, unha evolución.

—Mesmo provocada por un feito penoso, a represión... Entrando xa na faceta política, unha serie de acontecementos como o predominio das cúpulas dos partidos, lei de ferro da oligarquía, ou a corrupción política estanse estendendo a todos os países democráticos e mesmo "ás súas" organizacións internacionais como a OTAN, supostamente exemplo para o resto do mundo. ¿Se cadra os partidos políticos que no seu momento foron claves para acceder á democracia esgotaron xa o seu ciclo vital?

—Si. Esa é a realidade; os partidos políticos en todas partes están en crise, en España, en Italia, en Francia... hai escándalos de corrupción, de sistema clientelista do pasado non aceptado pola poboación, hai demandas por un sistema con maior participación da poboación... en Gran Bretaña e nos EE UU os partidos perderon a súa función ideolóxica de producción de políticas públicas, son meramente instrumentos tecnócratas para gobernar e non mecanismos para a agregación de intereses sociais, para a expresión de conflictos sociais, de regulación democrática de conflictos sociais. Cómpre buscar novos mecanismos. É difícil imaxinar cáles serán estes novos mecanismos porque en democracia os partidos políticos son esenciais, son moi moi importantes. Creo que sería necesario reinventar os partidos políticos. Hai un discurso demagóxico contra os partidos que di que sen os partidos todo sería fácil porque hai diferencias políticas, existen os conflictos sociais, é imposible negalos, non é correcto pretender que non existan. Os partidos políticos nas democracias son un mecanismo esencial para a expresión de diversos intereses, sen partidos políticos, existe un perigo para a democracia. O discurso, por exemplo, de Richard Schraemann baseado sobre temas simplificadores de racismo, nacionalismo...

—Si, pero o que parece claro é que os propios partidos non son quen de crear alternativas, están tan inmersos no sistema que non pensan nin sequera na posibilidade de cambiar de sistema.

—Si. Se cadra a solución está na volta de novo ó territorio, a novos sistemas de acción, movementos sociais, como base dos novos sistemas de partidos políticos, baseados non sobre as divisións do pasado senón sobre novas cuestións. Hai signos importantes, por exemplo, os novos movementos dos "verdes", ou outros movementos sociais que se están levando a cabo. Non teñen o mesmo papel que tiñan os partidos políticos no pasado, a devandita agregación de influencias sociais, pero resulta evidente que é imposible suprimir a realidade de diferencias

sobre cuestións de políticas públicas. De calquera xeito, a crise dos partidos políticos é unha crise de democracia.

—Entrando xa no tema que fai referencia ós partidos nacionalistas, o seu discurso está tan anticuado, na maior parte dos casos, como o do resto dos partidos, por exemplo, a pretensión de constituír estados nos seus territorios cando os estados perden poder. ¿Non precisa o nacionalismo, isto é unha opinión persoal, que exista unha alternativa política mundializada polo propio contexto no que teñen que actuar e non só de pequena escala e con rutina na súa acción e na súa comunicación? O que pasa é que eu creo que os partidos políticos nacionalistas que son de países ou de nacións minoritarias, pequenas, non son quen de cuestionarse que teñen que actuar a escala mundial e que igual iso é o que os pode facer operativos e modernos.

—Si, é posible. Existen algúns políticos e intelectuais nestas pequenas nacións que reflexionan sobre estas cuestións, sobre a necesidade de establecer novos sistemas de acción, a necesidade de establecer relacións entre o seu territorio e o nivel mundial, a necesidade de pensar a relación entre os movementos sociais e o gran mercado. Si existen tendencias que son moi interesantes, pero ó mesmo tempo existen moitos destes partidos dos novos nacionalismos ou mellor dos vellos-novos nacionalismos... e isto é producto da reorientación desas vellas identidades. Existe tamén un discurso moi decimonónico do estado, do nacionalismo, da soberanía que en realidade non existe, non existe a soberanía absoluta no mundo actual. Por exemplo, en Québec este debate é moi evidente entre, por exemplo, Jacques Parizeau[1]; nacionalista tradicional que fala de soberanía como algo absoluto e os outros, sobre todo os intelectuais nacionalistas que aceptan a realidade do mundo actual no que non existe soberanía absoluta e, ó mesmo tempo, aceptan a realidade pluralista da sociedade de Québec pero, simultaneamente, tamén teñen un proxecto de establecer un Québec aberto, liberal, democrático pero con capacidade de integración social, de solidariedade social. É moi difícil, non existen fórmulas doadas. Creo que é algo moi positivo o feito de que existan estas ideas, é algo importante, non unicamente entre nacionalismos minoritarios senón mesmo nestes movementos. Neste sentido, o pensamento destes nacionalistas é moito máis progresista que o discurso de Margaret Thatcher ou de Jacques Chirac acerca do ideal de manterse sobre a soberanía da nación, un discurso do pasado, irrealista.

—É que ademais... a definición final... dá a sensación de que, non só para o intelectual senón quizais para a xente da rúa, a democracia está en decadencia e eu creo que isto é irreal, estase vendendo esa imaxe de desprestixio das institucións para crear alternativas probable-

1. Líder do Parti Québécois e Primeiro Ministro do Québec.

mente pouco desexables... probablemente. E o que si está claro é que a falta de control democrático que supón a absoluta entrega do poder político, que como político ten que ser social, a criterios estrictamente capitalistas, autodestructores, en definitiva, o mundo é limitado, as empresas multinacionais sábeno pero non por iso paran e desde logo nada democrático; non digo que unha empresa teña que ser democrática, pero si que están ocupando, indirecta ou directamente, cada vez máis postos de goberno e de responsabilidade política.

—En efecto. É o problema do capitalismo ou do exceso de capitalismo. O capitalismo é un sistema de producción impresionante. Endexamais vimos no pasado ata de agora un sistema cunha capacidade de producción semellante. É tamén un sistema de liberación individual, o sistema de mercado é un principio de liberación para individuos que poden elixir, decidir as súas compras na libre competencia para aproveitalas ou satisfacer as demandas da poboación, pero ó mesmo tempo é un sistema de desintegración social. Os modelos dominantes en Europa desde a II Guerra Mundial, democracia cristiá, socialdemocracia, foron baseados sobre o recoñecemento destes aspectos do capitalismo. O capitalismo si é necesario nalgúns aspectos, pero non é un sistema social completo, é un aspecto da vida social. Cando Thatcher ou Reagan falan de capitalismo como sistema global de acción na vida social, cultural e económica é perigoso porque cómpre un equilibrio entre o mercado e o resto dos aspectos da vida social, mesmo para o futuro do capitalismo, porque o capitalismo posúe capacidade para a autodestrucción. O modelo anglosaxón de capitalismo é un modelo de curto prazo, un modelo destructivo do medio ambiente, un modelo que ten tendencia a non investir bastante no futuro, na educación, na formación, na inversión, etc. Incluso para o mesmo capitalismo é necesario un control do mercado por parte do sistema democrático e tamén, evidentemente, para os aspectos culturais e sociais da vida pública.

—Estou de acordo, o que pasa é que teño a sensación de que esa clase política que aspira a facer políticas públicas está en proceso de extinción, está desaparecendo en todo o mundo e cada vez máis os gobernos dependerán do empresario malentendido, do mercado no seu aspecto máis negativo.

—Si, por exemplo, hai pouco o novo goberno británico deu ó Banco de Inglaterra o control dos xuros. É unha cuestión económica fundamental pero agora trátase como unha cuestión meramente técnica. Trátase da despolitización da vida política. Mesmo Tony Blair dixo a pasada semana que a época das eleccións nas que as cuestións se baseaban sobre divisións ideolóxicas e políticas rematou, é dicir, teremos eleccións sen política. Isto é tecnocracia.

—Xa por último entón, si que parece importante despois do conxunto desta entrevista a escala territorial para facer efectiva a participación democrática... parece mesmo determinante cara ó futuro, a identidade territorial, o nivel territorial da participación...

—Si, en efecto, como dixen ó comezo desta entrevista, volvemos sempre ó territorio porque é no nivel territorial onde se organiza a vida pública, o diálogo, a mobilización pública. É difícil pensar politicamente como un individuo. Pénsase en discusión cos outros e para isto precísase, ademais de discusión, mecanismos, espacios para esta discusión política e eses espacios son case necesariamente territoriais. Pero non nun territorio como un marco xeométrico, senón nun territorio como marco de identidade. Esta identidade pode ser cunha rexión, cunha nación minoritaria, cunha cidade, unha vila, comarca... hai toda un abano de posibilidades de niveis territoriais. Non resulta posible impoñer un marco territorial afirmando que, como en Gran Bretaña, por exemplo, ou noutros países onde se reorganizou o sistema de municipios... neste municipio porque existiu ¿sempre? E non noutras alternativas de distinta escala territorial, as que sexan, comarcas, metrópoles.... Cómpren marcos territoriais baseados nunha realidade cultural cos que se poidan identificar os cidadáns. Para isto cómpre que se lles permita ós propios cidadáns que definan os marcos políticos, non impoñelos por parte do Estado ou da mesma Europa común.

A. X. L. M.

O goberno do territorio

Joaquín Herrero Lorente
Pedro Corvinos Baseca

1. SOBRE OS PROCESOS URBANOS E A ORDENACIÓN TERRITORIAL

Nos últimos anos apareceron unha constelación de termos novos no campo dos estudios urbanos; trátase de conceptos con diversos graos de elaboración procedentes de campos de saber distintos, centrados nos temas urbanos, aínda que, en moitos casos, o obxecto de análise é a cidade e o seu entorno, é dicir, o continuo urbano coa identificación e definición dos novos procesos urbanos sobre o territorio. Campos do saber como a socioloxía, a xeografía, o urbanismo, o dereito ou a economía, e mesmo disciplinas científicas máis afastadas destes conceptos como a filosofía. Son conceptos que buscan definir, caracterizar ou, ás veces, simplemente describir os procesos urbanos e económicos que sinalan o rumbo das cidades ó finalizar o século. Falamos de termos como *rurbanización*, de E. M. Roux e G. Bauer (1976); *contraurbanización*, elaborado por Berry (1980) e Fielding Champion (1982); *exópole*, cuñado por E. Soja (1992); *cidade informacional*, de M. Castells (1989); *cidade global*, de S. Sassen; *periferia*, *cidade flexible*, *adge cities* —cidades no límite, centro urbanos periféricos de nova creación—, de J. Garreau (1991); *metápole*, de F. Ascher (1995); *telépole*, de I. Echeverría (1993); *cidade difusa*, de F. Indovina ou *cidade dispersa*, *sobreurbanización*, de R. López de Lucio.

Trátase de conceptos que semellan buscar a metáfora, ou apoiarse na analoxía, na expresividade dunha palabra chea de acepcións semánticas, de connotacións sobre outros procesos sociais e económicos, para interpretar mellor os cambios urbanos e os procesos de urbanización, para trasladar ou describir dun xeito fidedigno os procesos de expansión ilimi-

tada que viven as cidades na actualidade; confiando, en xeral, máis na capacidade expresiva da linguaxe que nas análises estatísticas. Son termos que adoitan buscar a aceptación non só nos ambientes académicos, senón tamén o éxito máis mediático e a súa asimilación por esa esfera comunicativa crecente que aproxima a investigación científica e a información das capas cultas da sociedade. Por iso algúns termos aparecen, como é o caso de *telépolis*, de I. Echevarría, en ensaios de ampla difusión, ou pasan con certa rapidez ós traballos de planificación realizados polos profesionais do urbanismo, ou ás mesmas entrevistas de prensa, como é o caso da *cidade informacional* de M. Castells.

A proliferación de termos e o interese social que os acompaña non fai máis que poñernos sobre a pista de dous fenómenos. Un, que a cidade contemporánea europea e española vive desde hai dúas ou tres décadas un conxunto de cambios que trastornaron substancialmente, ó longo deste século, as súas formas e funcións tradicionais; cambios que non se limitan á cidade tradicional nin ós espacios metropolitanos consolidados nas décadas dos sesenta e setenta, senón que afectan a partes amplísimas do territorio e que semellan dar a luz novos modelos urbanos.

O segundo fenómeno é que os cidadáns son cada vez máis conscientes, aínda que quizais non de xeito suficiente, da dimensión destas transformacións, así como das mutacións que produce na súa propia vida trastocar o escenario físico no que se desenvolven. É por isto que estes cambios interesan e preocupan á opinión pública de xeito considerable e, en consecuencia, a fortaleza comunicativa dos conceptos aludidos. Tamén por iso estes cambios xeran na sociedade reaccións moi diversas; así, algunhas son correntes psicosociais en procura das orixes, da identidade, con multitude de expresións: desde o auxe do rústico —tanto a través de expresións estéticas como en forma de novas demandas de consumo— e o interese polo local nos medios de comunicación —a proliferación de televisións locais é un bo exemplo— ós comportamentos electorais marcados polo rumbo que toma a identidade territorial nas súas máis diversas acepcións.

Procesos urbanos e cambios territoriais que, asociados a outras transformacións sociais, ó novo marco xurídico-político resultante da Constitución de 1978 e ó reparto competencial do Estado autonómico, induciron un proceso reflexivo sobre o goberno da cidade e, cada vez máis indisolublemente, sobre o goberno do territorio. Unha reflexión necesaria, máxime cando debemos comezar a preguntarnos se este cambio de escala nos fenómenos urbanos que suxiren os conceptos mencionados —o paso do urbano ó metropolitano e, sucesivamente, á cidade rexión— non implica tamén un cambio de natureza no fenómeno urbano e, en consecuencia, demanda unha nova forma de concibir o goberno do territorio, é dicir, do continuo urbano.

Pero isto é así cando en moitas cidades españolas ou nas comunidades autónomas nin as institucións, nin os propios partidos políticos e os seus dirixentes, nin tampouco as administracións superan a concepción do territorio como simple soporte-solar sobre o que acontecen os feitos humanos e económicos, delimitado por unhas fronteiras que sinalan límites competenciais. É dicir, cando non está aceptada a necesidade dunha auténtica ordenación territorial, máis alá do seu entendemento como simple plasmación espacial das distintas políticas territoriais ou dunha política máis propia de cada comunidade autónoma, pero sen chegar a ponderar a transcendencia de artellar intervencións desde niveis competenciais distintos nin a complexidade dun proceso tan amplo como é a construcción do territorio nunha sociedade postindustrial, cando aínda na práctica política e administrativa non calou a necesidade de realizar unha análise integradora e a súa conseguinte acción de políticas territoriais. De xeito que estas políticas, as intervencións desde os poderes públicos sobre a cidade e o territorio, terán que asumir o carácter vertical de moitas delas e a súa incidencia nun espacio horizontal que, ó cabo, recibe os impactos sectoriais e sobre o que é necesario definir unha política horizontal de ordenación específica. Unha política pública territorial cunha posta en práctica que non pode resolverse exclusivamente mediante a elaboración de medidas lexislativas desde un dos ámbitos competenciais que interveñen, nin desde a elaboración de lentos e custosos plans de ordenación territorial "finalistas", que non sobrepasan a dimensión de análises. Pola contra, cómpre asumir a complexidade que require o "proxecto do territorio" en tanto expresión dun modelo voluntario e, sen dúbida, como producción espacial da interacción dos axentes económicos e dos procesos e conflictos sociais. Proxecto necesariamente dinámico, suxeito a variables económico-sociais, culturais, políticas e tecnolóxicas tantas veces imprevisibles, pero proxecto inaprazable para as sociedades evolucionadas, como necesidade ecolóxica ineludible e como principio democrático de equidade social.

Se aceptamos que o territorio é unha construcción histórica, social e cultural, resultado das decisións de multitude de axentes sociais, de individuos e de actuacións políticas de estados e administracións, a necesidade dunha política de ordenación —que para nós é fundamentalmente un proceso de concertación entre os poderes e políticas públicos, entre os axentes sociais, entre os procesos económicos e os factores e límites ecolóxicos, desde unha filosofía territorial previamente consensuada nas Cortes e nos parlamentos autonómicos— semella daquela inaprazable, o mesmo que a necesidade de superar anteriores concepcións de ordenación territorial para chegar ó seu entendemento como goberno do territorio.

2. TRANSFORMACIÓNS URBANAS E CAMBIOS TERRITORIAIS NA ACTUALIDADE

¿Estamos —como dicía Françoise Choay e lembrou recentemente R. López de Lucio— ante "o reino do urbano e a morte da cidade?, ¿comeza a era da urbanización universal, difusa e fragmentada?, ¿como interpretaremos a extensión do urbano en periferias moi afastadas da cidade-metrópole, configurando asentamentos urbanos, pero non aquilo que entendemos por cidades? ¿Nace realmente unha nova forma urbana? Ou, pola contra, vivimos un episodio máis da concentración de poboación e riqueza nas cidades, un episodio máis do crecemento dos núcleos urbanos en franxas que os procesos de urbanización pularon exponencialmente desde a revolución industrial a partir dos asentamentos históricos seleccionados polo proceso industrial. É dicir, una continuación do proceso de metropolitanización, concentración nas grandes e medianas cidades, espacios metropolitanos, dos recursos socioeconómicos de cada país, que implica necesariamente un proceso de expansión suburbana cara ó respectivo alfoz de cada cidade para dar cabida a todos os productos urbanos e usos do solo.

As respostas ofrecen perfís distintos, os especialistas sitúanse nos polos que a propia enunciación das cuestións presenta. Neste senso sintetizouno J. Monclús recentemente:

> Sen embargo, as interpretacións das causas deses procesos abalan entre os que asocian as transformacións, basicamente, cun cambio da escala territorial dos fenómenos en cuestión [aínda que cabería preguntarse se o cambio de escala, asociado a cambios nos modelos de ocupación, non conleva realmente un cambio de natureza] e os que, pola contra, as entenden como final dun longo período e inicio dun "novo ciclo urbano". Estarían pois, por unha banda, os máis "continuístas", que consideran as tendencias á descentralización vencelladas ós cambios na estructura urbana e na tecnoloxía como un proceso progresivo que daría lugar á fragmentación espacial en novos eidos metropolitanos cada vez maiores; e por outra, os que partindo do concepto do "fin de século fordista" e do comezo de outro novo "posfordista", atenden as coherencias das novas lóxicas productivas coas transformacións urbanas en curso[1].

Máis alá das cuestións conceptuais, probablemente é máis operativo que tentemos identificar os procesos urbanos e territoriais que se viven actualmente en España. As cidades medran a saltos sobre a súa periferia próxima ou ben con pasos máis afastados sobre as vías de comuni-

1. Monclús, F. J. (ed.). *La ciudad dispersa. Suburbanización y nuevas periferias.* CCCB, Barcelona, 1998, p. 8.

cación. Pero na costa mediterránea ese crecemento foi xerando cidades compactas, de maneira que a pesar do crecemento periférico e das tendencias de suburbanización, ata hai tres décadas era posible distinguir con claridade o campo e a cidade. Por outra banda, é durante a décadas dos oitenta cando o modelo residencial de baixa densidade, destinado a grupos sociais de meirande nivel adquisitivo, aparece nalgúns espacios metropolitanos españois, aínda que algúns trazos xa comezaran a funcionar na década dos setenta. O exemplo dos sectores norte e oeste da área metropolitana de Madrid; o Vallés, na periferia de Barcelona ou, nun modelo territorial distinto —tanto polo substrato histórico e xeográfico como pola dimensión do fenómeno—, a urbanización dunha boa parte do litoral galego, poden ser exemplos representativos e, dalgún xeito, modelos precursores para outros espacios e cidades. A partir de aí é cando podemos sinalar en España a fenda crecente entre a cidade tradicional compacta e a cidade contemporánea. Non só das periferias e a cidade central, senón entre unha periferia cada vez máis extensa e de menor densidade, heteroxénea e complexa, con maior extensión de solo ocupado e menores densidades, que marca a pauta do proceso de urbanización.

O interior da cidade perde poboación, pero selectivamente experimenta operacións de rehabilitación nos centros históricos e novos desenvolvementos terciarios e comerciais nos centros que conservan graos importantes de accesibilidade para o automóbil e os transportes públicos. Actúan paralelamente procesos de desurbanización e reurbanización sobre a cidade e o territorio, procesos apoiados necesariamente nas infraestructuras que garanten as condicións de accesibilidade, ó tempo que especializan funcionalmente pezas urbanas e territoriais de maiores dimensións, o que paralelamente provoca a súa disgregación e a fragmentación da cidade, do mesmo xeito que as melloras da accesibilidad interrelacionan con frecuencias cotiás espacios cada vez máis afastados.

> Pero a transformación esencial consiste en que o espacio urbano, como globalidade, se fragmenta en multitude de pezas máis ou menos afastadas entre si; québrase a continuidade, característica básica da urbe ata entón. Os fragmentos agrúpanse arredor de pequenos núcleos de poboación preexistentes ou cristalizan *ex novo* en emprazamentos totalmente virxes. Xa non existe esa clara distinción paisaxista e funcional entre a cidade e o campo[2].

A fragmentación urbana e metropolitana, a expansión física das áreas de influencia e os novos comportamentos sociais en relación á residen-

2. López de Lucio, R. "La configuración de una región urbana dispersa: el caso de la Comunidad Autónoma de Madrid (1960-1993)", en Monclús, F. J. (ed.). *Op. cit.*, pp. 169-96.

cia e á demanda de modelos residenciais de baixa densidade, a carón dos movementos pendulares que afectan xa non só ó cabeza de familia senón tamén ós outros membros da mesma e á situación dos centros de traballo —condicionados tamén polos procesos de flexibilización productiva e mobilidade laboral—, permitiron cuñar un novo concepto: *metápole*, que busca definir este conxunto de procesos urbano-territoriais:

> Unha *metápole* é un conxunto de espacios nos que todos ou parte dos seus habitantes, actividades económicas ou territorios están integrados en funcionamento cotián (ordinario) dunha metrópole. Unha *metápole* constitúe xeralmente unha única conca de emprego, de vivenda e de actividades. Os espacios que compoñen unha *metápole* son fondamente heteroxéneos e non necesariamente estremeiros. Unha *metápole* comprende cando menos centos de milleiros de habitantes[3].

Entre os trazos que podemos sinalar nestes procesos destacan:

—A formación de periferias urbanas cada vez máis extensas, desde os límites metropolitanos ata espacios rurais afastados pero atractivos, cunha xustaposición e superposición de usos e procesos económicos. Unha periferia urbana conformada por pezas inconexas e distantes interconectadas mediante a rede de comunicacións, pero carente en moitos casos das relacións de vecindade necesarias derivadas da proximidade. Unha periferia que incorpora os espacios ós procesos de urbanización de forma selectiva, conformando un modelo urbano difuso que á súa vez xera modificacións na xerarquía e relacións territoriais dos sistemas urbanos. Periferias que acollen os novos modelos residenciais de baixa intensidade, con tipoloxías arquitectónicas de inspiración anglosaxona que lembran a cidade xardín. Urbanizacións nas que a residencia desenvolve funcións propias anteriormente dos espacios públicos (piscina, xogos, etc.) e nas que se vive unha modificación do papel da residencia para a familia ó converterse en lugar de consumo e lugar de traballo (telecomunicacións).

—Un modelo urbano no que é esencial o papel da rede de comunicacións terrestres que aseguran o funcionamento metropolitano, co exercicio da mobilidade, e das redes de alta velocidade que, incrementando a accesibilidade, permiten os desprazamentos entre cidades e concas de traballo diferentes. Papel determinante tamén das telecomunicacións para asegurar a conexión á rede dun arquipélago de pezas —*telépole*—, de maneira que é a rede a que garante a proximidade, a vecindade e as relacións públicas. A mobilidade cotiá medra en distan-

3. Ascher, F. *Métapolis ou l'avenir des villes.* Éditions Odile Jacob, París, 1995, p. 34.

cia e utiliza máis como parámetro o tempo empregado no desprazamento que os quilómetros percorridos.

—A descentralización industrial e productiva, mesmo de centros terciarios e direccionais, que acompaña a expansión da residencia polas periferias urbanas. Descentralización que se apoia na externalización de actividades industriais e na necesidade de fórmulas integradoras dos procesos productivos que requiren moitas empresas, fórmulas comos os distritos industriais especializados, nos que a estrada forma parte da cadea de montaxe ou como as áreas loxísticas, con funcións complementarias para a producción mediante a integración de transporte, almacenaxe, empaquetado e distribución.

—Novas esixencias para a localización de espacios productivos, especialmente para novas actividades de terciario-direccional: calidade ambiental, telecomunicacións, medio social e empresarial innovador, etc., que se traducen en novos productos urbanísticos: parques empresariais, centros tecnolóxicos, etc.

—Novos centros de comercio e ocio periférico, apoiados nas centralidades periféricas e na accesibilidade en transporte privado e no aparcamento gratuíto. A unha primeira proliferación de hipermercados seguiu un desenvolvemento posterior de centros comerciais con oferta diversificada e actividades de ocio e fórmulas máis recentes de grandes parques comerciais con varias cadeas especializadas.

—Redefinición do papel dos espacios rurais pola necesidade de intercalar espacios libres e protexidos entre as manchas difusas urbanizadas e de protexer espacios metropolitanos con valores medioambientais mediante figuras de ordenación rural, tanto para salvagardar algúns ecosistemas singulares como para fragmentar a voraz marea urbana.

—A segregación social e residencial que existía no interior da cidade trasládase ás novas periferias urbanas e territoriais, tanto polo papel selectivo das promocións (prezo e localización) como pola aparición de urbanizacións privadas extensas que limitan o seu acceso.

E fronte á tradicional correlación entre entidade municipal e núcleo urbano —identificación municipio e cidade—, relación na que se asentou boa parte do contido da planificación urbana e das competencias urbanísticas, os novos procesos urbanos sobardan os límites administrativos, especialmente os municipais, configurando novas unidades territoriais funcionais a través dos afastados movementos pendulares diarios e da mobilidade que proporcionan as novas infraestructuras. Novas unidades territoriais que superan o concepto de espacio metropolitano e o seu sistema organizativo mediante entidades metropolitanas. Procesos e formas de urbanización que esixen un modelo específico de goberno do territorio axustado ás súas características.

3. ¿O GOBERNO DOS NOVOS TERRITORIOS?

Sen dúbida, un dos retos que se presenta no momento actual é o da organización destes novos espacios. Non é este un problema novo. A preocupación pola organización das grandes cidades está presente nas leis dictadas nas décadas dos anos corenta e cincuenta para resolver o problema producido polo crecemento urbanístico das cidades de Madrid, Bilbao, Valencia e Barcelona; posteriormente, xa na década dos anos sesenta, apróbanse tamén mediante lei os réximes municipais especiais de Madrid e Barcelona. É, pois, evidente que o tema da organización das grandes cidades preocupou ós poderes públicos e aplicáronse solucións máis ou menos atinadas.

Dito isto, convén advertir que a cuestión que nos ocupa adquiriu hai tempo unha nova dimensión. Témonos referido á creación de novos espacios funcionais, cunhas características distintas ós sistemas metropolitanos xurdidos nos anos sesenta e setenta. Este proceso de transformación non afecta só ás que tradicionalmente se consideraron grandes cidades, senón que se estende tamén ás denominadas cidades intermedias. Atopámonos, polo tanto, ante a aparición de novos ámbitos territoriais urbanizados e en proceso de urbanización que se converten en centros neurálxicos para o desenvolvemento rexional, nacional e europeo.

O papel que se lles asigna esixe que se realicen neles importantes actuacións destinadas a garantir a súa competitividade. A capacidade destes espacios funcionais para atraer actividades productivas dependerá da calidade do entorno, concepto que abrangue aspectos moi variados: infraestructuras de comunicacións suficientes, equipamentos industriais e de servicios adecuados, solo abondo, un medio ambiente de calidade, oferta de ocio... De tal xeito que a recreación destes novos ámbitos territoriais en proceso de urbanización require a intervención dos distintos poderes públicos e tamén dos axentes privados. Xorde así o concepto de goberno do territorio fronte a formulacións ordenancistas. Non se trata só de ordenar o crecemento destas áreas, senón de intervir no territorio para transformalo, para recrealo.

Chegados a este punto, aparece a cuestión clave: quén goberna e cómo se gobernan estes novos ámbitos territoriais. A resposta á cuestión suscitada ten que ter presente a incidencia que no goberno deste territorio ten a estructura de poder definida no texto constitucional e concretada nos diferentes Estatutos de Autonomía e na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local. As distintas instancias de poder —local, autonómico e estatal— están lexitimadas para intervir nestes novos espacios, cada unha dentro do seu ámbito competencial. É evidente que tanto os problemas como as oportunidades xeradas nestes espacios trans-

cenden os intereses estrictamente locais, afectando ós intereses autonómicos e estatais. Non hai que esquecer tampouco o interese que a Unión Europea ten polas cuestións urbanas, como se amosou en varios documentos e publicacións, ata o punto de que se propuxo unha política europea para as cidades, e a Unión Europea traballa actualmente na elaboración dunha Perspectiva de Ordenación Territorial. Atopámonos co seguinte panorama: unhas realidades territoriais que constitúen verdadeiras unidades funcionais, cunha enorme potencialidade, nas que coexisten varias instancias de poder con capacidade para intervir nelas. Nesta situación existe o risco, ás veces feito realidade, de que cada un dos niveis de poder, teimando nos seus títulos competenciais, pretenda "patrimonializar" o territorio en cuestión, cos conseguintes conflictos. Esta actitude dos poderes públicos, que pon de manifesto o descoñecemento do carácter instrumental das competencias que se lles atribúen, pode levar ó desgoberno destes espacios.

Para evitar esta situación de desgoberno, froito dos enfrontamentos entre as instancias de poder con capacidade para intervir no territorio, avógase por unha nova cultura do territorio. Esta idea está perfectamente expresada nas seguintes palabras de García-Bellido:

> Fronte a este poder segmental da práctica política, a idea de que o espacio territorial non é exclusiva soberanía de quen o administra, senón que é de todos e para todos —como supremo reflexo da "solidariedade colectiva" cantada pola Constitución— e que, ó máximo, é percibido ou contemplado (non posuído nin actuado) por cada instancia con distintas perspectivas específicas ou ángulos de visión diferenciados sectorialmente, constitúe a idea motriz dunha necesaria consciencia e racionalidade para resolver [...] os conflictos que están latentes en toda leal competitividade por harmonizar as intervencións e mellorar a calidade de vida dos habitantes do territorio, único e último fin supremo da acción dos poderes públicos[4].

Así pois, o goberno do territorio en xeral, e aínda con meirande razón o goberno destes territorios en proceso de urbanización, que precisamente se caracterizan polo seu dinamismo e porque neles se concentran todo tipo de actividades económicas, sociais e culturais, esixe a integración das actuacións dos poderes públicos lexitimados para intervir nestes novos espacios. Pero non abonda coa actuación coordinada das distintas instancias de poder; é ademais necesario establecer canles que permitan a intervención dos sectores privados interesados na recreación (ou construcción) destes territorios, sempre baixo o control dos poderes públicos.

4. García Bellido García de Diego, J. "Aproximación a la estructura de las relaciones interadministrativas en las intervenciones sobre el territorio", en *La Ley de Aguas: análisis de la jurisprudencia constitucional.* INAP, Madrid, 1990, pp. 178-9.

Unha esixencia fundamental do goberno do territorio, consagrada na Constitución e na Carta Europea de Ordenación do Territorio, é a de que ten que ser democrático. Os cidadáns teñen que poder decidir cómo queren organizar o territorio no que conviven. A esixencia dun goberno democrático do territorio non queda plenamente satisfeita coa participación dos cidadáns a través dos seus representantes. Son eles os que teñen que intervir directamente na definición do proxecto territorial, que recollerá o conxunto de actuacións, públicas e privadas, orientadas a facer efectivo o modelo proposto. Semella oportuno neste momento chamar a atención sobre o perigo que pode supoñer a tecnocratización do territorio, é dicir, o predominio no goberno do territorio das decisións técnicas fronte ás solucións suxeridas polo conxunto dos cidadáns, ó considerar que aquelas son máis eficientes. De aí a necesidade de lograr un equilibrio entre a intervención dos técnicos e a dos cidadáns no goberno do territorio. Una participación cidadá máis fonda, que sexa capaz de detectar as necesidades e o uso do territorio de colectivos máis diversos, como, por exemplo, o uso do espacio metropolitano e a mobilidade das mulleres; fronte a modelos de participación pública informada só polas alegacións dos afectados directamente. Unha participación que incremente a identificación, o arraigamento territorial dos novos poboadores neste "proceso de colonización".

En suma, e respondendo a unha das cuestións propostas inicialmente, debemos concluír sinalando que o goberno dos novos espacios corresponde ás diferentes instancias de poder —locais, autonómicas, estatais e europeas—, que deberán actuar coordinadamente e en colaboración cos axentes privados, e ó conxunto dos cidadáns, que participarán directamente na definición do modelo territorial.

A segunda cuestión presentada é a de cómo gobernar estes espacios. Tense insistido en que as transformacións apuntadas nos sitúan ante realidades territoriais substancialmente distintas e tamén en que o texto constitucional definiu unha nova estructura de poder. No novo contexto territorial e de distribución de poder facíase inescusable a busca de novas formas para un goberno racional do territorio. O certo é que despois dos anos trancorridos non se pode dicir que a cuestión estea solucionada. Os intentos do Estado por incorporar á Lei do Proceso Autonómico algúns instrumentos que permitisen a coordinación coas Comunidades Autónomas das decisións con incidencia territorial fracasaron. Ó tempo, a maioría das Comunidades Autónomas optaron por aprobar leis de ordenación do territorio que regulan uns intrumentos omnicomprensivos, de carácter nominativo, a través dos cales, suponse, deben facer efectiva esta función pública, como se só a estas instancias correspondese a función de ordenar o territorio; instrumentos, por outra banda, pouco utilizados. A réplica do Estado prodúcese a través das

normas sectoriais con incidencia territorial —transportes, estradas, portos, aeroportos e outras—, ó establecer que nos conflictos territoriais que puidesen suscitarse coas Comunidades Autónomas prevalecerán as decisións do Estado. Non se realizou o mínimo esforzo por deseñar mecanismos de composicións de intereses territoriais en conflicto. Nesta situación, o Tribunal Constitucional trata de poñer orde definindo o que se debe entender por ordenación do territorio. Sirva o exposto para mostrar cómo aínda as distintas instancias de poder non realizaron o esforzo necesario para lograr un goberno racional do territorio.

As deficiencias sinaladas acentúanse nos novos territorios en proceso de urbanización. Vívese un momento de incerteza no que se refire ó goberno destes espacios, como o demostran as experiencias de Barcelona, Madrid, Sevilla, Valencia e Zaragoza. Seguen sen resolverse cuestións cruciais. Non se ten claro se a área metropolitana, concibida como entidade local, é unha institución adecuada no actual contexto para o goberno destes novos territorios. Así acontece que pouco tempo despois de constituírse a área metropolitana de Valencia se desmantela a de Barcelona, mentres que noutras *conurbacións* como Sevilla, Málaga e Zaragoza se propón a posibilidade da súa constitución. Está pendente de resolver tamén unha cuestión fundamental, como é a da planificación destes espacios. A pesar de que desde hai tempo se vén criticando a configuración actual da planificación urbanística e se avoga por un sistema adecuado á nova realidade territorial e á nova estructura de poder, non se produciron avances neste sentido, o que provocou que se recorra á planificación estratéxica, de contido económico e social, que pode chegar a convivir en difícil maridaxe coa planificación urbanística dos distintos territorios e mesmo con instrumentos de ordenación territorial aprobados para estes ámbitos espaciais pola Comunidade Autónoma correspondente. Tampouco se resolveu a cuestión da participación público-privada nas intervencións sobre estes territorios. É de agardar que as institucións implicadas en cada un destes espacios, tanto públicas como privadas, reflexionen sobre as solucións organizativas máis adecuadas para o goberno de cada territorio. As formas organizativas que se adopten deberán ter presente as peculiaridades de cada un dos espacios. A pesar diso, pódense apuntar algunhas pautas comúns a ter en conta no goberno destes novos espacios:

a) *É desexable un sistema de planificación adaptado ás novas escalas de intervención.*

A complexidade territorial das rexións urbanas aconsella que se distingan diferentes escalas de intervención. Adóitase diferenciar tres niveis: o primeiro nivel inclúe a totalidade do territorio funcional; o segundo nivel coincide cos términos municipais de cada un dos concellos

e no terceiro nivel de intervención inclúense as áreas aptas para a execución de proxectos urbanísticos con capacidade para estructurar o territorio. A cada unha destas escalas ou niveis corresponde un instrumento específico de planificación.

A articulación destes novos espacios lógrase a través de plans de carácter estratéxico que serven de marco de referencia e orientan as actuacións públicas e privadas no conxunto do territorio. Cómpre advertir que estes plans, de contido esencialmente económico-social, non teñen carácter normativo e a súa forza reside no consenso que se acade sobre as súas propostas. Estes plans contan xa cunha experiencia en España, que é necesario avaliar.

A planificación dos términos municipais de cada unha das cidades que forman parte dese espacio lévase a cabo a través dos instrumentos de planificación urbanística. No novo contexto no que nos atopamos semella conveniente reconsiderar a vixente concepción dos plans urbanísticos. Deberán, polo tanto, superar o seu contido tradicional, sendo algo máis que simples normas configuradoras da propiedade urbanística e preocupándose polo seu vencellamento coas estratexias territoriais.

O último nivel é o adecuado para a execución de actuacións urbanísticas con capacidade de transformar e estructurar o territorio. A intervención nesta escala prodúcese a través de instrumentos mixtos que, ó tempo que ordenan o ámbito territorial, proxectan as actuacións a realizar.

b) *A inadecuación da área metropolitana para a organización destes espacios.*

Son varias as razóns que desaconsellan a constitución dunha entidade local supramunicipal como é a área metropolitana. Por unha banda, os receos e desconfianzas dalgúns municipios pola perda de poder que pode supoñer a creación da área metropolitana, o que fai que se pechen no seu dereito á autonomía. Outra das razóns é que a constitución dunha nova instancia de poder non fai senón complicar o xa complexo panorama administrativo. Non menos importantes son os problemas de financiación destas entidades locais. E por último, sinalar que esta solución organizativa, aínda que permite coordinar as actuacións dos distintos concellos, non fai posible integrar as actuacións das Administracións estatal e autonómica. A inadecuación da área metropolitana propiciou o auxe doutras institucións, como é o caso dos Consorcios.

c) *A aposta polas solucións pactadas ou concertadas: o contrato-programa.*

As grandes actuacións destinadas á transformación destes espacios esixen o compromiso de todas as Administracións implicadas e mesmo dos axentes privados. A forma adecuada de concretar estes compromi-

sos é o denominado contrato ou acordo programa, no que se precisan as actuacións a executar por cada unha das partes asinantes, os prazos de execución e a participación no financiamento. A Administración central francesa utilizou os denominados contratos de cidade para facer efectiva a súa política urbana; con este fin negocia coas cidades a realización de operacións de vivenda, rehabilitación de barrios... A Carta Municipal de Barcelona, recentemente aprobada, contempla o contrato-programa como un dos instrumentos para facer efectiva a coordinación administrativa.

J. H. L.
P. C. B.

Galicia no país dos xeógrafos

Rubén Camilo Lois González

... o intelectual xa non pode ser considerado como unha fonte de Lei e Autoridade, un profeta-sacerdote-poeta romántico, senón que se converteu nun humilde detective que vive, como todos nós, baixo a autoridade e a lei da metrópole contemporánea...

Iam Chambers.
Maps of the Metropolis: A Possible Guide to the Present.

A crise das grandes ideoloxías, o descubrimento das outras culturas, do desenvolvemento desigual e a mala conciencia que esperta a historia do século XX, onde se acadaron niveis de benestar humano nunca coñecidos e ó mesmo tempo se democratizou a guerra, se xeneralizou o exterminio de poboacións enteiras e, por fin, fomos posibilitados a ser testemuñas directas de todo o que aconteceu e acontece, axudan a entender que xunto á dimensión temporal e social das análises se recuperase a perspectiva espacial. Cada lugar do mundo é particular, diferente, adquire importancia de seu a pesar de que se poida conectar cada vez mellor con multitude doutros lugares; calquera pequena porción de terra traduce ó mesmo tempo as actividades e prácticas das comunidades que a habitan e constitúe un ámbito de vivencias e percepcións singulares de todos e cada un dos seus habitantes. Os territorios máis cativos reflicten sempre o desexo dunha sociedade, ou dos seus dirixentes, por fixar demarcacións, límites ou fronteiras aínda que os efectos da globalización creen espacios a escala planetaria a través da telemática ou da uniformización dos modelos de comportamento e de consumo. Recuperar o interese polos espacios xeográficos convértese nunha necesidade crecentemente asumida e, a este respecto, é bo comenzar polo propio país aportando unha nova visión do mesmo, reinterpretándoo.

1. UN TERRITORIO QUE ENCOLLEU. ESPACIO ÚTIL FRONTE A ESPACIO "INÚTIL"

Se establecemos unha comparación entre principios do século XX e estes últimos anos da centuria temos que afirmar que Galicia é moito máis pequena, aínda que calquera publicación estatística continúe constatando que a súa superficie de aproximadamente 30.000 Km^2 se mantén inalterable (é posible que se lle gañasen algunhas hectáreas ó mar mediante a realización de múltiples recheos con finalidades urbanísticas ou portuarias nas cidades e vilas do litoral). Por unha parte, os xeógrafos mantemos que o conxunto do planeta, e o noso territorio non ía ser unha excepción, encolleu porque se rexistrou un acurtamento xeneralizado das distancias. Para o desenvolvemento das actividades cotiás pouco interesa que un país posúa tantos miles ou decenas de miles de quilómetros cadrados, o realmente importante é o tempo que se emprega en percorrer calquera traxecto e as posibilidades reais que se lle ofrecen á poboación para desprazarse. En concreto, na Galicia rural, campesiña e organizada a partir das parroquias de hai cen anos as saídas do lugar de residencia e traballo eran excepcionais e implicaban múltiples esforzos, entre os que topamos o gran número de horas que se tardaba en chegar ó punto de destino. Sen ir máis lonxe, o meu bisavó para percorrer andando os 70 quilómetros que separaban a súa aldea preto de Palas de Rei da Ferradura de Santiago onde se celebraba o tradicional mercado dos xoves tiña practicamente que pasar sen durmir a noite anterior, adicada a camiñar; de aí que as viaxes se convertesen en algo excepcional, mesmo festivo, nun espacio que se percibía como un enorme conxunto de áreas rurais pechadas sobre si mesmas. Pola contra, hoxendía calquera de nós pode realizar un desprazamento dentro de Galicia sen maiores inconvenientes e consumindo tan só unha, dúas ou tres horas do seu preciado tempo. Isto explica numerosos fenómenos de gran trascendencia na organización do espacio actual, como o crecemento residencial das periferias das grandes cidades (xa non é necesario que vivamos nun pequeno piso, normalmente caro, dentro da urbe onde traballamos) ou as continuas viaxes que grupos cada vez máis numerosos da poboación realizan diariamente entre unha cidade e outra (o dato de que 40.000 vehículos privados entran en Compostela cada xornada é suficientemente expresivo dos cambios operados). Ás veces, nin sequera paga a pena desprazarse fisicamente pois o desenvolvemento das tecnoloxías de transmisión instantánea de información evita a necesidade de moverse.

As distancias xa non son un problema serio para un territorio das dimensións de Galicia, pero ó mesmo tempo o proceso de urbanización rexistrado desde os anos 1960 fixo que a gran maioría de nós se

concentrase nun espacio de pouco máis de 7.000 Km^2, isto é, menos da cuarta parte da extensión total das catro provincias. No denominado eixo atlántico ou diagonal galega que se estende entre Ferrol e a fronteira portuguesa incluíndo os dinámicos sectores do Golfo Ártabro e as Rías Baixas, residimos as tres cuartas partes dos galegos e xérase unha porcentaxe aínda maior do PIB da Comunidade Autónoma. De aí que se fale da existencia dun espacio útil en Galicia fronte a un amplo interior rural afectado por graves problemas de despoboación e avellentamento, no que só algunhas cidades capital de provincia (Ourense e Lugo) e pequenos núcleos urbanos que exercen como cabeceira comarcal se presentan como lugares dinámicos nun contexto xeral de tendencia ó abandono. Estamos, como hai case dez anos afirmaba X. M. Souto González, diante do resultado dun cambio do valor do solo que deixa de aproveitarse en función da súa productividade directa (fundamentalmente agraria) e pasa a ser unha mercadoría que adquire diferente consideración segundo a proximidade ou non a un núcleo habitado, a súa accesibilidade ou a súa clasificación nos documentos de planificación (urbano, urbanizable, reservado para a localización de empresas, etc.), entre outros moitos factores. A este respecto, no marco do capitalismo outórgaselle cada vez máis importancia ós procesos de desenvolvemento desigual. As regras impostas pola economía de mercado tradúcense, a distintas escalas, na profundización dos contrastes interterritoriais, non só entre o mundo desenvolvido e subdesenvolvido senón tamén entre o centro e a periferia continentais (como no caso da Unión Europea) e no interior de pequenos países como Galicia onde se detecta unha crecente subordinación das áreas rurais, orientadas a satisfacer determinadas necesidades alimenticias e de ocio das poboacións urbanas, respecto á puxante área que se estende entre A Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo.

Outra manifestación dos cambios operados recentemente é a perda de diversidade paisaxística interna do territorio galego. En primeiro lugar, as transformacións rexistradas na actividade agraria desde os anos 1960 resolvéronse na crise do tradicional sistema autoconsumista baseado no policultivo e supuxeron un forte aumento das producción gandeiras ou de determinados cultivos comerciais (viñedo, horticultura, etc.), mudando a fisonomía dos nosos campos que comezaban a perder habitantes a un ritmo moi rápido como consecuencia da emigración. Na actualidade, o que predomina na maioría das áreas rurais do país son os espacios do abandono (leiras que se deixaron de atender, monte baixo do que agora non se aproveita case nada ou superficies forestais escasamente ordenadas) que representan preto do 70 por cento da extensión de Galicia, porcentaxe aínda maior nalgunhas comarcas que historicamente presentaron problemas de superpoboación. Xunto a

eles, e como adiantabamos, unha parte minoritaria dos terreos concentran o substancial da producción campesiña e traducen unha crecente especialización rexional (noutros estudios xa estimamos que aproximadamente o 15 por cento da superfice do país é sobreexplotada para obter máis da metade do valor total dos rendementos agropecuarios, fronte ó 60-70 por cento característico da Unión Europea). Así, en Lugo e os concellos do interior da Coruña e Pontevedra especializados en gando vacún de leite topámonos cunha sucesión de prados e outras superficies herbáceas que a penas deixan lugar ós cultivos, confinados ás terras marxinais; no Ribeiro, as Rías Baixas e os vales do Sil e de Verín, as vides e a horticultura definen paisaxes completamente diferentes, pero cada vez menos diversas no seu interior, etc. Quizais esta perda de riqueza paisaxística é o tributo necesario que houbo que pagar na dinámica de modernización das antigas estructuras campesiñas. Sen embargo, o aproveitamento tan desigual das áreas con potencialidades agrarias constitúe un dos graves problemas, moitas veces ignorado, que acusa o noso mundo rural e que se traduce, por unha parte, no emprego masivo de zurros e abonos en parcelas ás que se lle esixe que dean máis rendementos dos razoables, mentres por outra parte o monte ou algunhas leiras das proximidades continúan estando abandonados.

Polo que se refire ós núcleos urbanos tamén se rexistrou un empobrecemento xeneralizado da calidade dos espacios construídos. Galicia acostumbra a sorprender ó visitante foráneo pola beleza dalgúns lugares e, tamén, polo desenfreo edificativo que caracterizou a moitas vilas e cidades de todo o territorio. O feito de que nalgunhas poboacións de 5.000 ou 8.000 habitantes se chegasen a levantar bloques en altura de 5, 6 ou mesmo 10 pisos e se destruíse boa parte do patrimonio arquitectónico herdado resulta inconcibible, froito dun afán de lucro sen límites que hoxendía se reflicte nunhas escenas e paisaxes urbanas carentes de calquera interese estético. Ademais, as tipoloxías constructivas utilizadas, moitas veces seguindo os modelos menos custosos provenientes do exterior, xustifican que nos sexa case imposible distinguir unha vila ou un barrio urbano de outro (senón podemos facer a proba tentando identificar as imaxes de vilas que de cando en vez se emiten en televisión para encher ocos entre a publicidade). Conxuntos informes de edificios demasiado altos, construídos con materiais mediocres e localizados á beira de rúas estreitas e en ocasións irregulares, son algúns dos resultados máis tanxibles do noso recente proceso de urbanización e cambio económico.

A utilización da perspectiva de análise espacial permite individualizar determinados problemas que se asocian ás fondas transformacións sociais, productivas e territoriais que tiveron lugar en Galicia nos últimos decenios. Outra cuestión que nos interesa abordar de forma moi

sintética é a existencia dunha serie de tópicos a partir dos cales se elaboran as grandes caracterizacións xerais do país. Un territorio rural por excelencia, afírmase, onde calquera dificultade interposta ás actividades agrarias e pesqueiras se interpreta como un ataque directo ós "nosos sectores productivos", en definitiva, unha ameaza global ó futuro económico de Galicia. Resulta ata certo punto normal que fronte a determinadas políticas de limitación á producción nas áreas máis problemáticas do territorio (aquelas que se avellentan e sofren unhas fortes perdas demográficas) xurdan frases grandilocuentes, pero isto non ten por qué traducirse nunha lectura errónea da situación actual. Por unha parte, o territorio galego xa non pode definirse en termos de ruralidade pois a maioría da súa poboación reside en cidades e outros espacios urbanos e, sobre todo, non depende da agricultura e da explotación dos recursos marinos para obter o substancial dos seus ingresos. Moitos de nós nacimos no seo de familias vinculadas, en diferente medida, ó traballo no campo e na mar, pero o noso propio ciclo vital fixo que abandonasemos a aldea ou o pequeno pobo de orixe e pasasemos a vivir nunha urbe ou na súa inmediata periferia onde desenvolvemos actividades desvinculadas por completo das agropesqueiras. Mantemos un grande apego existencial á terra de onde saímos e ás persoas, xa moi poucas, que continúan a traballar nela e este sobredimensionamento afectivo explica que unha sanción ós supostos excesos de producción láctea (ademais adoptada polos burócratas europeos) ou as dificultades xurdidas á nosa flota para manter caladoiros de pesca se interpreten como auténticos dramas colectivos, valorando o seu impacto moi por riba da realidade. De feito, debemos lembrar que como acontece nos países desenvolvidos o segmento máis numeroso da nosa forza de traballo xa se concentra no denominado sector servicios (que por certo é tipicamente urbano) e que a riqueza xerada pola industria supera en case toda Galicia a estrictamente agraria. Cómpre estar de acordo coas organizacións labregas ou de traballadores do mar cando, desde unha perspectiva social e mesmo ecolóxica, defenden os pequenos e medianos productores do sector primario das catro provincias e apostan decididamente pola súa continuidade cara o futuro. Así e todo, non esquezamos que as políticas de cotas implantáronse na Comunidade Europea asociadas a medidas de protección da agricultura e a gandería dos países membros fronte á competencia do exterior que tería arruinado moitas explotacións en poucos anos e que as prácticas pesqueiras agresivas polas que os galegos somos, desgraciadamente, coñecidos en bastantes áreas do mundo ameazan o propio porvir desta actividade nun prazo non moi distante de tempo. Como calquera país situado en Europa, a importancia das tarefas agrarias e mariñeiras dentro da economía decaeu notablemente, os espacios rurais serven de lugar de residencia cada

vez a menos xente e os nosos comportamentos fronte ós problemas do sector primario traducen en bastantes ocasións actitudes de desprezo cara ós outros, algo que comeza a ser unha actitude estendida entre as nacións ricas (e insolidarias) coas que cada vez compartimos máis elementos en común.

A idea do atraso de Galicia, formulada maxistralmente en diversas obras publicadas na década dos 70, serviu de coartada para autorrepresentarnos como un país fortemente individualizado e, ó mesmo tempo, para que nos comportasemos de xeito crecentemente parello ós habitantes dos territorios veciños. No fondo, o que subxace nesta situación paradoxal é a ausencia de auténticas análises en profundidade sobre o tipo de sociedade complexa que fomos conformando nos últimos decenios e como a mesma se ve influída por dinámicas de carácter xeral (volvemos ó tema da globalización). Se por considerarnos un territorio atrasado proliferaron os discursos en defensa de medidas de apoio ós denominados "sectores productivos" (a actividade agraria e pesqueira, así como un impulso a prol da industrialización, xa que sempre se admitiu que esta foi moi débil), agora descubrimos que en calquera outra parte de Europa acontece o mesmo, sempre a partir da fixación dunha idea conductora e simplista que pretende resumir realidades moito máis diversas. Así, o "maltratado" campo francés ten que organizarse para seguir defendendo as súas cotas de mercado contra as inxerencias externas, as augas territoriais británicas deben ser protexidas dos novos "piratas" que veñen do sur (curiosamente para capturar peixe, un producto bastante excepcional na dieta da illa) e as medidas de industrialización, reindustrialización, ou como queiramos chamalas son reclamadas por todas as rexións do mundo desenvolvido, precisamente cando moitas plantas fabrís migraron cara ó Terceiro Mundo debido ó afán de lucro dos seus propietarios e ós menores controis ambientais. Somos atrasados e somos diferentes, pero tamén somos iguais, pois a uniformización de moitos modelos de conducta a escala planetaria (desde marcharse a residir ás periferias das cidades ata o consumismo ou a importancia outorgada ó benestar material), fan que nos acheguemos sen querelo a aquelas realidades do mundo capitalista desenvolvido que miramos desde a distancia e mesmo desprezamos. A interpretación da Galicia actual en base a unha serie de ideas xerais prefixadas debe comezar a ser revisada en profundidade sen esquecer a xustaposición global/local que define ás sociedades do noso tempo.

Nos anteriores parágrafos adoptamos unha posición quizais excesivamente crítica respecto ó país no que vivimos, ó que nos sentimos apegados, e en relación cos tópicos que se foron creando a partir de análises superficiais ou xurdidas, cun fondo de razón, no pasado. Non desexamos estendernos sobre aqueles aspectos máis positivos da evo-

lución recente nin en relación co valor que supón (en todas as ordes incluída a económica) manter unha cultura e unha lingua propia e un forte sentimento de pertenza a unha comunidade territorial. A función do científico humano ou social (do novo detective como recolliamos ó comenzo) debe ser necesariamente crítica e nesa crítica resulta bastante útil basearse en argumentacións espaciais, referirse ós espacios encollidos e paisaxisticamente pobres do presente. Por último, non resistimos a tentación de desmontar outro tópico xeográfico repetido ata a saciedade e consistente na teórica dispersión do noso poboamento. Cando tres de cada catro galegos vive nunha pequena franxa de terra cunhas densidades superiores ós 100, 200 ou 300 hab/km^2, onde os novos edificios se constrúen seguindo as vías de comunicación, a liña de costa ou en función da presencia dun núcleo urbano, falar e crer que hai dispersión resulta moi curioso.

2. O CASO DOS MAPAS MUTANTES. A PROPÓSITO DAS ESCALAS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL

Unha das tradicionais contradicciónsque acompañaron o traballo do xeógrafo e doutros científicos sociais foi a de analizar áreas, sectores ou entidades territoriais xa existentes de antemán que foron creadas por decisións político-administrativas puntuais, en bastantes ocasións seguindo criterios desafortunados. Esta evidencia provocou que, desde o seu nacemento como disciplina autónoma, unha parte da Xeografía insistise en facer delimitacións máis coherentes dos espacios obxecto de estudio, aínda sabendo que as rexións, as comarcas ou as unidades de análise creadas só terían valor dentro dos debates desenvolvidos na propia comunidade científica. O problema ás veces xorde cando algún xeógrafo ou analista territorial ten a capacidade real de participar no trazado de fronteiras e límites, e asume este papel tentando impoñer desde o seu exclusivo punto de vista persoal o xeito de entender a organización dun país ou unha rexión (en ocasións cremos que somos os únicos capacitados para o diagnóstico e a planificación territorial, e como bos déspotas ilustrados debemos actuar segundo nos dá a entender a nosa razón, sen contar con outros profesionais nin atender as preferencias e desexos das xentes). Esta forma de intervir no territorio baixo os principios dunha errada práctica xeográfica ten varios precedentes lamentables que todos debemos lembrar, desde a participación de J. Demangeon nas conversas que redefiniron baixo o espírito da vinganza o mapa europeo no Tratado de Versalles ata, a un nivel máis modesto, a colaboración prestada ós Plans de Desenvolvemento na España dos anos 60 e 70. Nos últimos anos, en Galicia topámonos cun exemplo desgraciadamente similar consistente en establecer unha es-

tructura comarcal do territorio (algo que en principio non está mal, pero que, como xa apuntaremos, non debe aplicarse a todo o país), sen crear entidades administrativas a tal efecto (sorprendentemente a través de fundacións instrumentais). Ademais, todo o proceso desenvólvese ó mesmo tempo que outros organismos da administración autónoma van comarcalizando pola súa conta (mapa sanitario, de servicios sociais, distribución das axencias de Extensión Agraria, etc.) ou negan explicitamente a posibilidade de que poidan existir a curto prazo estas unidades de carácter supramunicipal (a este respecto, cómpre ler a Lei de Ordenación do Territorio). Por se isto fose pouco, a proposta de comarcalización formulada cambiou polo menos media ducia de veces, creando o escenario propio para que Galicia se convertese no país dos "mapas mutantes", onde de pronto desaparecen a Terra de Soneira ou A Ulloa e logo volven aparecer, xúntanse e segréganse concellos en base a calquera tipo de argumentos e, iso si, corren ríos de tinta sobre unha cuestión que seguimos sen ter claro para qué serve. Supoño que pode ser certamente pracenteiro trazar liñas enriba dun mapa, emulando a unha escala moi cativa o que desde os monarcas absolutos ata os líderes mundiais reunidos en Ialta fixeron con relativo éxito histórico, pero persoalmente somos moitos os xeógrafos que consideramos máis importante entender primeiro as claves da organización dun espacio e a partir de aí, coñecendo os comportamentos e desexos da comunidade e traballando con outros especialistas, facer propostas modestas de ordenación. Digo propostas, pois aplicar novas divisións do territorio é unha función dos representantes e líderes políticos.

A historia contemporánea de Galicia é o marco dun desencontro entre as formas que a sociedade utilizou para organizarse espacialmente e as divisións político-administrativas que lle foron impostas desde instancias exteriores. Está completamente asumido que no mundo campesiño tradicional hexemónico ata os anos 1960, a parroquia actuaba como a unidade territorial e célula de relación básica para a comunidade. Como moi ben apuntou C. Lisón Tolosana, os habitantes dunha mesma parroquia considerábanse entre si veciños, desenvolvían sistemas de axuda mutua no traballo do campo, compartían o seu tempo de lecer en festas e fiadas, mantiñan moitas veces un control comunal sobre os terreos do monte e percibían os mesmos elementos constructivos e paisaxísticos como símbolos da identidade do pequeno territorio (a igrexa, a escola, a taberna, etc.). As persoas das parroquias próximas eran consideradas, en maior ou menor medida, foráneas e as disputas de calquera tipo en romerías ou feiras nas que se producía un contacto entre distintas comunidades contribuían a reafirmar a identidade veciñal. No fondo, a parroquia era o ámbito espacial onde se pasaba boa parte da vida, nunha sociedade abrumadoramente rural na que as posi-

bilidades de desprazarse (fóra da emigración) eran moi escasas e reservadas a días excepcionais. Debemos lembrar que neste contexto Galicia presentábase como un inmenso territorio rural repregado sobre si mesmo e que o mantemento dunha lingua propia, a pesar dos intentos castelanizadores iniciados hai varios séculos, só pode explicarse tendo en conta esta realidade. Como xa apuntamos, esta situación mudou por completo en épocas recentes nas que se asiste a unha crise xeneralizada do protagonismo das parroquias. Dunha banda, o éxodo rural masivo e as mudanzas económicas que se sucederon desde mediados do presente século xustifican a desaparición tanto dos modelos tradicionais de rendibilidade da terra como, e isto é moito máis importante, da hexemonía do mundo campesiño nas catro provincias que deben comezar a ser interpretadas en clave de urbanización. Este termo, urbanización, axuda a entender cambios nos hábitos colectivos que se traduciron na decadencia do parroquial, xa que a poboación (independentemente do lugar onde viva) cada vez é máis móbil e consume espacios moito maiores que os da súa freguesía para desenvolver as actividades cotiás, os seus comportamentos económicos están presididos polo desexo individual de obter beneficios o que provoca un progresivo abandono dos sistemas de axuda mutua ou das formas de propiedade comunal, e o goce do tempo de lecer segue novas pautas, normalmente de orixe cidadá, que en case todos os casos desbordan o marco dos territorios parroquiais. Resulta ata certo punto difícil explicar nunhas poucas liñas unha dinámica tan complexa e cargada de matices como é a do declive recente da parroquia, pero en resumidas contas estamos diante dun dos efectos máis claros das transformacións económicas, sociais e culturais sobre a organización do espacio galego. En moitas ocasións seguimos sentíndonos identificados en certo grao, sobre todo se non residimos nunha urbe, coa parroquia na que estamos domiciliados (e así o facemos constar cando se nos pide o noso enderezo ou cando falamos do ciclo festivo anual), pero normalmente traballamos fóra dela, os nosos amigos e relacións profesionais sitúanse no exterior, coñecemos só superficialmente ós nosos veciños e se desexamos gozar do noso tempo libre collemos o coche para desprazarnos a outros espacios.

Na sociedade campesiña e organizada en función de pequenos territorios rurais de comenzos do século XIX, a decisión adoptada desde Madrid consistente en establecer unha división municipal para todo o Estado inaugurou un longo período no que a organización político-administrativa de Galicia tiña moi poco que ver coa articulación real do espacio. Os concellos implantáronse dun xeito artificial, seguindo uns modelos tomados das áreas de hábitat concentrado do centro e o sur da península, e o seu débil arraigo ata os últimos tempos traduciuse

tanto na escasa vitalidade dun gran número de núcleos que exercían de cabeceira municipal como na importancia acadada polos ámbitos comarcais para o conxunto de transaccións económicas que obrigaban a saír da parroquia de orixe (predominio das áreas de influencia definidas a partir da celebración de feiras e mercados periódicos ou da existencia dunha rede de vilas distribuídas dun xeito máis ou menos regular). Só a partir de 1979, coa democratización definitiva da vida local, os concellos comezan a actuar como entidades asumidas polo conxunto da poboación, escenarios de loitas políticas, unidades de toma de decisións transcendentes e territorios clave para comprender a organización das forzas políticas que actúan na Comunidade Autónoma. En todo este proceso tamén axudou a consolidación do tantas veces nomeado Estado do Benestar, especialmente a dotación de certos servicios públicos (centros de ensino obrigatorio, de saúde, prazas de asistencia social, etc.) tomando como referencia a escala municipal. O reforzamento dos concellos coincide no tempo coa crise da vida parroquial, pero o debilitamento dos pequenos territorios tradicionais de organización comunitaria non se traduce directamente nunha asunción da súa funcionalidade polos municipios (instancia aínda moi marcada pola súa orixe político-administrativa) senón que nesta dinámica debemos ter en conta tanto a crecente importancia que foron cobrando as cidades na articulación do territorio como o protagonismo das vilas cabeceira centralizando espacios comarcais.

Desde os anos 1970, e coincidindo coa aparición dos primeiros estudios rigorosos sobre a organización interna do territorio galego, comezouse a insistir no papel xogado por unhas corenta ou cincuenta vilas repartidas por todo o país á hora de definir espacios supramunicipais bastante cohesionados, as comarcas funcionais. Sen lugar a dúbidas, a maioría dos núcleos de poboación que contabilizan entre 2.000 e 15.000 habitantes e se localizan en lugares accesibles veñen actuando como indiscutibles centros do comercio, os servicios persoais e públicos desenvolvidos para atender as demandas crecentes da poboación rural dos arredores. Aínda que no pasado se estableceron delimitacións das catro provincias seguindo como criterio de referencia as bisbarras naturais (Baixo Miño, Ortegal, Bergantiños, A Terra Cha, etc.), nos últimos decenios a interpretación do fenómeno comarcal fíxose tendo en conta que unha vila (pensemos en Lalín, Ortigueira, Tui, Carballo, Vilalba, etc.) era o lugar ó que acudían con frecuencia as xentes das parroquias e concellos próximos a mercar productos de consumo máis ou menos habituais, onde os adolescentes se desprazaban a estudiar nun centro de ensino secundario, e tamén a entidade na que se concentraba a oferta dos novos establecementos de ocio e numerosos investimentos dos emigrantes das áreas veciñas que optaban por retornar definitiva-

mente a súa terra. Pode acontecer que en bastantes casos nas xeografías de Galicia e nos ensaios sobre delimitación do territorio se considerase oportuno manter as denominacións de comarca utilizadas desde hai algún tempo e que aluden a unha unidade ou accidente físico, pero o emprego de nomes como o Deza, Bergantiños ou Terra Cha, entre outros, significa inequivocamente o espacio organizado por Lalín, Carballo ou Vilalba (subsidiariamente Meira) en cada un destes casos. A comenzos dos anos 80 existía a convicción xeneralizada de que o noso país posuía unha organización de base comarcal que mesmo cuestionaba a viabilidade de certas demarcacións administrativas clásicas como o municipio e a provincia. Deste xeito no articulado do Estatuto de Autonomía afirmouse explicitamente a necesidade de recoñecer a personalidade das comarcas (e tamén das parroquias), como ámbitos esquecidos polas divisións políticas existentes. Esta declaración xenérica non chegou a plasmarse nunca na elaboración dunha lei específica que contemplase a realidade comarcal e de forma parella ó que aconteceu coa parroquia que empezou a ser tomada en consideración cando os seus síntomas de decadencia eran palpables, agora fálase de comarcalizar (sempre dunha forma insuficiente ó non implicar atribucións administrativas para os territorios supramunicipais creados) cando a organización do espacio galego xa se explica noutras claves diferentes, polo rápido proceso de transformacións económicas, sociais e culturais que se teñen operado nos últimos vinte anos.

Na actualidade, e como xa apuntamos, a maioría da poboación e da riqueza de Galicia concéntrase nas áreas próximas ó litoral que conforman o eixo urbano atlántico. Estamos diante dun espacio que amosa perfectamente as consecuencias da dinámica urbanizadora (crecemento das cidades nun primeiro momento e das súas periferias na actualidade, usos do solo non agrario aínda que poidan manterse sectores especializados na agricultura ou gandería intensivas, boas comunicacións internas, etc.) e onde a organización comarcal do espacio, a pesar de pervivir, non posúe un papel determinante. Así, no norte deste eixo a área de Ferrolterra preséntasenos como un sector tradicional de crecemento urbano difuso vinculado á localización de grandes empresas (cando a construcción naval estaba no seu apoxeo, Fene, Narón ou Neda transformáronse tanto como a propia cidade de Ferrol), no que desde hai moito tempo non é posible falar da existencia dunha bisbarra no senso estricto do termo senón dunha aglomeración urbana con caracteres e interrelacións funcionais bastante complexas (non existe unha cabeceira que satisfaga as necesidades da poboación predominantemente rural dos entornos, senón un proceso de industrialización que afecta a varios territorios e de crecemento residencial xeneralizado que adopta diferentes variantes morfolóxicas segundo o sector do que se

trate). A través dun corredor de intensa ocupación e onde a pluriactividade económica é o trazo máis representativo (as áreas de Pontedeume e Betanzos) Ferrolterra conecta con outra aglomeración de orixe cidadá organizada pola Coruña. Neste caso topámonos cun fenómeno de desenvolvemento urbano recente que desbordou os límites municipais da cabeceira provincial e que hoxe en día necesita dunha solución para os seus problemas internos (localización de certos equipamentos, planeamento urbanístico concertado entre as distintas entidades locais, rede de comunicacións integrada, etc.) a escala mancomunada ou mesmo metropolitana (solicitando a creación formal dunha Área Metropolitana tal e como se recolle na Lei de Bases de Réxime Local). Desde comenzos dos anos 80, a designación de Santiago como capital da Comunidade Autónoma xustifica que a súa área urbana (estendida polos concellos de Ames, Teo, Brión e parte de Oroso, dun xeito similar á da Coruña por Oleiros, Culleredo, Sada, Arteixo, etc.) sexa a que presenta un maior ritmo de crecemento en toda Galicia. É certo que entre Santiago e A Coruña aínda se localizan algúns territorios que manteñen a dominante rural, pero a súa significación vai retrocedendo ano a ano; ademais, se nos orientamos en dirección sur, hai que referirse á presencia dun continuo de urbanización cara ás penínsulas da Barbanza e o Salnés, Pontevedra e Vigo. De feito, a aglomeración urbana formada a partir destas dúas cidades principais e o dinámico sector das Rías Baixas (predominio das actividades secundarias e terciarias, crecemento constructivo incontrolado, elevados niveis de mobilidade da poboación, etc.) presenta bastantes semellanzas coa existente entre Ferrol e A Coruña (se se prefire no Golfo Ártabro).

Ó longo ou na periferia do eixo urbano atlántico é posible detectar o funcionamento dalgunhas dinámicas comarcais, pois vilas como Carballo, Betanzos, Caldas de Reis ou Tui, entre outras, seguen actuando como cabeceiras de espacios que engloban varios concellos. Sen embargo, a existencia destas bisbarras funcionais xustaponse a realidades máis complexas como é a crecente relación que se establece entre as poboacións distantes trinta ou corenta quilómetros dunha cidade e o gran centro urbano próximo. Tomando como referencia dous territorios concretos, A Laracha e Tomiño, podemos afirmar que no primeiro caso a súa pertenencia a Bergantiños queda sinalada polas relacións de dependencia que mantén coa vila de Carballo e no segundo co Baixo Miño se consideramos a proximidade do núcleo de Tui, pero ó mesmo tempo moitos habitantes da Laracha ou de Tomiño xa traballan nas áreas da Coruña ou de Vigo e son numerosos os habitantes deses espacios urbanos que posúen residencias secundarias nestes concellos relativamente próximos, co que a dinámica espacial presenta moitos máis matices do que unha simple (e bidimensional) delimitación en comarcas

deixa entrever. En síntese, se boa parte dos galegos (aproximadamente o 75 por cento do total) reside no eixo urbano atlántico e as súas proximidades, a solución comarcal consistente nun confuso procedemento de agrupar varios concellos en función dun centro urbano elemental non semella ser a opción máis idónea para acometer unha nova ordenación interna do noso territorio. Cando menos, é necesario combinar a práctica da comarcalización co tratamento dos problemas xerados polo proceso de urbanización difusa. A detección dos mesmos require tanto da realización de análises sobre os efectos da complementariedade ou competencia que se establece entre as distintas aglomeracións urbanas como da creación de entidades metropolitanas ou mancomunidades que funcionen no interior das mesmas.

O noso argumento consiste en lembrar que se no interior de Galicia pode ser factible unha organización comarcal do territorio (deseñada, iso si, dun xeito rigoroso), non é menos certo que nos estamos a referir basicamente a un amplo espacio (as provincias de Lugo e Ourense e a parte oriental das da Coruña e Pontevedra) que a penas contabiliza un millón de habitantes, menos que os espacios urbanizados de A Coruña-Ferrol, Santiago e Pontevedra-Vigo tomados conxuntamente. Nestes casos xa non é conveniente aplicar instrumentos de ordenación que parten do principio de interpretar o territorio baixo unha dominante rural onde os pequenos núcleos urbanos exercen de lugares centrais incuestionados. A realidade que se foi impoñendo nos últimos quince anos, e xa o comentabamos cando se tentou caracterizar a perda de importancia das tarefas agrarias e pesqueiras, reflicte os efectos dun crecemento incontrolado que acompañou o proceso de urbanización e sobre o que sería necesario intervir de forma prioritaria.

3. O PEQUENO É FERMOSO... E MOI ÚTIL

Cando nun artigo de dimensións necesariamente limitadas escribimos sobre aqueles temas que constitúen o substancial do noso traballo de reflexión e investigación, inevitablemente rematamos estendéndonos máis do previsto e alterando o esquema orixinario que debía ser seguido na exposición. Así, o que estaba previsto como tres partes máis ou menos equilibradas dentro deste artigo e unhas breves consideracións finais, rematan sendo dous eixos principais de argumentación e un terceiro apartado que, ademais de ser obrigatoriamente breve, ten que combinar o enunciado dalgunhas cuestións novas co seu carácter conclusivo.

Para os xeógrafos, e non se trata dunha frase baleira de contido, o pequeno adoita ser fermoso e clarificador dos procesos espaciais á vez. Ó comezo referiámonos á crise das grandes teorías explicativas de ca-

rácter xeral que foran incapaces de resumir nun conxunto de argumentos limitados unha realidade contemporánea crecentemente complexa e de establecer predicciónns de futuro cun mínimo de rigor. De feito, as interpretacións que pretendían contrapoñer de forma simplista dous modelos perfectamente definidos e pechados de situación (como por exemplo o desenvolvemento e o subdesenvolvemento, o capitalismo e o socialismo, o dinamismo económico asociado ó proceso industrial e á urbanización e o atraso á pervivencia das estructuras rurais e campesinas, etc.), comenzaron a ser abandonadas cando as análises sobre pequenas áreas se fixeron máis numerosas e cando unhas dinámicas socioeconómicas moito máis ricas do que se quería ver se impuxeron acompañadas de resultados non previstos. O mesmo aconteceu no noso país que, necesitado de grandes caracterizacións xerais, foi definido nos anos 1970 e inicios dos 1980 nunha serie de obras de enorme utilidade naqueles momentos, pero que aportaban unhas conclusións que moi pronto serían desmentidas por numerosos traballos de pescuda centrados en ámbitos territoriais restrinxidos e onde era posible analizar todos os factores que explicaban as transformacións que se estaban a rexistrar. Na actualidade, o labor dos organismos oficiais encargados de confeccionar estatísticas de todo tipo (demográficas, económicas, de vivendas, etc.) fai posible dispor dun amplísimo conxunto de informacións que nos permiten estudiar a realidade presente a escala galega, provincial e municipal (ás veces o volume de datos é tan impresionante que o investigador antes de nada debe aprender a seleccionar aqueles realmente significativos). Sen embargo, se o que tratamos é de comprender cómo están evolucionando determinados procesos de innegable importancia para os tempos que corren (pensemos no paro, nas estratexias seguidas para adquirir unha vivenda, no uso das cidades por parte dos seus habitantes, no nivel e calidade do emprego da nosa lingua en diversas áreas, etc.), xa non nos serven esas escalas tan amplas e cómpre descender a nivel da parroquia, do barrio, da rúa ou de determinadas comunidades que se individualizan dun xeito ou doutro para saber o que realmente está acontecendo. Desde a miña experiencia como profesor da universidade e director de varias teses de licenciatura e de doutoramento aprendín moito máis sobre os problemas urbanos da Coruña, Santiago ou Ourense porque algúns xoves investigadores comenzaron a traballar con informacións referidas a un simple distrito, polígono de vivendas ou urbanización que despois de ter lido varios estudios (algúns deles excelentes) sobre o sistema de cidades ou a organización do espacio de Galicia. A análise das estructuras e estratexias familiares pode aportar un conxunto de conclusións máis importante para entender a dinámica poboacional ou a situación da actividade agraria que o conxunto reiterativo de estudios

que se fan sobre as macromagnitudes demográficas ou as análises de conxuntura económica. Non se trata de desprezar os abundantes traballos que empregan como base das súas explicacións os numerosos datos de doado acceso subministrados polos distintos centros estatísticos oficiais, máis ben é necesario afirmar que fronte ó protagonismo que acadaron nos últimos tempos como instrumentos de comprensión da realidade faise imprescindible matizar e contrastar os seus resultados con investigacións a microescala. A utilidade e necesario pulo que deben adquirir as mesmas axudará no esforzo ("prometeico") de entender unha complexa realidade que cada vez se nos presenta máis inintelixible. Os nosos comportamentos, opinións e estratexias persoais ou do pequeno grupo no que nos integramos aclaran moitos procesos de enorme importancia que definen os parámetros sobre os que xiran as continuas tranformacións deste final de milenio.

Dun xeito máis ou menos explícito, ó longo desta reflexión pretendemos deixar claro que en Galicia non existe unha auténtica cultura favorable á elaboración de diagnósticos territoriais rigorosos orientados á intervención sobre ámbitos concretos. Por unha parte, a recente institucionalización académica das diferentes Ciencias Humanas e Sociais, e especialmente da Xeografía, fixo que en moitos casos as investigacións promovidas desde as mesmas se conformasen ou con recorrer a análises moi amplas sobre a dinámica social, económica e espacial do país ou con caer nunha especialización extrema que permitía abordar o coñecemento de aspectos parciais da realidade sen ter en conta o marco global no que se desenvolvían. Nos últimos tempos, a colaboración interdisciplinar progresou de forma evidente e, a título de exemplo, moitos xeógrafos ou economistas xa consideran inconcibible levar a cabo os seus traballos desprezando a Historia e a Socioloxía. Non obstante, en numerosas ocasións aínda nos vemos limitados para analizar e contemplar os principais problemas que afectan a unha determinada área polas múltiples implicacións que levan aparellados (cóstanos moito determinar de forma precisa o impacto ambiental de determinadas actividades productivas, correlacionar os datos demográficos cos problemas derivados da mobilidade da poboación, etc.) e ás veces optamos pola sinxela solución de recorrer a tópicos ou lecturas xeneralistas das realidades complexas. Coñecer o que fai o investigador da comunidade próxima, traballar con el en pé de igualdade e ser conscientes das limitacións dos nosos estudios son boas ferramentas para ir corrixindo as deficiencias, moi poucas veces asumidas, das nosas pescudas.

Por outra parte, as administracións públicas e certas empresas privadas que por lóxica deberían estar interesadas na realización de bos diagnósticos territoriais, case sempre mostran un escaso interese polos mesmos. Resulta bastante frecuente que tanto as institucións do poder

municipal como certos departamentos do goberno autónomo encargados de xestionar cuantiosas axudas ó desenvolvemento local, prefiran buscar unha rendibilidade inmediata (e electoralista) das súas intervencións antes que formular deseños ben razoados sobre as posibilidades de futuro que se lle presentan nunha determinada área aqueixada de profundos problemas demográficos e/ou derivados do incorrecto uso do espacio. De feito, os importantes recursos económicos que acompañan a aplicación das políticas comunitarias en certos ámbitos supramunicipais (por exemplo, os programas LEADER), rematan por non deixar a penas ningún resultado sobre estes territorios que continúan a perder habitantes e potencialidade económica dun modo similar ás áreas veciñas que non se beneficiaron destes enormes esforzos financeiros de carácter público. Un caso á parte constitúeo o urbanismo, pois os tímidos intentos de planificación racional do uso do solo con fins edificativos tópanse coa oposición de grupos ben organizados (promotores, empresas da construcción, propietarios, etc.) que presionan sobre os responsables políticos locais ata desvirtuar, nunha ampla maioría dos casos, os diagnósticos e propostas de intervención presentadas. Polo que se refire ó sector privado, a atomización e escasa profesionalización do empresariado xustifica que sexan frecuentes as improvisacións cando se trata de abrir novos establecementos comerciais, turísticos ou fabrís e que só en moi poucas ocasións se estudien previamente as posibilidades de mercado ou as vantaxes locacionais existentes (a ampliación dos negocios está máis determinada por políticas de subvencións conxunturais que pola realización de análises racionais previas sobre a súa viabilidade). En consecuencia, os estímulos exteriores á elaboración de traballos prácticos de índole territorial son máis ben escasos. Así e todo, a súa necesidade obxectiva nun país onde as desfeitas urbanísticas foron masivas, o espacio agrario utilízase dunha forma irracional e a conxestión de determinados sectores contrasta co progresivo abandono doutros, non ofrece dúbida ningunha. Aínda que resulte reiterativo, hai que perseverar na súa realización como forma de mostrar a utilidade real dun grande ámbito do coñecemento científico (o humano e social), que precisamente naceu para contribuír á mellora obxectiva das condicións de vida das persoas.

Nos últimos decenios, as disciplinas adicadas á análise territorial veñen insistindo en dous principios fundamentais que deben presidir as súas investigacións sobre a realidade: o estudio a diferentes escalas e a existencia de fenómenos espaciais de desenvolvemento desigual. Como xa tivemos ocasión de comentar, unha das causas da crecente complexidade das sociedades nas que vivimos vén dada pola superposición de procesos que operan a nivel xeral (os efectos da globalización), estatal, rexional e local. Xa non existe un ámbito territorial que poidamos consi-

derar clave para as nosas pescudas; a correcta análise das interrelacións que se establecen entre as dinámicas máis concretas e aquelas que operan en todo o mundo constitúe unha ferramenta imprescindible para comprender o que acontece no espacio. Así mesmo, se as Ciencias Sociais e Humanas tomadas conxuntamente se xustifican pola procura dunha maior xustiza económica e social que se vincule á mellora da calidade de vida da poboación, a análise espacial dentro deste gran marco de referencia no que se integra insiste na corrección dos desequilibrios e na substitución das prácticas tendentes á unha utilización irracional do territorio. Evidentemente, estes principios xurdidos como consecuencia do nacemento da episteme moderna e formulados por primeira vez pola Ilustración só se chegarán a desenvolver se somos serios e rigorosos na investigación, e nos afastamos das prácticas dogmáticas que durante moito tempo acompañaron á realización de numerosos estudios. O tempo das grandes explicacións pechadas xa pasou e debemos conformarnos con ser modestos detectives da realidade complexa, e marcada pola urbanización, dos nosos días. Non obstante, os ideais dunha ciencia ó servicio das necesidades colectivas teñen que manterse sen agardar solucións máxicas ós múltiples problemas suscitados.

R. C. L. G.

As freguesías no contexto da Administración pública portuguesa

Artur Manuel Moura Baptista Pereira

INTRODUCCIÓN

A organización democrática do estado portugués comprende, de acordo co texto constitucional (artigos 237 e 238), a existencia de autarquías locais, sendo estas definidas como persoas colectivas territoriais dotadas de órganos representativos, que teñen por fin a prosecución de intereses propios das súas respectivas poboacións. No continente portugués son autarquías locais as freguesías, os municipios e as rexións administrativas.

A historia da freguesía está asociada, nas súas orixes, á implantación da relixión católica en Portugal, pois deriva esta de "fregués", que á súa vez provén das expresións latinas que significan "fillo da Igrexa" ou "fillo do rabaño".

A freguesía comezou sendo nun principio unha parroquia eclesiástica, pero de seguida sobardou este espacio de comuñón espiritual e relixioso, adquirindo desde os seus comezos importancia como lugar de intercambios e de relacións humanas marcadas por un forte sentido comunitario, solidificado pola creación de hábitos e tradicións comúns e pola existencia dunha cultura local. A freguesía xorde deste xeito tamén como un espacio potenciador de satisfaccións das necesidades da poboación.

A separación de poderes entre a Igrexa e mais o Estado, que tivo lugar a partir da I República, veu permitir que a freguesía se constituíse como unha autarquía local.

O Estado Novo (1926-1974) fixo as freguesías dependentes dos municipios e estes funcionaban máis como unha delegación local do Goberno que como unha persoa colectiva territorial dotada de órganos propios e representativos da poboación. Ó longo deste período a freguesía vaise ver

desprovista de competencias, e as súas funcións quedarán reducidas á emisión de atestados e á elaboración do censo electoral.

A institucionalización do réxime democrático veu consagrar o principio de autonomía das autarquías locais fronte ó poder central e á descentralización da Administración pública, no contexto xeral da organización do Estado, coa conseguinte creación dunha serie de atribucións e competencias que lles posibilitaran a existencia de condicións que lles permiten intervir, dunha forma directa, na mellora da calidade de vida das súas respectivas poboacións, sendo este o seu papel fundamental.

Así, as autarquías locais aparecen como un espacio privilexiado do exercicio do poder polos cidadáns, o que pode levar consigo a participación das poboacións na revitalización das comunidades locais, asumíndose como unha estructura fundamental no Estado de Dereito democrático.

A freguesía, segundo o panorama que acabamos de ver, é a que se atopa máis próxima ós cidadáns, polo que está nunha posición privilexiada para promover a participación democrática destes na vida colectiva, no marco do principio constitucional da descentralización da actividade do Estado.

Sen embargo, o marco lexislativo e a escasa importancia política que lles foi atribuída a estas autarquías relegáronas en moitas ocasións ó desenvolvemento dun papel de pouca relevancia na promoción da calidade de vida das súas comunidades respectivas, polo que, dunha forma xenérica, funcionan máis como subunidades municipais que como autarquías locais.

A realidade tennos demostrado que malia as freguesías teren a mesma dignidade constitucional que os municipios, estas foron tratadas como autarquías menores. Esta situación é debida fundamentalmente ó feito de que o núcleo de competencias propias é moi limitado e, en consecuencia, os recursos financeiros son escasos. Nos últimos tres anos téñense dado algúns pasos, aínda que tímidos, no sentido de fornecer de feito ás freguesías o estatuto que constitucionalmente lles foi atribuído.

A pesar dos condicionalismos referenciados, as Xuntas de Freguesía desenvolveron, froito do dinamismo dos autarcas e dos cidadáns, sobre todo nos grandes centros urbanos, unha actividade con expresión na prosecución dos intereses propios das súas respectivas poboacións, nomeadamente nos eidos da acción social, da educación, do deporte e da cultura, amais de seren frecuentemente o punto de contacto da poboación co poder político.

O traballo que aquí presentamos pretende fornecer ó lector unha visión xeral do marco que as freguesías teñen asignado na Administración pública portuguesa na actualidade. O traballo presenta tres partes esen-

ciais. Na primeira, tratarase acerca das freguesías dentro do réxime democrático e consistirá nunha análise sobre os distintos órganos destas autarquías locais, as súas atribucións e competencias e os seu financiamento. Nunha segunda parte elaboraremos unha breve caracterización das freguesías, a partir dos resultados do censo electoral de 1996 e dun traballo do Instituto Nacional de Estatística sobre freguesías urbanas, semiurbanas e rurais. Por último, trataremos sobre a importancia das freguesías na Administración pública portuguesa.

I. AS FREGUESÍAS NO RÉXIME DEMOCRÁTICO

1. *Aspectos xerais*

A Constitución de 1976 definiu no seu artigo 237 "as autarquías locais como persoas colectivas territoriais dotadas de órganos representativos, que teñen por fin a prosecución de interesses propios".

Nesta definición podemos distinguir algúns elementos esenciais: a poboación, o territorio, os intereses propios e a existencia de órganos representativos. A poboación está composta por todos os residentes nun determinado territorio incluíndo, xa que logo, os residentes non naturais e os cidadáns estranxeiros. O territorio dunha autarquía está delimitado administrativamente e constitúe unha parte do territorio nacional. Este elemento circunscribe a poboación comprendida pola acción dos órganos autárquicos. A prosecución de intereses propios é o elemento que dá corpo á existencia material das autarquías locais, unha vez que aqueles resultan da inserción da poboación nun determinado territorio. Esta inserción permite a creación de lazos e relacións sociais, culturais, históricas que responden á necesidade de satisfacción de intereses comúns. "Sen a existencia de órganos representativos da poboación respectiva non é posible falarmos de autarquía local, dado que non está garantida a súa representación, xunto dos outros órganos do Estado"[1].

A institucionalización do Estado de Dereito Democrático fixo obrigatoria a realización de eleccións por sufraxio universal para os órganos do poder local, polo menos para os que teñen carácter deliberativo.

2. *Os órganos da freguesía*

a) A Asemblea de Freguesía

Os órganos da freguesía son a Asemblea de Freguesía e mais a Xunta de Freguesía (artigo 1º da Lei das Autarquías Locais)[2]. A Asemblea de

1. Oliveira, António Cândido. *Direito das autarquias locais*. Coimbra Editora, Coímbra, 1993.

2. Decreto-Lei nº 100/84 de 29 de marzo cos cambios introducidos polas Leis nº 25785 de 12 de agosto, 87/89 de 9 de setembro, 18/91 de 12 de xullo e 35/91 de 27 de xullo.

Freguesía é o órgano deliberativo e elíxese cada catro anos por sufraxio universal, directo e secreto dos cidadáns electores residentes na freguesía e segundo o sistema de representación proporcional (artigo 3º). A súa composición pode variar entre os sete e os dezanove membros de acordo co número de electores, no caso das freguesías con máis de trinta mil electores, aquel número de membros vese incrementado nun membro máis por cada cinco mil electores (artigo 5º).

A Xunta de Freguesía está representada obrigatoriamente, nas sesións de órgano deliberativo, polo presidente ou o seu substituto legal, que ten voz pero non voto. Os membros restantes daquel órgano teñen dereito a participaren nas sesións da Asemblea.

As sesións da Asemblea son públicas, podendo os cidadáns e as organizacións populares de base territorial intervir nas mesmas, ademais de que tamén existe a posibilidade legal de seren os propios candidatos electores os que requiran a súa convocatoria cando este requerimento sexa subscrito polo número de cidadáns previsto por lei.

Nas fregresías cun número igual ou inferior a douscentos electores, en substitución da Asemblea de Freguesía funcionará o pleno de cidadáns electores coas mesmas regras establecidas para aquel órgano, logo de realizadas as adaptacións pertinentes.

b) A Xunta de Freguesía

A Xunta de Freguesía é o órgano executivo da freguesía e está constituída por un presidente e por vocais. O Presidente da Xunta é o cidadán que encabeza a lista máis votada para a Asemblea de Freguesía, agás no caso das freguesías con menos de douscentos electores, nas que o presidente será elixido no pleno dos cidadáns electores. Os vocais son elixidos pola Asemblea de Freguesía e o seu número varía entre dous e seis e depende do número de cidadáns electores da freguesía. A distribución das tarefas a desempeñar por estes compete ó Presidente da Xunta.

O exercicio do mandato dos membros das Xuntas de Freguesía pode ser realizado en réxime de permanencia a tempo completo ou a tempo parcial, desde a entrada en vigor da Lei dos Presupostos de Estado para 1996 e consonte a Lei nº 16/96 de 18 de abril. Este novo réxime veu dar satisfacción a unha antiga reivindicación dos autarcas de freguesía, nomeadamente dos das freguesías dos grandes centros urbanos, pois dado o crecemento da súa actividade e do cadro de persoal non resultaba posible o exercicio pleno das súas funcións, nin o seu enraizamento no cotián das poboacións. E só atopará a súa plena xustificación a partir do momento en que sexan ampliadas as actuais competencias das Xuntas de Freguesía.

A existencia de membros da Xunta de Freguesía en réxime de permanencia a tempo completo é posible nas freguesías con máis de dez mil electores, ou con máis de sete mil e un territorio superior a 100 km^2, e corresponde o exercicio ó seu presidente. Nas freguesías con máis de cinco mil electores e máximo de dez mil, o mandato pode ser exercido a tempo parcial, e o mesmo acontece no caso das freguesías con máis de tres mil cincocentos electores e cun territorio superior a 50 km^2. Os encargos financeiros están asegurados nestes casos polos Presupostos do Estado. De acordo cos datos fornecidos pola Dirección Xeral da Administración Autárquica en 1998 son 159 (3,75 por cento) as freguesías con autarcas en réxime de permanencia a tempo completo e 180 (4,24 por cento) as freguesías con autarcas no mesmo réxime pero a tempo parcial.

O mandato dos presidentes de Xunta poderá tamén ser exercido a tempo completo nas freguesías con máis de mil electores, sempre que os devengos anuais da súa respectiva remuneración non sobrepasen o 10 por cento do valor total do presuposto que conste no exercicio do ano anterior e do valor inscrito no presuposto en vigor sendo o seu finazamento garantido polo presuposto da freguesía. Esta situación carece de deliberación da Asemblea de Freguesía, que ten que ser tomada pola maioría absoluta dos seus membros. O Presidente da Xunta de Freguesía pode distribuír a un ou a dous dos membros daquel órgano (no caso do exercicio a tempo completo) o exercicio das súas funcións en réxime de permanencia.

Os presidentes da Xunta que non exerzan as súas funcións naquel réxime beneficianse dunha compensación xeral. O secretario e o tesoureiro teñen dereito a unha compensación mensual correspondente ó 80 por cento da atribuída ó presidente. Os vocais teñen dereito a unha asignación por presencia a cada reunión á que comparezan.

3. *Atribucións e competencias*

As atribucións das freguesías e dos municipios son as mesmas, no marco da actual Lei das Autarquías Locais[3] e baséanse nunha cláusula xeral na que se recoñece ás autarquías locais a plena facultade de poderen desempeñar funcións que procuren os intereses propios das poboacións respectivas.

A lei enumera a título indicativo, como atribucións: "a administración de bens baixo a súa xurisdicción; o desenvolvemento; o abastecemento público; a salubridade pública e o saneamento básico; a saúde; a educación e o ensino; a protección á infancia e á terceira idade; a

3. Lei nº 100/84 de 29 de marzo, cos cambios introducidos polas leis nº 25/85 de 12 de agosto; 87/89, de 9 de setembro; 18/91, de 12 de xuño e 35/91, de 27 de xullo.

cultura de tempo de lecer e deporte; a defensa e protección do medio ambiente e da calidade de vida do respectivo agregado poboacional e a protección civil".

A súa materialización debe, non obstante, ser realizada "no respecto polo principio da unidade do Estado legalmente definido de delimitación e coordinación de actuacións da administación central e local en materia de investimento" (artigo 2, nº 2). Esta disposición legal acaba por diferenciar a capacidade de intervención das Xuntas de Freguesía e dos Municipios, ó conceder privilexio ós segundos. Aquel réxime foi consagrado polo Decreto Lei nº 77/84 de 8 de marzo e coloca as Xuntas de Freguesía en segundo plano, unha vez que se lles impide realizar investimentos públicos, a non ser por vía directa, ou sexa, por delegación de competencias do municipio.

As freguesías pasaron, en virtude daquela lexislación ordinaria, a ter un estatuto minorizado en relación cos municipios e en contra do texto constitucional que as colocaba en plano de igualdade con estes.

Os municipios teñen así a posibilidade de realizar investimentos públicos en sectores como: o saneamento básico, o equipamento urbano, a enerxía, os transportes e as comunicacións, a educación e o ensino, a cultura, o tempo de lecer e o deporte e o ordenamento do territorio.

Esta situación retira ás freguesías a capacidade de poderen executar unha política local de acordo coas necesidades específicas da poboación á que serven. Con capacidade administrativa bastante reducida, estas autarquías, agás algunhas excepcións, limítanse á emisión de atestados e á organización do censo electoral e a serviren de intermediarios do municipio, o que levou a algúns autores a cualificalas como subunidades municipais.

A Asemblea da República[4] aprobou en 1997 un novo estatuto lexislativo sobre as atribucións e competencias das freguesías que veu reforzar, aínda que dun xeito moi superficial, a capacidade administrativa das freguesías.

As atribucións que agora se lles recoñece ás freguesías segundo este novo estatuto, son as que xa están previstas na Lei das Autarquías Locais e noutra lexislación ordinaria e nomeadamente nos seguintes eidos: abastecemento público; salubridade; coidados primarios de saúde; infancia; acción social; cultura, tempo de lecer e deporte; ambiente; seguridade e ordenamento urbano e rural.

As competencias dos órganos da freguesía poderán ser propias ou delegadas. As competencias propias que se relacionan no novo estatuto da lei son as que seguen: xestión, conservación e limpeza de balnea-

4. Lei nº 23/97 de 2 de xullo.

rios; lavadoiros; parques infantís, cemiterios; fontes e marquesiñas de transporte público sen concesión de empresas, así como o material de limpeza e de expediente das escolas primarias e e de preescolar.

Son tamén competencias das freguesías: a participación nos Consellos Municipais de Seguridade, no proceso de elaboración dos plans municipais de ordenamento do territorio, así como colaborar nas enquisas públicas e facilitar a consulta das mesmas ós interesados e tamén colaborar cos sistemas locais de protección civil, aprobar proxectos urbanísticos con respecto ós terreos integrados no seu dominio patrimonial, pronunciarse, sempre que así fose solicitado polo Municipio, sobre os proxectos de construcción e ocupación da vía pública. As freguesías pasarán a ter competencia administrativa nas licencias caninas, no apacentamento de gando e nos atestados previstos na lei (o que xa acontecía anteriormente).

Está igualmente previsto o exercicio de competencias dos municipios polas freguesías, nomeadamente "en materia de investimentos públicos, cando estea asegurado polo municipio o financiamento e o apoio técnico", esta situación xa era posible.

O abano de competencias que poderán ser obxecto de delegación abrangue "a conservación e a reparación de camiños, urbanizacións, de escolas primarias e preescolares, a xestión e mantemento de xardíns e espacios axardinados, de mercados, de instalacións deportivas e sociais de apoio á infancia e á terceira idade e de bibliotecas, así como a concesión de licencias de caza".

O dereito de asociación pasa a serlles recoñecido ás freguesías cando se respecte a continuidade xeográfica ou a inserción en territorio do mesmo municipio, así como tamén é posible o establecemento de formas de cooperación con entidades públicas ou privadas, no ámbito das súas atribucións. Permíteselles tamén ás freguesías e ás asociacións de freguesías a participación en empresas municipais.

Malia estes cambios, o conxunto de competencias propias das freguesías mantense moi limitado, polo que as freguesías continúan vendo minguadas as súas capacidades para proseguir dunha forma eficaz os intereses propios das poboacións respectivas.

Os constrinximentos xa referidos asociados á escasa capacidade financeira das freguesías conducen ó feito de que a actividade destas sexa mínima e se sitúe excesivamente na complementariedade da acción dos municipios.

Cremos que a definición de atribucións e competencias relativas ás freguesías debe constituír un conxunto diferenciado das dos municipios, liberando a estes de tarefas de menos dimensión, así como tamén se debe respectar o carácter diversificado daquelas, pois son tamén diferentes os contextos sociais, culturais e mesmo económicos nos que se

insiren. Tal redefinición poderá transformar a freguesía-autarquía, nun espacio privilexiado da participación dos cidadáns na vida colectiva nun elemento potenciador da súa identificación e materializador das súas aspiracións e intereses.

4. *Financiamento das freguesías*

A Lei das Finanzas Locais[5] regula a autonomía financeira das autarquías locais, atribuíndolles patrimonio e finanzas propias. Cada autarquía mantén así o poder para realizar a xestión das rendas asignadas da maneira que consideren máis axeitada para a prosecución dos propios intereses das súas respectivas poboacións.

Os órganos autárquicos dispoñen de poderes de elaboración e aprobación dos plans de actividades e presupostos e dos informes e contas de administración, así como da recadación de rendas e de xestións do patrimonio da autarquía. A tutela sobre o exercicio da xestión patrimonial e financeira ten un carácter meramente de inspección e só debe ser realizado nos termos da lexislación en vigor e tendo en conta a salvagarda da democracia e da autonomía do poder local.

Os ingresos das freguesías constitúenos: "as transferencias provenientes do Fondo Financeiro das Freguesías, os cobros de taxas, multas e coimas, de legados en herdanza, de doazóns, da alienación de bens, así como do rendemento proveniente da prestación de servicios e da administración de cemiterios, de mercados e feiras".

O Fondo Financeiro das Freguesías (FFF) está constituído por unha participación destas en impostos do Estado equivalentes a 2,5 por cento da media aritmética simple dos ingresos provenientes dos impostos sobre o rendemento de persoas singulares (IRS), impostos sobre o rendemento de persoas colectivas (IRC) e imposto sobre o valor engadido (IVA). Os municipios, á súa vez, teñen dereito a unha participación naqueles impostos equivalentes ó 30,5 por cento da media aritmética simple dos ingresos totais.

As taxas da freguesía non son normalmente moi significativas e non constitúen, daquela, unha fonte de ingresos importante.

Esta nova lei é innovadora no que se refire á creación do FFF, dado que se trata de establecer un réxime financeiro específico para as freguesías, así e todo, segundo a nosa opinión, os recursos financeiros seguirán sendo bastante limitados, malia que se vexan incrementados os seus ingresos, debido á exigüidade dos poderes e das funcións que detentan.

5. Foi recentemente aprobada unha nova Lei das Finanzas Locais, Lei nº 42/98 de 6 de agosto, que entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 1999, e que xa se aplicou na elaboración do Presuposto de Estado para o ano 1999. Esta lei vén revogar outra que estaba en vigor desde 1987.

II. BREVE CARACTERIZACIÓN DAS FREGUESÍAS PORTUGUESAS

Esta caracterización baséase nos resultados do censo electoral de 1996 e no informe do Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre as freguesías urbanas, semiurbanas e rurais referente a ese ano.

O INE clasificou, con fins estatísticos, as freguesías en tres tipos: urbanas, semiurbanas e rurais. Conforme esta clasificación que se restrinxe a un criterio fundamentalmente cuantitativo, son consideradas:

Freguesías urbanas: aquelas que posúan unha densidade de poboación superior a 500 hab/km^2 ou que estean integradas nun lugar con poboación residente superior ou igual a 5.000 habitantes.

Freguesías semiurbanas: aquelas freguesías non urbanas que posúan unha densidade de poboación superior 100 hab/km^2 ou que estean integradas nun lugar con poboación residente superior ou igual a 2.000 habitantes e inferior a 5.000 habitantes[6].

Freguesías rurais: as restantes.

Unha primeira lectura dos datos correspondentes ó censo electoral de 1996 permitiunos observar que das 4.221 freguesías existentes[7], 2.007 (o 47,55%) estaba situadas na Rexión Norte, 1.123 (o 26,6%) na Rexión Centro, 525 (o 12,4%) na Rexión de Lisboa e Val do Teixo, 285 (o 6,75%) na Rexión do Alentexo, 150 (o 3,55%) na Rexión Autónoma dos Azores, 78 (o 1,85%) na Rexión do Algarve e 53 (o 1,36%) na Rexión Autónoma de Madeira.

A distribución das freguesías segundo os diferentes tipos faise de acordo co cadro que a seguir presentamos:

Tipoloxía	Nº de freguesías	Nº freguesías/ Nº fegres. Total	Poboación Residente	Poboac. Resid./ Pob. Res. Total
Urbano	651	15 %	5.516.685	56 %
Semiurbano	1.389	33 %	2.643.966	27 %
Rural	2.168	52 %	1.706.498	17 %
Total	4.208	100 %	9.867.149	100 %

Cadro 1: Distribución das freguesías por tipos. Fonte: INE 1996.

Baseándonos nos datos enriba citados, tiraremos unhas conclusións que nos permitan engadir algúns outros elementos caracterizadores:

6. INE, 1996: 7.
7. En 1997 foron creadas vinte freguesías máis.

Na Rexión Norte están localizadas a maioría das freguesías que contan entre 200 e 5.000 electores, así, na clase correspondente entre os 201 e os 1.000 existen 1.116 nesta rexión (o 53,97% do total desta clase). Na clase correspondente entre 1.001 e 2.000 están 420 (o 43,43% do total da clase). Na clase 2.001 a 3.000, 128 (o 36,36%). Obsérvese que aquí podemos atopar tamén freguesías de grandes dimensións, sobre todo no distrito do Porto, 11 freguesías con máis de 20.000 electores e 23 entre os 14.000 e os 20.000. Despois da Rexión de Lisboa, esta é a rexión onde se localiza o maior número de freguesías con máis de 1.000 electores.

Na costa e, sobre todo, nos concellos da área metropolitana do Porto, concéntranse as freguesías con maior número de electores, o que corresponde ás áreas máis urbanizadas e industrializadas. De acordo coas tipoloxías do INE, o 17% cento das freguesías desta rexión son consideradas urbanas, 40% semiurbanas e 435 rurais, e o 56% da súa poboación reside nas urbanas, 31% nas semiurbanas e 13% nas rurais.

Na Rexión Centro, 577 (51,3%) das freguesías pertencen á clase 201-1.000 electores e as freguesías de ata 3.000 electores respresentan o 89,98% do total da rexión, pero é tamén a que ten maior número de freguesías da clase 5.001-6000 electores. Son consideradas rurais 756 freguesías, o que representa o 68% do total da rexión, 62 urbanas (6%) e 26 semiurbanas. As freguesías de maior dimensión están situadas nas cidades de Aveiro, Coímbra e Viseu. A poboación residente distribúese da seguinte maneira segundo os diferentes tipos: urbanas 24%, semiurbanas 40% e rurais 36%.

Na Rexión de Lisboa e Val do Teixo, 233 freguesías (46,04%) teñen entre 201 e 2.000 electores e 152 (30%) teñen máis de 5.000. Aquí están localizadas as freguesías con maior número de electores, 3 con maís de 50.000 electores, 2 na clase dos 40.001 e 50.000, 9 na clase de 30.001 e 40.000, 6 na clase de 25.001 e 30.000 e 16 na clase 20.001 e 25.000. Saliéntase así o feito de que 36 das 55 freguesías do país con máis de 20.000 electores (65%), atópanse nesta rexión, o que non resulta estraño dado o modelo de crecemento humano e industrial.

Do total das freguesías existentes, o 33% son consideradas urbanas, o 33% semiurbanas e o 34% rurais, e o 77% da poboación reside nas urbanas, o 16% nas semiurbans e o 7% nas rurais.

Na Rexión do Alentexo, 217 freguesías (76,1%) están nas clases de 201 e 1.000 e de 1.001 e 2.000 electores. As freguesías consideradas urbanas son 31 (11%), as semiurbanas 35 (12%) e 223 son rurais. O 35% da poboación reside nas urbanas, o 21% nas semiurbanas e o 43% nas rurais.

Na rexión do Algarve, 48 freguesías (61,5%) contan entre 201 e 3.000 electores e 17 (21,7%) entre 3.001 e 6.000 electores, 11 (14,1%)

entre 7.001 e 16.000 e 2 entre 20.001 e 30.000. As freguesías consideradas urbanas representan o 22% do total, as semiurbanas o 28% e as rurais o 50%. A poboación residente distribúese en 52% nas urbanas, 28% nas semiurbanas e 21% nas rurais.

Na Rexión Autónoma dos Azores, 73 das fegresías (48,7%) pertencen á clase 201 e 1.000, 43 (28,6%) á clase 1.001 e 2.000, 23 (15,3%) contan entre 2.001 e 5.000 electores e 4 teñen entre 6.001 e 9.000. As freguesías urbanas representan o 22% do total, as semiurbanas o 27% e as rurais o 61%. A poboación residente distribúese da seguinte maneira: 33% nas freguesías urbanas, 33% nas semiurbanas e 34% nas rurais.

Na Rexión Autónoma de Madeira 14 das freguesías (26,4%) pertencen ó clase 1.001 e 2.000, 11 (20,7%) á clase 201 e 1.000, 12 (22,6%) ás clases entre 2.001 e 4.000, 13 (24,5%) ás clases comprendidas entre 5.000 e 10.000 e 5 (9,4%) ás clases entre 10.000 e 20.000. A poboación residente distribúese da seguinte maneira: 64% nas freguesías urbanas, 28% nas semiurbanas e 8% nas rurais.

O cadro que presentamos a seguir permítenos ter unha visión de conxunto da distribución dos electores nas freguesías, aínda que dun xeito moi xenérico.

Clases de freguesías	Nº de freguesías por clase	Nº fegr. Clase/Total fegr.
Máis de 30.000 electores	23	0,54 %
De 20.001 a 30.000 elect.	32	0,76 %
De 5.001 a 20.000 elect.	321	7,6 %
De 1001 a 5.000 elect.	1.560	37 %
De 201 a 1.000 elect.	2.065	48,9 %
200 ou menos electores	220	5,2 %
Total	4.221	100 %

Cadro 2: Actualización do censo electoral de 1996. Distribución das freguesías por clases (Decreto Lei 100/84). Fonte: STAPE 1997.

III. IMPORTANCIA DAS FREGUESÍAS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PORTUGUESA

A freguesía, por ser a autarquía que se atopa máis próxima da poboación respectiva e como tal espacio privilexiado para a participación desta na vida colectiva e como elemento potenciador da súa identificación e materializador das súas aspiracións, arelas e intereses, é a que máis facilmente poderá contribuír na resolución dalgúns dos problemas cos que a poboación se enfronta a cotío. Nesta perspectiva se sitúa actualmente o profesor

Freitas do Amaral ó considerar que, no pasado presentaba "unha visión pesimista e reductora da freguesía no noso sistema de administración local autárquica, que estaba visiblemente influída pola constante diminución de atribucións e recursos das freguesías no Estado Novo" [8]. Este autor salienta o feito de que esta autarquía vén sendo para moitos cidadáns do interior do país e, tamén para os residentes dos grandes centros urbanos "o único elo de contacto coa Administración Pública", amais de desempeñar un papel importante no eido da acción social local.

A defensa da idea da importancia da freguesía no desenvolvemento das comunidades locais e no feito de potenciar a participación democrática dos cidadáns na vida colectiva é tamén corroborada por Jorge Miranda[9] ó afirmar que o lexislador non aproveitou as posibilidades constitucionais da freguesía, antes ó contrario, pois a realidade ten demostrado que "especialmente nas freguesías correspondentes a vilas, que non son sedes de concello, e nalgunhas freguesías das grandes cidades, tense detectado un forte dinamismo local e unha importantísima contribución das freguesías no tocante á melloría da calidade de vida das persoas, tanto na vivenda como nas vías de comunicación, na cultura como no lecer"[10].

As distintas posturas ante este asunto ata aquí referidas non son aínda acollidas favorablemente por determinadas correntes actuais de administración pública, dado que se reducen as súas competencias. Estes principios volven obsoletas e innecesarias as freguesías, que de acordo con esta perspectiva se contemplan "como meros centros de representación simbólica, destituídos dos recursos humanos e materiais necesarios para unha actividade significativa, polo que os municipios poderían desempeñar con máis eficacia as súas funcións"[11].

A realidade vén demostrando que malia as freguesías teren a mesma dignidade constitucional que o municipio, estas acaban por ser tratadas como autarquías menores, "as freguesías sempre foron e continúan a ser o enteado da nosa Administración Pública, subordinadas a un réxime xurídico equívoco que, *de iure,* consagra a súa independencia e autonomía, mais que *de facto* as imposibilita para desenvolver calquera tipo de política local"[12].

Algúns síntomas de cambio na situación observada comezan a se facer sentir, nomeadamente a posibilidade de que as freguesías reciban directa-

8. Amaral, Diogo Freitas. *Curso de Direito Administrativo.* Vol. I. Livraria Almedina, Coímbra, 1994, 2ª edición.

9. Miranda, Jorge. "10 proposições sobre a freguesia na Constituição", en *O papel das freguesias na Administração portuguesa.* Benedita, ANAFRE, 1989.

10. *Ibidem,* p. 87.

11. Montalvo, António Rebordão. "Contributos para a reforma das freguesias portuguesas", en *Revista de Administração Local.* Setembro/outubro, 1992, pp. 577-94.

12. *Ibidem,* p. 435.

mente dos Presupostos do Estado as referencias á súa participación nos ingresos correspondentes do FEF (Fondo de Equilibrio Financeiro), a institución dun réxime de cooperación entre as freguesías e o Estado, a fixación dun réxime para o exercicio do mandato dos membros das Xuntas de Freguesía, a nova Lei de Atribucións e Competencias das Freguesías, que malia continuar colocándoas en dependencia dos municipios, constitúe un avance no sentido de reforzar a súa autonomía e o seu campo de intervención, e a nova Lei de Finanzas Locais.

A lexislación autárquica vén tratando por un igual as pequenas freguesías rurais e as grandes freguesías urbanas, o que non contribuíu nunha melloría da capacidade administrativa da autarquía-freguesía, dado que os contextos culturais e poboacionais son bastante diferenciados.

Son visibles as desigualdades existentes entre as freguesías en termos de área, pero sobre todo no que se refire a número de habitantes, e existe un conxunto significativo de freguesías en franca expansión demográfica, sobre todo nas áreas metropolitanas e que teñen máis poboación que moitos dos municipios e que a pesar disto contan co mesmo conxunto de competencias que as freguesías que a penas contan con 100 habitantes, "polo que o seu estatuto debería reflectir a diversidade existente entre elas"[13].

Esta mesma opinión é compartida pola Associação Nacional de Freguesias (ANAFRE), que nos seus principios programáticos asumiu que "a reforma do estatuto funcional das freguesías deberá ter en consideración as especificidades propias das áreas urbanas ou rurais en que se exerce a súa actividade"[14].

Outros autores adoptaron unha idéntica postura, como foi o caso do actual Ministro de Finanzas ó afirmar que "ó falar de freguesía, estamos falando de realidades sociolóxicas, xeográficas e demográficas moi diferenciadas, e intentar dar un tratamento semellante a todas elas, se non é imposible, cando menos evidencia a carencia dun estudio profundo e ponderación coidada"[15].

A situación que estamos a describir é debida ó modelo de creación das freguesías civís no século pasado, que seguiu a división territorial establecida para as parroquias eclesiásticas daquela existentes. Por outra banda, sobre todo a partir de 1982, tense asistido á creación inusitada de novas freguesías sen que a isto lle corresponda unha reforma planificada da división administrativa do país.

13. *Ibidem*, p. 588.

14. ANAFRE. "Declaração de Princípios, aprovada no 1º Congreso Nacional de Freguesias", en *O papel das Freguesias na Administração portuguesa*. Benedita, 1989, p. 105.

15. Franco, António Sousa. "A freguesia na organização do poder local", en *O papel das Freguesías da Administração portuguesa*. Benedita, 1989, p. 80.

Nas áreas urbanas foi onde o papel das freguesías ten rexistrado un maior protagonismo, debido ós problemas emerxentes do seu crecemento, de carácter urbanístico, de insuficiencia de equipamentos e infraestructuras, desenraizamento sociocultural e exclusión a nivel das comunidades locais.

A freguesía, desde aquel contexto, cobrou unha particular importancia no desenvolvemento das comunidades e no feito de potenciar a participación dos cidadáns na vida colectiva.

As freguesías conlevan unha serie de posibilidades tendentes ó desenvolvemento local, quer polo seu substrato sociolóxico, quer polo importante papel que poderán desempeñar na territorialización das políticas públicas. Entre outras posibilidades podemos considerar o caso do rendemento mínimo garantido da recente creación de redes locais de apoio social, da rede de ensino preescolar, dos territorios educativos e das medidas de combate á pobreza e á exclusión social. Amais de seren portadoras dun importante patrimonio histórico e sociopolítico que non debe ser desprezado, senón aproveitado no marco da administación autárquica e da administración pública en xeral.

A. M. M. B. P.



LIBROS

SECCIÓN A CARGO DE:
LITERATURA: **DOLORES VILAVEDRA.** HISTORIA: **XAVIER CASTRO.** CIENCIA: **MANUEL RODRÍGUEZ. GUSTAVO A. GARRIDO.** FILOSOFÍA: **CARLOS FERNÁNDEZ.** LINGÜÍSTICA: **HENRIQUE MONTEAGUDO.** CIENCIAS SOCIAIS: **XAN BOUZADA.** POLÍTICA E DEREITO: **ÁLVARO X. LÓPEZ MIRA.** ECONOMÍA: **XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA.**

Os xenerais de África

● VÍTOR VAQUEIRO. *Os xenerais de África.* Galaxia, Vigo, 1999.

Xa pasaron algúns anos desde que Vítor Vaqueiro nos sorprendera co seu primeiro libro de narracións, *O soño dirixido.* Foi en 1992, e desde aquela os seus relatos liberáronse dun excesivo lirismo (herdanza, sen dúbida, da recorrente práctica poética) e foron configurándose de xeito moi persoal: ausencia de frivolidade, elevado valor significativo e unha peculiar capacidade para abalar entre o concreto e o abstracto, entre o biográfico e o universal, son algúns dos seus trazos máis característicos. Todos eles se detectan, en maior ou menor medida, nos relatos de *Os xenerais de África* (Galaxia), título na miña opinión escasamente afortunado polo equívoco que resulta verbo do que o libro é realmente, e só xustificable por ser peza fundamental (tanto diexética coma discursiva) dunha das narracións máis sobrenceiras das que o compoñen. Os dez relatos van acompañados dun "Epílogo" que, contra o que o lector espera, non é unha estratexia vertebradora, un truco para afianzar os vencellos que os unen, senón unha humilde e xenerosa reflexión metaliteraria na que o autor comparte co lector algunhas das súas dúbidas e certos segredos (non todos, claro, o prestidixitador sempre agocha algún naipe na sua manga) que os contos agochan no seu cerne.

Falaba de vencellos e, alén dun estilo inconfundible, marcado por unha vontade de creación léxica de inspiración lusitana que coido ás veces vai un pouco lonxe de máis (a estrañeza, mesmo a inverosimilitude, que desprenden termos como "dubiedade" ou "dormencia" paréceme que supera calquera posible logro estético), os relatos transcorren nun espacio común, Vigo, e case todos no tempo da guerra e da primeira posguerra, aínda que hai outros sutilmente instalados na contemporaneidade e mesmo nun futuro inmediato. Vigo é, pois, a verdadeira protagonista destas páxinas: unha cidade fortemente connotada polo potencial semán-

tico que gardan moitos dos seus espacios: Casablanca, Río Barreiro, a Calzada, o Camiño da Seara... Pero que ninguén agarde un exercicio de costumismo urbano, nin un choromiqueiro "Ubi sunt?"; se acaso, un ollar saudoso deitado sobre a condición humana desde a firme vontade de ser, e desde a convicción que tal cousa só é posible coas raigañas firmemente chantadas nun espacio co que dialogar ó longo do tempo; neste senso, "Tarde de fútbol", o relato con que se abre o volume, constitúe unha declaración programática e unha sorte de síntese do que o lector vai atopar ó longo das páxinas seguintes.

Como en todo libro de relatos, o risco de non conseguir un nivel semellante de calidade tamén asexa ós de *Os xenerais de África* e, inevitablemente, a carón de textos dignos de figuraren en calquera antoloxía como "Memoria do silencio", aparecen outros nos que o autor cae en certas trapelas que lle empecen, na miña opinión, logralos plenamente. Así, tanto "Balanzo" coma "As desvantaxes da defensa en liña" pecan dun exceso de extensión: o primeiro, porque o exercicio estilístico que quere ser esvara pola pendente do automanierismo a medida que se prolonga, ó tempo que se dilúe o valor metafórico do recurso reiterativo; o segundo, porque resulta críptico de máis para aqueles lectores non iniciados no argot futbolístico (que os hai, aínda que pareza mentira), un exceso que sen embargo non comete en "Biografía de Xoán Henrique Lamas", malia propornos nel unha reflexión verbo do estatuto ontolóxico dun dos grandes amores de Vaqueiro, a fotografía. Noutros casos, o autor acerta de cheo na combinación de fondo e forma, tal acontece en "Manuel Lence", non só unha estremecedora homenaxe, senón unha estructura narrativa perfectamente artellada, na que o narrador nos leva polos vieiros da incerteza e do posible (balizando os parágrafos con expresións do tipo "se cadra", "é lóxico supormos", "podemos imaxinalo", etc.) ata o trallazo final, incrementando así, de esguello, a súa contundencia. E "Visitas" constitúe un modelo de dosificación da intriga, de modulación da tensión, coroado pola viraxe final, que desconcerta a unha lectora coma min, víctima dos seus propios prexuízos, que agardaba un protagonista masculino pero se atopa —primeiro con sorpresa e logo con satisfacción— ante unha muller, nunha reviravolta —non só humorística— que nos fai lembrar un xogo semellante artellado por Marilar Aleixandre en *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*. Asemade, Vaqueiro enfróntase con fortuna ó desafío que supón vencellar historias autónomas de xeito que resulten complementarias ("Moviola" e "Análise facial"), e mesmo ó de desprazar os personaxes principais dunha historia ó pano de fondo de outra, tal acontece con Euloxio Rabuñal e Dionisio Seixo, sen que o recurso resulte artificial.

Con *Os xenerais de África* Vigo fica, definitivamente, elevada á categoría de espacio literario, a carón doutros xa míticos como Ourense ou Compostela. Vaqueiro súmase así ó roteiro aberto por outros escritores como Méndez Ferrín, Cid Cabido ou Marilar Aleixandre, e faino dun xeito sumamente persoal, cunha proposta que intuímos longamente elaborada, da que emana honestidade, e construída cunha solidez que nos esperta o anceio de transitar de novo polas súas páxinas, nuns tempos nos que os

libros desparecen da nosa memoria a tanta velocidade coma o fan dos andeis de novidades das librerías.

DOLORES VILAVEDRA

Luz de abrente

● TUCHO CALVO. *Luz de abrente*. Galaxia, Vigo, 1999.

Esta nova narración de Tucho Calvo rompe coa marca de novela *light* que nos invade e vai na procura dun lector intelixente e imaxinativo, que se deixe seducir polos enganos da metaficción. *Luz de abrente*, en efecto, significa unha volta á mellor tradición narrativa, na que se mestura a experimentación e a convención, unha intriga intrincada e espléndidas pasaxes descritivas que envolven ó receptor nunha experiencia de lectura nova e diferente. Hai ecos da novela de aprendizaxe, nesta ocasión dun novelista de éxito que imaxina a súa propia histoira e loita por escribila; pero hai, por enriba de todo, a metaliteratura que inventou Cervantes e levaron ó seu paroxismo autores como Borges, Calvino... e tamén Cunqueiro, intertexto explícito desta metanovela curta.

Fiel ó seu percorrido literario de vinte anos, Tucho Calvo reinventa a fractura das fronteiras imposibles entre os niveis ficcionais: o nivel básico do mundo realista, como diría Thomas Pavel, a aldea mariñeira á que se retira o novelista ficcional confúndese, sen solución de continuidade, coa ficción marabillosa e coa ficción fantástica na que existen personaxes como Urx ou Neposendo. A orixinalidade deste enfoque metaficcional radica na dobre personalidade do protagonista, duplicidade existencial que se manifesta en dous nomes, Antón na ficción realista e Urx nas ficcións híbridas, real-fantástica e real-marabillosa, aportación esta última patentada polos grandes narradores latinoamericanos pero orixinaria dos novelistas galegos, desde Fernández Flórez a Torrente, desde Cunqueiro ó último Ferrín. Xogo da alteridade ou experimento narrativo, estructura especular e reflexión da literatura sobre si mesma, a fusión destas dúas personalidades, sen embargo moi diferentes, non se resolverá ata os últimos capítulos da novela.

Xa na súa primeira novela, *Froito das lembranzas* (1981), perseguía Tucho Calvo unha estructura novelística orixinal, e aínda que se tratase da temática social do desemprego e do consecuente éxodo rural facía incidir os niveis oníricos e delirantes no nivel realista, nun texto que foi caracterizado esteticamente pola crítica como novela do absurdo. Se toda narración é en certo xeito autobiográfica, a metaliterariedade tamén alude a estes aspectos, incluso metacríticos, como sucede no capítulo 2: "Antón sentira desde aquel mesmo instante como esmorecían as esperanzas postas na

fuxida polo escritor de sona que rematara por zugarlle todo canto na súa personalidade había alleo ó mundo do novelista... porque sabía que non daba moito creto ó que os críticos dixeran da súa gran capacidade de fabulación, da imaxinación rebordada das súas tres primeiras novelas".

A principal aportación do autor á nosa narrativa foi sen dúbida a escolma de contos *Astra o confín* (1982), onde xa podemos atopar as súas arriscadas experimentacións cos niveis narrativos e ficcionais. Nun conto hiperbreve de perfecta factura, *Os soños*, inauguraba Tucho Calvo a modalidade ficcional que noutro lugar me atrevín a denominar surreal-marabillosa. Na clave posmodernista que vai de Kafka e Barth a Arreola ou García Márquez este sorprendente microrrelato constrúe unha atmosfera surrealista na que un cadaleito recibe atribucións humanizantes, conformando unha prosa suxerente, cáseque poética. A frase final "A princesa fermosa soñaba coa soedade extramundana dun xigantesco nicho de cristal" vai significar a ruptura temática, unha especie de explosión semántica que abre un espectro de lecturas novas, rompendo coa expectativa lectura da ficción surrealista e abrindo novas vías de acceso ós mundos marabillosos. Exactamente como ocorre na parte final da narración aquí reseñada, o lexema "*a princesa fermosa*" resitúa ó lector noutras tradicións narrativas, a do conto de fadas, e noutras perspectivas de recepción que dan tanto ó conto como á novela unha potencialidade comunicativa insospeitada.

Xunto coa historia realista, o proceso creativo do escritor e a difícil convivencia coa súa muller, Loaira, nunha mansión de Foz de Abelaira, vila mariñeira semellante ás que existen na Galicia real de hoxe, mestúrase o universo marabilloso de monstros e princesas que entran e saen dun castelo situado no fondo do mar, pero ademais *Luz de abrente* acolle elementos e seres fantásticos como Neposendo, membro da Organización Letra Máxica, ou os bolimartes que renden tributo á incursión de Tucho Calvo na ciencia ficción coa novela apocalíptica e experimental *Pae s. XXI.*

Estes elementos alleos ó mundo da vila mariñeira, cos seus habitantes característicos e os seus problemas sociais cotiáns de fondo, xorden do propio núcleo argumental da novela, o traballo de inspiración e escritura da mesma que principia un novelista de cen caras e outros tantos *alter ego.* O enfoque e o marco mariñeiro desa laboriosa tarefa creativa estaban xa presentes nun texto dos anos setenta, *La novela de Andrés Choz,* do escritor leonés nacido na Coruña José María Merino, que non por casualidade se retira a escribir desda hai anos na nosa Costa da Morte. A orixinalidade estriba precisamente na coexistencia do mundo realista e os mundos aportados pola novela que Antón/Urx están a escribir, posto que as fronteiras entre elas están intencionalmente borradas ou son imperceptibles para o receptor.

Será a partir da morte de Loaira cando esa fusión e confusión de diferentes niveis ficcionais —reais e oníricos, fantásticos, marabillosos ou surreais— empece a clarificarse para un lector na procura da verdade da ficción, estraño concepto tan imposible como as pistas que o narrador lle ofrece: "Penso, e agardo non trabucarme, que será fundíndome con ese

outro eu que é a muller de Urx, meténdome na ficción que ti queres para ti", di ó final do capítulo dezaseis Loaria, a dona de Antón, quen comeza o capítulo seguinte con esta angustiosa interrogación do narrador *"¿Fora exactamente eu mesmo?"*

Fronte á narrativa descarnada dos últimos tempos, *Luz de abrente* significa a recuperación dunha descrición brillante, ben integrada no discurso narrativo, que amosa trazos ben marcados estilisticamente. O lector debe arriscar e afundirse nunha narración chea de trampas e enganos, nun mundo no que a ficción non é o que parece nin o que parece é ficción, porque é máis que simple ficción.

CHEMA PAZ GAGO

O estadio do espello

● MARÍA DO CEBREIRO. *O estadio do espello*. Vigo, Edicións Xerais, 1998.

Ablativo Absoluto, de Xerais, deu á luz unha nova entrega que zumega calidade, transcendencia e representabilidade do momento actual da nosa lírica. Está aí un libro que dará que falar, e a cuestión non está na xuventude da autora nin no feito —evidente— de que se trate dunha muller a escribir poesía. *O estadio do espello* é un novo título das tendencias últimas da poesía galega porque nel encontramos a linguaxe persoalísima dunha poetisa que nace; encontramos a herdanza do anterior traducida en notas de culturalismo perfectamente integradas no máis xenuíno dunha cultura galega que procura non perderse na confusión dun mundo grande de máis; encontramos a procura de orixinalidade e de creación de imaxinarios particulares que parecen caracterizar a cada un dos poetas últimos da poesía galega. Mais non confundamos os termos. O libro de María do Cebreiro, con todo o que ten de telúrico, de nigromántico, de esencialmente feminino, debe ser entendido dentro dos canons xerais da poesía galega de hoxe; non lle procuremos "ismos" inventados para engaiolala, por exemplo, nun "movemento de poesía feminina (¿feminista?)" dubidoso, pois o que procura é, xustamente, unha individualidade literaria ben marcada, característica que define ós novos poetas, tanto homes como mulleres. María do Cebreiro é unha voz illada na súa propia maxia poética.

O libro, entre un poema inicial "intencións" —prologal— e un texto final "(adeus)" —epilogal— consta de catro partes: "alquimia e nigromancia", "a idade do azucre", "o libro de maría" e "curso de historia antiga", mais, aínda que é verdade que cada parte se refire ou se centra naquilo ó que alude (mundo astral e sobrenatural dos que predín o futuro, referencias á infancia, autodefinición do eu lírico, referencias á Historia...), as temáticas e

as referencias entrecrúzanse e atravesan como eixos transversais a obra toda, co que parece máis axeitado observala como unha totalidade.

O estadio do espello supón un canto de liberdade a través da visión da vida e da natureza (humana e física) que se dá mediante a construcción do eu lírico a través de diversas personaxes históricas que se chaman como a autora. O xogo entre o eu poético e o eu autorial faise patente desde os presupostos básicos do libro, mais ese xogo transcende as fronteiras da modalización lírica para abarcar todos os ámbitos do mundo creado pola autora. *O estadio do espello* é xustamente iso, unha reflexión sobre as dimensións vitais e sentimentais a través das palabras, a través do coñecemento das entrañas da literatura, sen medo ás complicadas referencias intertextuais, a un culturalismo por veces pouco dosificado que achega tanxencialmente a María do Cebreiro a un Ferrín que ela mesma cita. O xogo coas palabras, referencias e ironías supón, ó final, a construcción dun libro complexo que oscila entre a literatura, a música, a historia e a filosofía desde un punto de vista moi concreto: María como paradigma de ser humano e de muller, como demostran algúns versos categóricos do tipo "Que a lúa sexa a mellor amiga da muller" ou "eu elixo ser eva podendo ser maría".

Esa liberdade que se procura no libro é evidente se nos fixamos no plano gráfico, onde a autora se une ás tendencias daqueles que se negan a condicionar a súa escrita subvertendo o emprego das maiúsculas (Rafa Villar, Eduardo Estévez...), mentres que non renuncia ó emprego duns signos de puntuación que fan da linguaxe unha continua aclaración parentética, un constante saltar duns temas noutros mediante frases súpetas que se cortan e se interrompen mutuamente, igual que se interrompen as persoas gramaticais en saltos continuos de eu a ti, de ti a el ou ela, para volver sempre a unha primeira persoa ubicua. María do Cebreiro xoga cos textos do libro enteiro vencellando uns poemas cos outros facendo de *O estadio do espello* unha gran rede intertextual. E xoga tamén coas palabras para dar múltiples valores sémicos a cada texto, para sorprender ironicamente ó lector cando di, por exemplo: "era a masa ence(fálica) da segunda república". Os xogos de palabras buscan o elemento humorístico para un libro no que subxace un sorriso ás veces inocente ("no entroido vou xantar lacán con grelos") e ás veces acedo ("miopes deste mundo, unídevos"). É, como dixemos, o dominio espectacular da linguaxe que a autora ten.

A música como raíz última do texto lírico tampouco está ausente de *O estadio do espello*; unha música que non só se presenta como letra de cancións en moitos poemas, senón tamén como elemento integrante da linguaxe versal e rítmica que a autora emprega. Hai un coidado claro pola construcción de cada poema non só no plano semántico e sintáctico, senón tamén no plano sonoro e fonosimbólico. Ningún verso renxe, e esa perfecta adecuación de todos os elementos do poema é a que nos leva a aplaudirlle a capacidade poética e versificadora. María do Cebreiro naceu poeta. Ten talento de seu.

Ela, en definitiva, afonda na propia personalidade mediante un eu que se basea na visión do outro, como nun espello (de aí o título); un eu polié-

drico con múltiples facianas, reflexos, cada unha, de moitos tis, elas e nós a navegaren polas páxinas do libro. Un eu dialóxico que se define mediante a visión do outro: "a meniña é o lugar onde o outro se reflicte en pequeniño/ e deixa de dar medo"; eu que non renuncia ó afondamento sobre o amor nalgún poema sen caer no erro de autoanalizarse unicamente desde esa perspectiva, e que mesmo bromea co asunto: "(no amor son conceptista, pero no sexo invisto máis retórica"); un eu que se sabe muller pertencente a unha cultura e unha terra que, a pesar de todas as alusións a xentes e feitos doutras latitudes, segue presente en todo momento mediante referencias xeográficas espalladas aquí e alá, a través de cantigas populares, e gracias ó emprego dunha lingua natural que nos traslada ó alicerce dunha "idade do azucre" en galego: "O drama ten lugar nas modernas bermudas: triacastela, sarria, becerreá".

A tensión, logo, entre o universal e o autóctono, soluciónase mediante a análise das raíces, mediante o autocoñecemento dunha imaxinación desbordante que se anuncia no primeiro poema como un pregón: "Así berrei por fin, así, así, /solicitando asilo, pedra pómez, calquera circunstancia respirable". E ese autocoñecemento, ó final, resólvese nun canto melancólico de quen conseguiu comprender, mediante a poesía, mediante os espellos da historia e de todas as marías que foron, a súa esencia última e o seu valor de futuro: "maría vai lembrar (dunha vez para sempre) / cál era a súa verdadeira natureza. / Non ter parte no amor. / Ser dunha cidade á que se chega".

María do Cebreiro regalounos un libro abouxador como unha festa na que as cores, os berros e a música nos atrapan, como a confusión dunha multitude en que choven as follas soltas de centos de versos dun Parnaso que nós, lectores, temos que descifrar, coa súa axuda, como un Virxilio que nos leva da man, páxina a páxina, amosándonos o seu mundo creado, o seu inferno particular, nigromántico, mítico e misterioso, xogando a confundirnos ata que, no seu adeus, nos recoñece a confusión, explicando ó final, que a poesía é o espello en que se miran os poetas.

INMA LÓPEZ SILVA

Rompente: cada vez máis tristes e menos tigres

● ROMPENTE. *Upalás*. Edicións Xerais, Vigo, 1998.

Os Rompente disque foron un grupo de arroutados que chegaron en 1976 á literatura galega co obxectivo de renovala, conxugando compromiso e vangarda. Isto non o digo eu porque non estaba alí, pero seica foi así (lino de boa tinta, algunha incluso co carimbo do grupo).

O seu animador entre os "instituídos" era Méndez Ferrín, que lles demostrou nese mesmo ano *Con pólvora e magnolias* (por certo, publicado baixo o selo de Rompente) que a idea era non só realmente posible, senón sistemicamente "xusta e necesaria".

Tamén se di que os seus principios característicos eran o compromiso, a innovación e a comunicación. O compromiso como toma de conciencia da realidade social e política, xa desde o primeiro manifesto:

> Nós, poetas, pretendemos que a poesía volva ser o que foi, e que xogue o seu papel na construcción dun mundo novo. Así pois, pretendemos facer chegar a poesía ás clases traballadoras, e que o poeta volva ser un home mergullado na realidade [...] esta aprehensión da realidade, esta realidade feita poesía ten que contribuír a transformar a nosa Galicia" (pp. 87-88).

A innovación como experimentación e vangarda:

> A vangarda é o fenómeno no que está destinado a expresarse máis característicamente a verdade do feito estético como fenómeno social, a verdade oculta da arte (p. 90).

E a comunicación, que parece que lles tiña maior peso, porque non só aparece nos outros principios ("pretendemos *facer chegar* a poesía ás clases traballadoras") senón tamén no nome do grupo, que pasou de chamarse Grupo de Resistencia Poética (1976-78) a se chamar Grupo de Comunicación Poética (1978-83). Ante a incomunicación das outras tendencias poéticas do momento coma o culturalismo (*"P. ¿Cómo vedes o panorama da poesía galega actual? / R. Pois en grecia caramba caramba"*, p. 93), o tradicionalismo ou o individualismo, eles propuñan a comunicación total mediante a integración doutras artes: o deseño gráfico (o grupo contaba cun "Colectivo da imaxe" formado por Antón Patiño e Menchu Lamas, no que puntualmente tamén participou Ánxel Huete) a música (Abreu, Torrado, Macías ou Julián Hernández), e a interpretación (nos seus *happenings* ou *performances*: "Algúns dos seus recitais foron apocalipses comunicativas calidamente abrouxadoras, cun público case tan afervoado coma nunha final de Balaídos" en "Panem et circenses", prólogo de Henrique Monteagudo á *Dama que fala* (1983), nunha multidisciplinariedade na que chegaron a contar incluso cun programa na Radio Popular de Vigo titulado *Radio Esquimal).*

Pero iso foi daquela. Porque hoxe, vintetantos anos despois, o que nos chega a nós, sobre todo ós máis novos, é unha escolma de textos editados por Xerais na colección Ablativo Absoluto, cun prólogo de Xabier Cordal (¡cacho repaso da poesía do século XX!) e seleccionados por Iris Cochón e Helena González. Sen dúbida as que máis saben do tema despois deles mesmos, claro. Dígoo polos traballos que teñen publicados ó respecto: véxase *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997* ou *Actas do Congreso de Trier*, de 1999 e que, a falta dunha introducción sobre o grupo no propio volume, se volven de lectura inescusable para un bo aproveitamento do libro que se ten nas mans.

A publicación desta escolma é fundamental para demostrar a importancia do grupo. Unha importancia sistémica: sen eles non se completa o vangardismo de principios de século, anque só sexa polo recoñecemento de Manuel Antonio e a lexitimación do propio sistema mediante a intertextualidade, presente en moitos dos versos dos seus poemas ("para non ir ficando sós / SOS S.O.S.", p. 23 "imos / quedando sós a grúa o asfalto e máis nós", p. 34 ou o boletín "Fóra as vosas súcias mans de Manoel-Antonio", p. 89, escrito en 1979 como contradiscurso respecto á celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Manuel Antonio), nin se entenden outros fenómenos literarios posteriores coma o dos Ronseltz (1994). Pero unha importancia tamén curricular na traxectoria de cada un deles. Por conta do cal, "a maioría dos autores", desexou identificar os textos colectivos —isto é, do *Silabario da Turbina* (1978) e da *Dama que fala* (1983) logo de feita a selección dos poemas. ¡O canon tira!

E tanto por demostrarnos que son importantes como por permitirnos ter de noso e para sempre (e non da biblioteca e de prestado) algúns textos de Rompente que, hoxe por hoxe, non había outro xeito de conseguir, ben merecen os nosos parabéns, a nosa noraboa ou algo. E aínda que ese agradecemento é o obxectivo principal desta reseña, non podo evitar, por outra banda, un par de "tiróns de orellas".

Porque hai que tirarlle das orellas a quen alterou ortograficamente os textos, do primeiro ó último, nese andazo que percorre Galicia polo cal se transmutan os textos (travestismo do idioma —digo eu, ¿non?) para a normativa oficial (do "cuchitril" ó "cortello", p. 38).

Pero o gran tirón é para quen, Deus sabe por qué, lle omitiu o deseño gráfico ós poemas, deixándoos non só eivados esteticamente (xa non hai cómic en "Matemos ao Sheriff King", p. 29, nin pantasma sobre o mapa de Vigo no "Ritual da sombra radiofónica", p. 32, nin mazá no "III O desenvolvemento histórico", p. 28, nin debuxos na "desfeita da collona e dálle", p. 46) senón tamén orfos comunicativamente (falta a biografía e a fotografía de Joan-Salvat Papasseit no poema "Nocturn per a acordió", p. 20, sen contar toda esa parte de comunicación do experimentalismo na mestura doutros discursos —o cómic, a diapositiva, o debuxo— que tamén se perde).

Custa crer que as seleccionadoras fixeran tal, logo de teren resaltado tanto este valor nos seus traballos sobre Rompente. Pero máis custa crer que foran os propios autores os responsables logo de tanto procuraren a comunicación servíndose da desmitificación do texto (no orixinal poemas coma "había un galego", p. 15, están escritos sobre un albará), do libro (os libros de Rompente, sobre todo os da serie "Tres tristes tigres", eran libros-obxecto, cun formato máis próximo ó dunha libreta, encadernados en espiral, cheos de debuxos e con follas perforadas, ou que se despregaban como lle pasaba ó poema "comando e fuga de min ou varios", p. 53, no orixinal) e da recepción (as performáticas presentacións —das que moi acertadamente se reproduce un texto de Reixa, entregado na presentación do seu libro *As ladillas do travesti*, p. 43— ou mesmo espectáculos poéticos como o que dá lugar á *Dama que fala*). Despois disto só queda pensar que hai máis outra pantasma perco-

rrendo Galicia e facéndolle estas maldades non só ós poemas senón ós lectores, que en ningún lado son avisados desta mutilación.

Mais fóra disto (que non é pouco), hai que agradecer unha vez máis esta escolma e estar moi contentos xa non só por ter textos dos cinco libros (dous colectivos e tres individuais) do grupo, senón tamén polos "Textos de Resistencia e Comunicación" que aparecen ó final e que, poéticos ou non, son inmensamente significativos como demostran os que se veñen considerando os seus "manifestos": "Nós poetas coidamos:" e "Fóra as vosas súcias mans de Manoel-Antonio". Queda dito: todo un luxo.

OLGA FERNÁNDEZ NOGUEIRA

Do novo teatro á nova dramaturxia

● MANUEL F. VIEITES (Ed.). *Do novo teatro á Nova Dramaturxia* (1965-1995). Edicións Xerais, Vigo, 1998.

Na mesma liña de anteriores traballos e como sinala o seu título, este libro editado por Manuel Vieites pretende presentar un panorama xeral da nosa historia dramática desde a creación de O Facho ata a década dos noventa, período de tres décadas no que se producen os primeiros intentos de normalización teatral significativos pero marcado pola marxinalidade da lingua usada e a precariedade das representacións. Alén diso, nin público nin lectores estaban formados e preparados para asumir cambios demasiado radicais no teatro.

Os colaboradores pertencen a todos os ámbitos dramáticos, literarios e socioeconómicos, co cal o editor garante a variedade de perspectivas. Vieites conta, pois, coa axuda dun equipo interdisciplinar formado por González-Millán, Damián Villalaín, Dolores Vilavedra, Cándido Pazó e Francisco Sanjiao contribuíndo coa propia actuación á normalización dos estudios teatrais ó encetar novos camiños de investigación. Ademais, un pequeno limiar do editor remarca a marxinación e a pouca presencia que sofre a dramaturxia tanto desde a crítica como desde a propia escola debido ós condicionamentos históricos e lingüísticos da nosa cultura como minorizada. Esta característica é a que nos permite afirmar como adecuado o achegamento ó sistema teatral galego que varios destes autores elaboran desde o punto de vista da teoría dos polisistemas tal como foi tracexada por I. E. Zohar.

As peticións e críticas dos dous artigos de Manuel Vieites son totalmente indispensables se de verdade se pretende a normalización do noso teatro. A pouca presencia nos ámbitos académicos e institucionais provoca

un descoñecemento total do teatro galego en máis dun noventa por cento da poboación galega. Só o un por cento que acode regularmente ó teatro é realmente consciente dos seus problemas e coñece relativamente as propostas escénicas das nosas compañías. A partir destes presupostos, afirma que é Ribadavia o punto de partida da configuración da Nova Dramaturxia e da normalización teatral.

"Consideracións arredor da xénese do NTG e da NDG" é o artigo inicial no que Vieites repasa someramente o desvertebrado panorama escénico anterior ó Novo Teatro Galego remarcando que careciamos dunha "estructura teatral propia" e estudiando de maneira innovadora a confluencia das distintas orientacións artísticas deste movemento que comeza en 1965, e conclúe nos 80 cando chega verdadeiramente a profesionalización e a institucionalziación da práctica artística. Por unha banda, analiza os antecedentes da dramaturxia deste período (en 1959 representouse o *Don Hamlet*, comèzando a nova andaina da nosa historia teatral, pois esta obra é ponte entre o Movemento Dramático Nacional e símbolo da capacidade do galego para reinterpretar mitos universais, lema cunqueiriano por excelencia) e, pola outra, sitúa nos 70 o comezo dunha nova etapa teatral.

Preocupado polo feito teatral e o seu estudio crítico para conseguir a normalización, trata a situación actual e os problemas económicos, sociais e políticos entre os que é urxentísima unha "política teatral vertebradora" que responda ás nosas necesidades e que potencie todos os ámbitos creativos. O autor atina cando aproveita a súa publicación para salientar a necesidade dunha crítica teatral formada, mais non comete o erro de non presentar propostas: a creación dun Centro de Documentación e Promoción Teatral, a apertura dunha Escola Superior de Teatro dependente da Consellería de Educación (cunha función práctica —formar actores, directores— e teórica —formar investigadores—), e unha Teoría do texto dramático galego son algunhas das súas ideas. Tampouco se salvan os medios de comunicación; eles son culpables da discriminación que vén sufrindo o teatro desde sempre, co que cumpriría un maior compromiso teórico e práctico desde a RTVG. Vieites posiciónase así perante o *status* do teatro galego, reclamando a implicación dos organismos públicos e dos académicos, sendo esta a conclusión —e mesmo a intención— do seu artigo.

Como peche do libro temos o artigo do mesmo autor "Literatura dramática e teatro para a infancia e a mocidade" no que tenta facer algunhas aclaracións terminolóxicas sobre literatura dramática e teatro infantil (notemos a necesidade de afondar neste ámbito) dentro do que estudia a diversidade contida nel (teatro de marionetas, guiñol) facendo de novo unha chamada de atención sobre a "Necesidade de regularización destas actividades".

Pídese nestes dous artigos un cambio xeral de actitude fronte ó teatro, prestándolle especial atención á figura do neno, futuro espectador de teatro, e abrindo portas temáticas para sucesivas investigacións.

Baixo o título "Reconfiguración do espacio literario galego actual: transformación e desafíos", Xoán González-Millán intenta debuxar aquelas áreas socioculturais necesarias para "entender algúns dos procesos de reconstruc-

ción e reconfiguración dunha cultura nacional". Dános unha visión resumida das transformacións do discurso literario e dos esforzos colectivos que se puxeron a andar despois da morte de Franco partindo dunha situación bastante precaria. Á hora de revisar os "desafios" ós que se tivo que enfrontar o teatro galego, fai fincapé na decisión das institucións teatrais de reclamar a autonomía respecto do poder e na relación cos presupostos nacionalistas que calquera discurso cultural no polisistema galego ten. Coa transformación dos xéneros canónicos, búscanse novos espacios de expansión do fenómeno literario, tentando chegar, igual que se procura hoxe en día, á "articulación dunha política cultural capaz de facer efectiva a urxente reivindicación da memoria histórica silenciada".

O artigo de Damián Villalaín redunda en temas xa tratados, como a importancia das Mostras de Teatro de Ribadavia como foro de discusión e punto de arranque da actividade teatral xa que nelas se darán a coñecer dramaturgos como Euloxio Ruibal, Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño, dos que estudia a súa producción teatral. Tamén se fai mención neste artigo ó teatro independente, movemento de resposta antifranquista (nacionalista no noso caso) que non só renovou o teatro estatal senón que afectou á propia estructura do sistema.

"As novas promocións" é a colaboración de Dolores Vilavedra, onde reforma o problema da periodización encetado por Vieites páxinas atrás, matizando as citadas observacións e propoñendo unha división en promocións moi semellante á del mais coa excepción dalgúns autores. A literatura dramática das últimas décadas mostra, para ela, unha "convivencia interxeracional" e unha pluralidade de poéticas que dificulta, como xa dixera Vieites, unha proposta periodizadora e metodolóxica. Trata a importancia dos problemas editoriais dentro do sistema escénico e a anárquica actuación dos mecanismos canonizadores —o que demostra a non existencia dunha total normalización—, o papel dos premios e o seu excesivo valor canonizador dentro do sistema literario..., problemas, todos eles, derivados da despreocupación social polo feito teatral (as colecciónes e editoriais, por exemplo, están marcadas polo voluntarismo, a fugacidade e a especialidade/dispersión). Por último, Vilavedra trata o fenómeno da creación colectiva e o problema dos clásicos visto tanto na súa dimensión positiva como negativa, esta última derivada da excesiva recorrencia á reserva textual do noso panorama teatral o que provoca a perda de espacio ós novos autores, que os clásicos sexan enganosamente percibidos como novos e que actúen os vellos mecanismos canonizadores.

Baixo a afirmación "O teatro é [...] un oficio de actores", Cándido Pazó tenta demostrar que o actor, ó ser o centro, do espectáculo debe selo dos estudios teatrais. A partir desta afirmación tan subxectiva, desenvolve brevemente o que para el debería ser a historia do teatro galego; unha historia que, cómo non, estudiase o papel do actor xa que el é o alicerce. Resulta obvio que, desde o punto de vista dun conxunto de artigos tan heteroxéneos, non podía faltar a perspectiva do actor. Pazó emprega como insistente criterio de análise a importancia do elemento humano, que poría en marcha o fenómeno teatral e que permitiría ter unha perspectiva diacró-

nica da nosa escena. En definitiva, láiase de que non haxa estudios sobre este fenómeno. Define actor de vontade, de vocación, de oficio, de talento e de formación, facendo corresponder estes atributos cun determinado tempo histórico, concluíndo que os tempos da formación nos que a escena galega teña actores multidisciplinares están aínda por vir. Para el, o actor medio ideal na nosa escena sería aquel que combinase todas as cualidades anteriores. As súas afirmacións condúcense a demostrar que a "normalización actorial" (repárese no innovador e interesante do termo) como tempo no que o actor estea totalmente formado e responda ás características anteriores, aínda non chegou.

Nos dous artigos seguintes, Francisco Sanjiao fai unha análise sobre a demanda teatral. No primeiro deles, estudia o mercado teatral como actividade económica, faceta que compañías e teóricos deben ter en conta á marxe do seu propio proxecto artístico e académico. Sobre este principio interrógase sobre se compensa ou non a representación teatral como producto da empresa, e proporciona datos cuantitativos (orientativos) sobre asistencia e beneficios. Son moi importantes estes datos para podermos facer unha composición de lugar. Pon o dedo na chaga ó falar da importancia da demanda á hora de estudiar o noso teatro e tentar facer unha análise da situación económica e estética das compañías actuais.

No segundo artigo, analiza o caso particular do "Teatro público en Galicia: O CDG" vendo que hai variacións económicas importantes con respecto ó teatro privado. O autor é realista na súa apreciación, xa que afirma sen medo que é "inviable" hoxe en día un teatro que careza totalmente de subvencións pois para que unha compañía sobreviva non é suficiente a iniciativa privada, pois as ganancias, de habelas, son mínimas. Sanjiao tenta analizar tamén o papel dos organismos públicos como impulsores do teatro e creadores de institucións como o CDG. Este, ó non estar sometido a criterios económicos como si o están outras compañías, podería centrarse máis na posta en escena e nas calidades artísticas de cada espectáculo. O autor dános tamén datos económicos bastante actualizados das producciónes do CDG, mais chamando a atención sobre a perigosidade dunha institución que non só administra diñeiro público, senón que tamén pode chegar a ensombrecer o labor e as posibilidades doutras compañías.

Finalmente, o libro contén amplas bibliografías actualizadas que resultan unha excelente orientación para aqueles investigadores interesados no feito teatral galego.

CRISTINA BLANCO GONZÁLEZ

Historia social da lingua galega

● HENRIQUE MONTEAGUDO. *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo.* Galaxia, Vigo, 1999.

Henrique Monteagudo ofrece nesta obra unha reconstrucción do acontecer sociolingüístico do país, a través dun filtro que prima os aspectos socio-ideolingüísticos da relación histórica entre Galicia e o seu idioma.

Ocupa as páxinas iniciais en aclarar coidadosamente a orientación do seu estudio. Xa no limiar enuncia a súa vontade de eludir unha serie de perversións procedementais non infrecuentes en traballos histórico-lingüísticos, entre elas a tendencia á mitificación, á asunción acrítica de tópicos simplificadores, ou incluso, en ocasións, ó abandono a prácticas directamente doutrinarias. Non aspira, nin sequera teoricamente, a situarse nunha hipotética perspectiva de *suposta imparcialidade* (p. 14), senón que opta por explicitar o seu posicionamento preanalítico, de tal xeito que o coñecemento deste permita ó lector valorar máis axustadamente os contidos do libro.

Unha moi interesante introducción encárgase de sinalar, con erudición e espírito crítico, os marcos teóricos e terminolóxicos do estudio. A exposición avanza despois, en cada período histórico, nun proceso de concreción progresiva do obxecto de estudio, que se contempla inicialmente á luz do *panorama* xeral das linguas románicas occidentais, para centrarse despois no marco hispánico (peninsular) e deterse, por último, no *escenario* concreto da situación histórico-lingüística galega.

Nas liñas que seguen limitarémonos a sinalar algunhas das que consideramos as formulacións máis interesantes do libro, nun repaso necesariamente sumario e inevitablemente simplificador. Non perdamos de vista que se trata dun volume de máis de cincocentas páxinas onde se aproveitan as escasas e moitas veces indirectas referencias á realidade sociolingüística e ás ideas sobre a lingua nunha análise rigorosa e matizada imposible de comentar detalladamente en tan breve espacio.

Comezaremos por sinalar que unha das principais virtudes da obra radica no cuestionamento de rutinas herdadas de aproximación teórica. Esta liña de actuación opera desde as primeiras análises vertebrando o libro e converténdose nunha das súas principais características. Ó contrario ca noutros intentos, non se trata tanto de afondar máis ou menos eficazmente nunha hipótese de especulación retrospectiva que en ocasións a penas se distancia das deseñadas na década dos trinta por Risco ou Castelao, coma de problematizar nos presupostos teóricos manexados tradicionalmente á luz da moderna teoría sociolingüística.

Os resultados dunha revisión histórica efectuada desde estas premisas non sempre van coincidir coas conclusións ás que se chega desde a óptica doutras disciplinas. Así, por exemplo, é habitual nos estudios sobre literatura do século XIX considerar a publicación de *Cantares gallegos* de Ro-

salía de Castro como un punto de inflexión. Tamén desde o punto de vista da historiografía literaria, e tornando igualmente como criterio de periodización a cualidade dos textos, considérase a existencia dunha "depresión finisecular" que se estendería máis ou menos ata 1915. Pero o criterio da cualidade literaria dos textos non ten nun estudio de sociolingüística histórica o mesmo peso ca nun de historia da literatura e Monteagudo rebate a conveniencia sociolingüística de tales consideracións cronolóxicas demostrando que a producción textual non se vai ver incrementada despois do ano 1863 máis do que o fixera xa na década anterior (con X. M. Pintos, por exemplo) e, no período "entre dous séculos" (1890-1915) non se rexistra tampouco unha diminución significativa do ritmo de publicación de títulos en galego (pp. 344-46). Pero non nos adiantemos. O estudio remóntase ás orixes da lingua. Empecemos por alí.

En contra do que se ten afirmado moitas veces, a latinización non pode contemplarse como un proceso voluntario, que partiría incluso da iniciativa dos pobos conquistados (p. 54). En efecto, os romanos non se propuxeron como fin concreto a asimilación lingüístico-cultural dos pobos do seu Imperio. Resulta inverosímil que un pobo da Antigüidade chegase a concibir tal obxectivo. Sen embargo, "en termos sociolingüísticos, podemos dicir que o estado romano impuxo unha diglosia social e funcional *de facto,* que desencadeou un proceso masivo de asimilación lingüística que conduciu en case toda a área occidental do Imperio á extinción das linguas autóctonas" (p. 56).

En canto á diversificación lingüística posterior, un erro moi común consiste en considerar como dúas variedades lingüísticas independentes e non relacionadas o latín escrito e o denominado latín vulgar:

> En particular, hai que advertir contra unha visión simplista, en clave de oposición 'bipolar' entre *unha* variedade falada en evolución lineal (latín popular > protorromance > protogalego > galego) e *unha* variedade escrita conxelada (latín clásico). Na realidade existiu sempre un *continuum* de estilos en constante interinfluencia e incesante evolución, formando un abano amplo e diversificado: estilos máis ou menos formais de fala e estilos máis ou menos elevados de escrita (p. 82).

Tampouco a Idade Media resulta un terreo de doada abordaxe sociolingüística. Un dos problemas maiores deriva da complicada delimitación da fronteira cronolóxica e estilística entre o latín e os incipientes romances (e entre cada un deles e os falares veciños). En Galicia, comeza a transparentar a distancia entre o latín clásico e o romance galego a consecuencia da reforma carolinxia da escrita do latín, importada desde Francia coa liturxia romana que vén substituír o vello ritual hispánico (mozárabe):

> A lectura literal dos textos 'en latín (elevado)' e a posta escrito de textos 'en romance (vulgar)', resaltaría ineludiblemente a distancia lingüística entre as variedades correspondentes, propiciando deste xeito unha mutación da consciencia metalingüística: arestora, un e outro dificilmente podían ser xa considerados simples estilos da mesma lingua (p. 108).

O Renacemento e o Barroco contemplan en toda Europa a elevación das linguas de Estado. As aspiracións básicas do reducido número de vernáculos que se verán elevados a linguas protonacionais son basicamente tres: desprazar o latín dalgúns espacios da franxa alta, elevar a súa variedade concreta sobre as do resto do territorio e establecer unha variedade interna de referencia (p. 144). Nunha época na que a conciencia lingüística dos galegos afoga en *simas de alienación* (p. 180), asistimos en Castela e Portugal á elaboración dun discurso nacionalitario en materia lingüística que intenta lexitimar o estado lingüístico de cousas que comeza a impoñerse. En Galicia, mentres, ó tempo que o cultivo do galego pasa a ser *circunstancial* [...], *intermitente e inconexo* (p. 232) vanse consolidando as bases dun proceso masivo de substitución lingüística que non se coñecerá ata a Idade Contemporánea, pero que afunde as súas raíces neste período (p. 244).

O autor ocúpase en desmontar con acerto tamén nesta época algúns tópicos bastante asentados. Aqueles que manteñen que Galicia se someteu sen loita que lean o repaso das continuas protestas efectuadas ante a Xunta do Reino pola oligarquía e a fidalguía galegas en contra do trato discriminatorio recibido da política estatal (pp. 225-28). Aqueloutros que louvan a fundación da Universidade de Santiago como facho iluminador que non esquezan que a mesma institución constituíu tamén unha peza clave no proceso de xestación dun sector autóctono galego asimilado lingüisticamente (p. 210). Este repaso sobre os tradicionalmente denominados Séculos Escuros remata cunha análise da contribución de Sarmiento (pp. 255-88).

O século XIX asiste á elevación dos novos estados liberais. Este novo panorama trouxo para Galicia e o galego un agravamento do desfavorable contexto sociolingüístico legado polos séculos precedentes. O autor é bastante claro:

> O proceso de construcción e afianzamento do estado liberal orientouse decididamente no camiño da centralización, lexitimada por unha ideoloxía nacional-española, salvo excepcións, cada vez máis uniformista [...] a lingua castelá e a cultura correspondente [...] debían agora impoñerse ás demais, mesmo ata facelas desaparecer (p. 293).

Pero o mesmo período coñece, sen embargo, a lenta consolidación dunha *intelligentsia* galeguista (p. 298). O reducido grupo dos rexurdimentistas aproveitará a súa educación —en castelán— en beneficio do país, nun proceso semellante ó acontecido noutras nacións europeas na mesma época. A revisión dos seus textos e a súa producción cultural xeral serve para valorar os logros do seu labor (pp. 346-72).

A análise do século XX céntrase no que o autor denomina período de entreguerras (1916-1936). Henrique Monteagudo revisa o material da súa tese de doutoramento e preséntao en tres capítulos (VII, VIII e IX) que analizan as posicións das distintas forzas sociais e políticas na loita pola mellora do estatus da lingua, en especial no aspecto da oficialización do uso escolar do galego, xa desde o punto de vista das leis e a política

gobernamentais (capítulo VII), xa desde as posicións galeguistas (cap. VIII). No capítulo IX, ocúpase do proceso de modernización do idioma.

Neste treito derradeiro destacariamos o seguimento do debate parlamentario arredor do artigo 4º da Constitución da Segunda República, que enfrontou dunha banda —e de xeito sinalado— a Unamuno e da outra a políticos galeguistas como Castelao ou Otero Pedrayo. Lembremos que o enunciado daquel artigo constitúe o antecedente inmediato e case literal do pronunciamento da Constitución Española de 1978 no referente ás linguas minorizadas. Salientan, máis adiante, os comentarios sociolingüísticos sobre as propostas presentadas para o estatuto republicano. Colectivos diversos, como o Seminario de Estudos Galegos, o Secretariado de Galicia en Madrid, o Instituto de Estudios Gallegos da Coruña ou a Federación Republicana Gallega presentan ideas sobre a lingua igualmente diversas, que permiten comprobar como moitas veces os obstáculos ó progreso do galego partiron de colectivos asimilados (e en ocasións organizados e poderosos) que operaban desde dentro da propia Galicia.

Gustaríanos, por último, chamar a atención sobre o subapartado VIII. 7. ("Lingua nacional e aparato escolar"). O autor, que vén seguindo a evolución do sistema de ensino desde as escolas municipais tardoimperiais, ponlle o ramo a esta pescuda no período de entreguerras. A importancia da escola nesta primeira metade do século XX resulta básica, porque, a diferencia do que acontecía en épocas anteriores, o Estado si aspira agora a instruír a toda a poboación. As características da escolarización na época non conseguiron que os rapaces aprendesen o castelán, pero si, lamentablemente, a interiorización da diglosia:

> [...] a escola, que a penas conseguía nada no que atinxe ó *coñecemento* do idioma oficial, conseguía moito verbo do seu *recoñecemento*, isto é, na aceptación del por parte dos rapaces escolarizados como única lexítima, e consecuentemente na desvalorización da lingua propia e mais na desarticulación dos seus mesmos medios de expresión (p. 462).

É posible que o lector ou lectora ben informados coñezan esta teoría do sociólogo Bourdieu a través do libro de Narciso de Gabriel *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*. Sen embargo, *nesta Historia social da lingua galega* aparece como un broche de mérito do repaso diacrónico da influencia do sistema escolar na cultura da lingua. A súa inclusión nesta obra contribuirá, sen dúbida, a potenciar a súa divulgación entre o público universitario que atopará nela unha clave interpretativa de ampla operatividade.

Rexistramos, sen embargo, algúns aspectos da obra que deberían ser revisados en novas edicións. Aínda que o autor teña en mente a elaboración futura dun *Manual de sociolingüística galega* (p. 15) non deixa de resultar chocante que despois de remontar o seu estudio a épocas para as que a penas se dispón de material (el mesmo fala de *hipóteses* máis ca de certezas no capítulo das orixes da lingua —p. 50—) abandone a historia social da lingua no ano 1936, eludindo o comentario do período contem-

poráneo, sen dúbida un dos máis ricos para a análise sociolingüística. Por outra banda, a atención adicada á figura de Sarmiento (33 páxinas) pode resultar excesiva nunha obra deste tipo. Por moi brillantes que resulten os seus escritos, non esquezamos que unha característica do padre bieito é o que Alonso Montero denomina a súa *ineditez* e, ademais, o propio Monteagudo recoñece que as ideas de Sarmiento sobre o galego ían "a contrafío da mentalidade e do pensamento sociolingüísticos dominantes na España do seu tempo" (p. 288). A súa influencia foi, de feito, moi escasa na cultura da lingua do período e, como dixemos, tampouco ilustra demasiado sobre o sentir sociolingüístico da época.

A penuria de información sociolingüística sobre épocas pasadas provoca moitas veces que as valoracións sobre a realidade social global teñan que deducirse a partir de noticias indirectas. Sen embargo, no apartado VI. 1 —no que se efectúa unha visión xeral sobre o Rexurdimento— atopamos o seguinte parágrafo:

> Se supoñemos que a nai (ou sogra) do capitán do relato [que acaba xusto de reproducir] era máis ou menos coetánea da avoa do oficial da Mariña de Guerra Joaquín de Arévalo, a quen citamos antes, e se temos en conta que era monolingüe en galego, podemos convalidar a afirmación deste que aducimos antes, e tamén datar unha mudanza notable nos usos lingüísticos domésticos das 'claves medias' urbanas do galego cara ó castelán contra mediados do século XIX (p. 334).

Descontextualizado, o fragmento chama evidentemente a atención. Pero no seu lugar propio resulta igualmente raro, e de valor científico cuestionable. Debemos, con todo, indicar que se trata dunha excepción nun conxunto equilibrado que consegue superar con habilidade as carencias derivadas da falta de monografías, sen aventurar hipóteses —coma neste caso— a partir de referencias indirectas tan febles.

En conclusión, Monteagudo ofrece o seu contributo de sociolingüista ó proceso de reconstrucción do noso pasado no que tantos esforzos se veñen empregando nos últimos anos. Problematiza presupostos teóricos asentados, distánciase de rutinas de aproximación metodolóxica, deseña periodizacións autónomas, arrisca hipóteses, acuña terminoloxía, esgaza o pano de victimismo que cubría determinadas visións da nosa historia e contempla o decorrer sociolingüístico de Galicia á vista do contexto global de emerxencia doutros romances nacionais europeos. En definitiva, trascende o carácter de decrúa de campo disciplinario que enuncia nas páxinas iniciais para ofrecer unha panorámica ampla e reveladora sobre as relacións históricas entre a sociedade galega e o seu idioma.

SERAFÍN ALONSO PINTOS

Homenaxe a Ramón Lorenzo

● DIETER KREMER (ED.). *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; Galaxia, Vigo, 1998.

Unha colaboración múltiple entre o Galicien-Zentrum da Universidade de Trier, a Universidade de Santiago, o Consello da Cultura Galega e a Xunta de Galicia fixeron posible a publicación dos dous volumes desta homenaxe, coordinada polo profesor alemán Dieter Kremer, que Galaxia deu a lume hai uns meses.

O primeiro tomo é misceláneo. Despois do limiar de D. Kremer e dunha exhaustiva bibliografía do autor, atopamos unha serie de semblanzas do homenaxeado. A seguir, recóllense unha serie de contribucións agrupadas en tres grandes bloques: Filoloxía e literatura medieval, Crítica e creación literaria e Cultura e historia. O segundo tomo consiste nunha monografía de estudios lingüísticos centrada fundamentalmente en aspectos relativos á sintaxe, á morfoloxía —verbal e pronominal— e á lexicoloxía.

A nómina de colaboradores e colaboradoras en cada un dos dous volumes dá conta do sólido prestixio profesional e elevado recoñecemento internacional do profesor. Traballos de romanistas consagrados internacionalmente aparecen nesta homenaxe ó lado dos elaborados polos especialistas da Universidade de Santiago de Compostela. Este feito, que hoxe está lonxe de chamar a atención, resultaría pouco menos ca impensable hai uns trinta anos. E o cambio acontecido non é o resultado de ningún milagre, senón a seitura do traballo serio, rigoroso, paciente e disciplinado dun reducido grupo de filólogos galeguistas entre os que salienta a figura de Ramón Lorenzo. O camiño non foi doado. O profesor someteuse a unha fonda preparación. Da Universidade de Santiago pasou á de Madrid, aquela que contaba entre o seu corpo docente a Dámaso Alonso ou a Rafael Lapesa. De alí, onde recibiu as máis altas cualificacións, a Alemaña. Fascinado pola categoría da lingüística daquel país, completaría a súa aprendizaxe na Universidade de Colonia ó lado de mestres da talla de J. M. Piel. E, por fin, o regreso a Compostela, para convertese no que Ferrín denomina "o primeiro coñecedor científico da lingua galega e da súa historia" (p. 5).

Metódico, preciso e constante, acadou merecida sona dentro e fóra de Galicia, especialmente polas súas edicións de traduccións medievais galegas de textos de prosa. Asumidas hoxe como referencias inescusables, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* (1977) e a *Crónica Troiana* (1985) identifícanse rapidamente coa imaxe máis coñecida do autor. A peripecia da publicación da primeira das obras que acabamos de citar, que recolle a súa tese de doutoramento, retrotráenos a épocas onde a infraestructura editorial de Galicia era moitísimo máis débil. Manuel Rodrigues Lapa dixo no seu día que a publicación dunha obra así, de non conseguir diñeiro doutra maneira, xustificaría o atraco a un banco. Afortunadamente,

segundo nos recorda Carlos Casares (pp. 15-17), conseguiuse —despois de varios anos, iso si— sen ter que acudir a tan extrema medida.

Traballador incansable, as súas actividades transcenden en ocasións o estrictamente universitario. Un repaso somero do seu itinerario extraacadémico como intelectual galeguista permite comprobar a súa colaboración nalgunhas das máis fecundas iniciativas culturais de posguerra: nos seus anos de estudiante universitario, participa como poeta nas Festas Minervais e como crítico literario en *La Noche*, desta mesma época datan os seus primeiros contactos con membros do denominado "grupo Galaxia"; en Madrid, formou parte do colectivo Brais Pinto e, como poeta, é considerado o principal representante da Escola da Tebra.

Un dos aspectos máis coñecidos de Ramón Lorenzo é, sen dúbida, a súa defensa firme e irreductible, vehemente por veces, do carácter autónomo do galego no ámbito lingüístico iberorrománico. Pero o recoñecemento de tal posicionamento filolóxico hoxe asentado foi un labor arduo. Sen científicos de mérito que valesen por ela, a lingua galega levaba marxinada —salvo moi escasas excepcións— das catalogacións e estudios sobre idiomas europeos practicamente desde os traballos fundacionais da moderna filoloxía románica. Os esforzos do noso insigne medievalista atenderon esa carencia e, en moitos casos, abriron un camiño logo continuado por investigadores e investigadoras posteriores que, coma el, defenden para o galego a categoría de variedade en por si.

En conclusión, as súas edicións e investigacións como medievalista, a súa colaboración en iniciativas culturais galeguistas, o seu labor de dinamizador de institucións de apoio ó galego e as súas actuacións en diversos foros nacionais e internacionais en defensa da lingua, converten felizmente a Ramón Lorenzo nun clásico vivo da lingüística galega de quen se agardan aínda grandes traballos.

SERAFÍN ALONSO PINTOS

O labirinto virtual

● CH. BALEIRÓN, M. MARTÍNEZ, M. SEOANE, A. TARRÍO, D. GANEIRO e E. NEIRA. *O labirinto virtual*. Edicións Xerais, Vigo, 1998.

Internet é unha rede de comunicación global na que ordenadores de todo o mundo están conectados entre si por medio da liña telefónica. De ser aproveitada nun primeiro momento nos EE UU para a comunicación militar, a rede Internet pasou co tempo a ser utilizada por investigadores para se manteren en contacto entre si, así como para acceder ás bases de

datos de moitas institucións académicas. No momento actual a rede forma xa parte do mundo dos negocios, do lecer e da cultura. Xa que logo, estamos diante dunha revolución no eido das comunicacións dun alcance tan grande como a que deu lugar á introducción da imprenta no século XIV. Internet está a redefinir conceptos básicos da comunicación humana. Os seus efectos danse no espacio (agora globalizado), no tempo (comunicación en tempo real), na audiencia (que adquire un papel activo e non só de mero receptor), na cantidade e calidade de información, e nos modos de interacción (xa non só en modo de texto senón con gráficos, audio e vídeo). Non existen barreiras xeográficas que limiten o uso da rede, nin ten límite horario, e permite que calquera persoa traballe e se comunique a distancia desde calquera ordenador a calquera hora do día.

No eido educativo, Internet configúrase coma un laboratorio global de profesores, alumnos e investigadores, que facilita a comunicación a baixo custo en tempo real, e que contén unha enorme cantidade de información dispoñible de forma gratuíta en moitos casos. Segundo un estudio encargado pola Unión Europea no ano 1994 (previo en boa medida ó boom de Internet en Galicia) a comezos do próximo século, de cada dous postos de traballo novos que se creen na Comunidade Europea, un deles estará relacionado coas novas tecnoloxías da comunicación. Algúns países (EEUU, Francia, Reino Unido, etc.) xa comezaron a conectar as súas escolas primarias e secundarias á rede, polo que o noso sistema educativo non pode quedar atrás neste novo impulso tecnolóxico. Requírese para iso unha formación básica dos docentes, para que saiban sacarlle todo o partido posible a este material de ensino e fonte de recursos para a aula.

Neste sentido, o volume que consideramos aquí, *O labirinto virtual*, preséntase como unha guía práctica dirixida a docentes e alumnos galegos que non estean familiarizados coas novas tecnoloxías da información e da comunicación. Cunhas explicacións claras e sinxelas, o volume comeza facendo unha descrición do que é un ordenador, dos seus compoñentes e mais os equipos multimedia, para logo presentar diversas propostas didácticas baseadas en formato de CD-ROM dispoñibles no mercado en lingua galega. A continuación, faise unha presentación da rede Internet, as súas orixes, aplicacións, o equipo necesario para se conectar a ela, etc. Segue unha presentación dalgunhas das súas posibles aplicacións no eido educativo: a) como fonte de información para ensinar os conceptos propio de cada materia; b) como un xeito de poñer en contacto centros escolares de todo o mundo; c) como unha aula virtual. Destácase, por exemplo, a relevancia da rede Internet para lograr a igualdade de oportunidades entre as persoas, como é o caso dos discapacitados, así como a conveniencia de ir introducindo os máis pequenos a esta fonte vital para a súa formación. Así mesmo, faise unha escolla daquelas páxinas web e enderezos de correo electrónico galegos ó mesmo tempo que se avalía a súa utilidade no ámbito educativo: medios de comunicación, asociacións culturais, museos, centros educativos e de investigación, editoriais, etc. De xeito similar, preséntanse distintos programas informáticos aplicables ó ensino en Internet, grupos de discusión electrónica sobre temas educativos, e

algúns materiais sobre lingua e literatura galegas en soporte informático: exercicios de lingua, correctores ortográficos, CD-ROMs, etc. Para rematar, o volume ofrece un glosario no que se definen moi axeitadamente os termos máis utilizados no mundo da informática, así como unha selección bibliográfica comentada sobre algúns títulos que tratan a relación entre Internet e a educación.

En Galicia, aínda hoxe a presencia de Internet, tanto no que se refire ós equipamentos coma ás redes de transmisión de datos, é relativamente escasa na maior parte dos centros educativos. Debido a esa falta de materiais, ou a que os docentes non saben facer un uso axeitado deles, os estudiantes chegan á Universidade sen saber cómo aproveitar para a súa formación as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías de comunicación. Posibilidades que si se aproveitan noutros países, o cal significa unha mellor preparación para o mundo laboral. De aí a importancia de manuais como *O labirinto virtual*, que posibilitan que os docentes poidan achegar os seus alumnos ás posibilidades e contidos que aportan as novas tecnoloxías.

Mais con todo, bótase en falta en Galicia unha reflexión máis pausada sobre o impacto da nova sociedade da información no ámbito cultural e educativo galego, algo que desborda os límites da guía que aquí presentamos. Un traballo desa índole abordaría de forma crítica o papel que han de xogar culturas e linguas minorizadas como a galega nos novos medios. Por unha banda, se queremos que a cultura galega subsista no futuro, teremos que facelo, en boa medida, gracias ó apoio das novas tecnoloxías. A tal fin é fundamental que os cidadáns galegos, especialmente os que se están a formar, aprendan a manexar os novos medios e axuden e dean a coñecer ó mundo as nosas posibilidades como país diferenciado. Gracias a Internet, por exemplo, pódense realizar proxectos educativos en común con outras escolas, ou poñer en contacto a docentes e estudiantes galegos cos do resto do mundo co fin de compartir experiencias educativas e culturais.

Por outra banda, aínda non queda moi claro o papel a xogar pola nosa lingua nestes procesos. Se ben o inglés é a lingua de uso maioritario na rede, e non se debe renunciar a ela para a comunicación internacional, existe tamén aquí, coma noutros medios de información, o perigo de perder a batalla fronte ó omnipresente castelán. De xeito similar, corremos o risco de ser colonizados por contidos que nos veñan impostos de fóra.

Tamén cumpriría tratar desde unha óptica galega algúns dos aspectos negativos que pode traer Internet: os problemas do espallamento indiscriminado da información, as posibles consecuencias negativas para o mercado laboral, a falta de fiabilidade da información contida en moitas páxinas, os perigos de adicción que pode traerlles ós rapaces e ós adultos o consumo excesivo dos contidos presentados en Internet, os posibles intentos de censura, etc.

Xa que logo, que os novos labirintos da comunicación enriquezan o ámbito cultural e educativo galegos dependerá tanto da planificación que faga a administración pública galega como do uso que da rede fagan os

seus usuarios (profesores, alumnos, editoriais, etc.). As novas tecnoloxías deberían servir tanto para nos coñecer mellor a nós mesmos como para darnos a coñecer ós demais cunha lingua e cunha cultura diferenciadas.

MARÍA F. LLANTADA DÍAZ

Novos éxitos do xornalismo literario

■ GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ. *La bendita manía de contar.* Ollero Ramos Editores. Madrid, 1998.

O movemento que se coñeceu como novo xornalismo americano, que tanto éxito tivo na década dos sesenta, proxéctase ó futuro cunha grande incidencia das súas fórmulas en textos publicados na segunda metade deste século que está a piques de rematar. Despois dunha etapa de maior e menor aceptación, vive un renacer da man de vellos e novos escritores e xornalistas. Agora son Gabriel García Márquez, coa publicación do seu taller de reportaxe e coa publicación dalgúns dos seus textos curtos, e o xove Douglas Coupland, con *Polaroids*, os encargados de poñelo de actualidade da man de novidades editoriais. Outra obra, *El futuro es esto*, de Andrés Ehrenhaus e Jorge Pérez, reforza esta liña de textos innovadores.

A reportaxe novelada preséntase hoxe como unha vía para recuperar o bo xornalismo, para contar ben as historias. Isto é o que explica Gabriel García Márquez nese taller de contar historias da Escola Internacional de Cine e Televisión, con sede en Cuba e do que agora recolle as sesións dunha nova edición ese libro titulado *La bendita manía de contar.* O volume recopila impresións sobre o feito de contar historias, sempre baixo a particular mirada do mestre colombiano.

García Márquez é un reporteiro de luxo, que agora volve ó xornalismo "de batalla" da man da revista colombiana *Cambio Colombia,* da que é tamén un dos principais accionistas. O presidente da Fundación Nuevo Cine Latinoamericano dá así un paso máis na súa xa longa carreira xornalística mediante a busca de novas formas para explicar o que pasa con recursos dos xéneros de ficción, pero sendo fiel ós feitos. O escritor e xornalista colombiano aposta pola reportaxe como xénero con posibilidades de explicar o que pasa na sociedade con talento, de forma amena e áxil, combinando a calidade da construcción textual coa diversidade dos temas que interesan ós lectores, que son suxeitos da información.

Esta mesma paixón pola reportaxe que amosa Gabriel García Márquez atopámola no libro de Douglas Coupland. A mestura entre reportaxe e crónica caracteriza *Polaroids*, libro no que Coupland analiza o mundo nestes últimos anos e trata de ofrecer unha visión con selo persoal da sociedade

dos noventa. O humor, a tenrura e a sagacidade destacan nos traballos que recolle o libro publicado por Edicións B e que foi presentado como unha nova mostra do que algúns autores queren seguir chamando novo xornalismo, agora dos noventa.

Tanto o estilo como a forma beben das liñas que caracterizaron o xornalismo de inmersión na realidade que practicou unha xeración de xornalistas americanos na década dos sesenta e que tivo gran repercusión no noso ámbito. Neste caso é Coupland quen, tentando innovar nas formas, métese nos temas, busca testemuños, xoga coa imaxinación e trata de ofrecernos unha visión persoal do que observa na sociedade e que analizou a través dalgúns dos seus protagonistas.

Logo da lectura do libro de Douglas Coupland, poucos dubidarán que a reportaxe novelada —a reportaxe creativa, se o prefiren— e a crónica desenfadada gozan de boa saúde. Trátase dun estilo de facer xornalismo que aínda ofrece moitas posibilidades de innovar, como están mostrando novos e vellos autores que gustan do que algúns autores chaman xornalismo literario.

E se a alguén aínda lle quedan dúbidas, pode ler *El futuro es esto*, de Andrés Enrenhaus e Jorge Pérez (Grijalbo Mondadori, 1999), que recolle grandes preocupacións da xuventude actual a través de testemuños persoais. Podemos dicir que estamos diante doutra obra que se enmarca nesas novas formas de contar o que pasa da man do xornalismo literario. Pero non é a última obra; só outra máis neste estilo de facer xornalismo tentando innovar.

FROITOS DA INVESTIGACIÓN

A práctica do xornalismo, coas súas técnicas e as características do seu estilo, ocupa unha boa parte dos libros publicados nestes últimos meses. A estas obras comentadas en castelán hai que engadir algunha en galego —*Toxos e flores*, de Manuel Rivas, en Xerais, entre outras—. Pero tamén hai unha importante oferta de obras froito da investigación. Boa proba témola cos traballos de Margarita Ledo Andión sobre documentalismo fotográfico (Cátedra, 1998); de Alberto Pena Rodríguez sobre o papel dos medios de comunicación nas relacións entre España e Portugal na época da dictadura de Francisco Franco e Oliveira Salazar (Ediciós do Castro, 1998); de Manuel Sendón sobre a fotografía afeccionada en Galicia (Xerais, 1998); do xornalista Tucho Calvo sobre Valentín Paz-Andrade (Ediciós do Castro, 1998); do xornalista Xosé Durán sobre Roberto Blanco Torres como xornalista e poeta (Galaxia, 1999), ou de Marcos Seixo Pastor, tamén sobre o xornalismo en Roberto Blanco Torres (A Nosa Terra, 1998).

Outros traballos no ámbito da comunicación aparecidos nestes últimos meses en Galicia levan a firma de Julián Rodríguez Pardo (Dereito da Comunicación, Edicións Lea, 1999) ou de Eric Casais, X. Gabriel Vázquez, Teo Abad, Vicente González Radío e Ignacio Saavedra, que analizan a relación entre televisión e sociedade (Edicións Lea, 1999). Esta mesma editorial publicou a primeira Guía Web de Galicia en papel, no que aparece como

unha escolma dalgunha das principais páxinas web, cunha breve descrición e seus enderezos.

Nesta liña de manuais ou traballos de investigación hai tamén dúas novidades de interese elaboradas e publicadas polos nosos veciños portugueses. Trátase dun libro de Mário Mesquita, *Jornalismo em análise*, primeiro defensor dos lectores en Portugal e profesor universitario, quen analiza a súa experiencia como mediador entre os lectores e os xornalistas (Minerva, 1998. Coímbra), e doutro libro de Eduardi Neditsch, *A rádio na era da informação*, na mesma editorial sobre a radio na era de información.

XOSÉ LÓPEZ

Visións do estado da comunicación no mundo

■ LOTFI MAHERZI. *Informe Mundial sobre la Comunicación*. Ediciones UNESCO/CINDOC Fundación Santa María, Madrid, 1999.

O informe da Unesco sobre Comunicación converteuse xa por méritos propios nun instrumento básico de descrición e análise do hipersector. Aínda que resulta difícil facer un estudio sobre a comunicación no mundo nun momento de grandes cambios como o actual e cun panorama caracterizado polo mosaico da diversidade, a UNESCO preparou unha nova edición, a segunda, que resulta unha publicación de referencia para todos os actores do hipersector, para os estudiosos da comunicación e para os cidadáns interesados en coñecer mellor esta complexa sociedade da información e do coñecemento.

Este documento contribúe á necesaria reflexión sobre temas tan complexos como todos aqueles que teñen que ver co entramado comunicativo mundial. Trátase dun obxectivo fixado polo director xeral da Unesco, Federico Mayor, quen demanda enfoques múltiples para buscar solucións en común que fagan posible un vello desexo: que as tecnoloxías da información e da comunicación se poñan ó servicio da humanidade, garantindo unha auténtica capacidade de elección e beneficiando ó maior número posible de persoas, no Norte e no Sur. Quizá o libro non resolva esta vella aspiración, pero pon o seu gran de area.

No informe abórdanse todos os asuntos que centran os debates actuais no hipersector. Hai estudios sobre as transformacións tecnolóxicas, a mundialización, a regulación, os cambios nos propios medios, a relación entre medios e democracia ou as claves para que a sociedade da información estea ó servicio da humanidade. Non proporciona solucións máxicas, pero

aporta puntos de vista e datos para entender mellor o que está pasando —ou algunhas das cousas que acontecen no Norte e no Sur—. A súa principal achega reside nunha visión global, que trata de compaxinar os enfoques dos países desenvolvidos e dos países en vías de desenvolvemento.

Faise unha formulación xeral do novo panorama, no que se destaca cómo o saber e o coñecemento se converten en factores determinantes da economía. Explica moi ben cómo as redes mundiais non se limitan xa só a transportar información, senón que xeran novos coñecementos que inflúen na transformación dos productos. É por iso que a información e os productos de alto valor engadido se disputan o primeiro lugar da industria mundial. De aí que este panorama suscite moitas esperanzas, pero tamén entrañe numerosos riscos. Esta idea planea en todo o informe, de obrigada consulta para estudiosos da comunicación e persoas que queiran estar ben informadas sobre o que acontece nestes ámbitos.

No campo dos estudios teóricos, destacaremos neste número os libros de Pierre Lévy *(¿Qué es lo virtual?)* e de Francesco Casetti e Federico di Chio *(Análisis de la televisión),* publicados por Paidós. O primeiro traballo analiza o proceso de virtualización rápida e xeneralizada que vive a sociedade actual e o sentido da realidade no novo escenario mediático —trátase dun estudio para entender mellor os cambios que se producen na sociedade actual e para intervir nesas transformacións en curso—, mentres o segundo libro recolle un estudio sobre os distintos modos de analizar a televisión, cun repaso das técnicas máis coñecidas.

Pero a reflexión teórica hai que combinala sempre coa aplicación práctica. E a esta última é á que están adicados catro interesantes libros publicados pola catalana Portic, en colaboración co Col.legi de Periodistes de Catalunya, no que os xornalistas contan cómo elaboran a información nas súas respectivas especialidades. Esta nova colección, que coordina Josep M. Martí, director de Ràdio Barcelona, consta xa de catro libros en catalán nos que se fala de reportaxe, de entrevista, de videoperiodismo e da radio que triunfa no momento actual. Son catro ferramentas do periodista para coñecer mellor as claves da reportaxe escrita, da escritura con imaxes, do *magazin* radiofónico e da conversa en profundidade sobre temas de actualidade.

A lectura destes manuais, con visión profesional, aporta datos para entender mellor o que se fai nos medios, pero tamén para analizar onde se atopan os principais retos xornalísticos nos tempos da globalización e dos cambios de perfís profesionais que demanda o hipersector da comunicación.

De reflexión teórica e de aplicación práctica fala tamén no seu libro Maruja Torres *(Mujer en Guerra.* El País Aguilar, 1999), onde dá algunha lección de periodismo para xoves profesionais e comenta aspectos da súa traxectoria nos medios impresos. Maruja Torres destaca o necesario tesón, o cultivo da boa escritura e a capacidade que se precisa para retratar ben persoas e lugares, porque só así hai algunha posibilidade de éxito no campo xornalístico.

Unha crónica xornalística máis desenfadada sobre insultos de políticos faina Albert Om (Ediciones B, 1999), quen recolleu os seiscentos trinta e

oito mellores insultos e disparates de vinte anos de democracia en España. Isto tamén é xornalismo, sobre todo, práctica xornalística, pero recollida en formato de libro para a súa comercialización.

Todo isto, as reflexións teóricas e as aportacións de experiencias prácticas, aparecen publicadas cando no panorama comunicativo se dan pasos máis rápidos a prol da globalización, nunha sociedade *glocal* —global e local á vez—. Así o recorda tamén o Informe Mundial sobre la Comunicación promovido pola UNESCO.

XOSÉ LÓPEZ

Unha aproximación á teoría social

■ PETER HEDSRÖM e RICHARD SWEDBERG (EDS.). *Social Mechanisms. An Analytical Approach to Social Theory*. Cambridge University Press, Cambridge, 1998.

> *Si todo esto significa algo para el lector, éste notará que semejante teoría de la lógica de las ciencias sociales [a defendida por Weber, baseada no concepto de tipo ideal], cualesquiera que sean sus méritos o sus limitaciones y sus fuentes en el terreno de la filosofía profesional, es plenamente natural entre las varias clases de actividad analítica. No excluye, en particular, la teoría económica en el sentido tradicional.*
>
> J. A. Schumpeter

Seguindo a Hedström e Swedberg, un mecanismo social pódese definir como unha parte integrante dunha explicación causal, caracterizada por estar baseada nas accións dos individuos; que trata de mostrar as *roscas e parafusos* da acción social; que se sitúa no rango medio das explicacións, entre as leis xerais e a simple descrición; e, en fin, que opta pola abstracción e a parsimonia, para illar os determinantes de cada fenómeno social, desbotando os factores irrelevantes. Pero, sobre todo, este concepto conleva un xeito particular de facer ciencia social.

No terreo das ciencias sociais, o emprego de mecanismos está ben asentado na economía ou na psicoloxía cognitiva; moito menos en disciplinas como a historia, a ciencia política ou a socioloxía. Non embargantes, esta situación cambiou notablemente nos últimos anos. Os traballos de economistas como Albert Hirschman, Mancur Olson e Thomas Schelling viñeron evidenciar que aqueles resultan perfectamente exportables ó resto dos saberes. En particular, as achegas de Jon Elster e Raymond Boudon nos anos oitenta e noventa supuxeron un fito para o desenvolvemento da teoría social que adopta coma referente o concepto de mecanismo.

A noción de mecanismo social atópase estreitamente ligada ó concepto weberiano de *tipo ideal* e ó de *teoría de alcance medio*, que no campo da socioloxía formularon no seu día Robert Merton e Paul Lazarsfeld, ó referirse ó rango das explicacións situadas entre as leis científicas e a simple narración; mais tamén vai da man dunha teoría da acción social baseada no individualismo metodolóxico, pero distante de ontoloxías atomistas da sociedade humana.

Unha implicación directa da renuncia ás explicacións holistas é a inexistencia de mecanismos no nivel macro. Isto é, os vínculos entre variables no terreo agregado *do social* han pasar ineludiblemente polo nivel micro da acción individual, gobernada pola racionalidade instrumental. Teriamos así mecanismos macro-micro, segundo os cales *o social* —normas sociais, cultura, marco institucional— influiría nos comportamentos individuais; mecanismos micro-micro, que tratarían de aproximarse á forma na que os individuos asimilan ó impacto dos cambios no nivel macro; e, en fin, mecanismos micro-macro, que tentarían dar conta do xeito no que o conxunto das accións individuais dan pé ós chamados *efectos agregados*.

O carácter relativo —ou, se se prefire, continxente no tempo e no espacio— dos mecanismos, fronte ó pretendido absolutismo das leis científicas, ten dúas consecuencias metodolóxicas importantes. En primeiro lugar, non ten sentido descartar a utilidade dun mecanismo a partir dun enfoque falsacionista popperiano. O feito de que atopemos unha, varias ou moitas situacións nas que un mecanismo non funciona, non nos lexitima para desterralo da nosa caixa de ferramentas analíticas. En segundo lugar, é posible que un mesmo feito social poida ser explicado pola articulación de varios mecanismos, que poderían actuar na mesma dirección ou en direccións opostas.

A noción de mecanismo social tamén nos permite fuxir das *caixas negras* que implican as leis empíricas establecidas a partir da observación e o uso de técnicas estatísticas máis ou menos sofisticadas. En calquera caso, non se debe confundir a contrastación de hipóteses ou a estimación paramétrica coa utilización dos métodos estatísticos como xeradores de teoría substantiva. Porque non é o mesmo utilizar estes a fin de contrastar a relevancia dun mecanismo concreto nunha situación determinada ou para perfeccionar unha explicación mediante a estimación dos parámetros relevantes do modelo, que optar pola simple procura de correlacións estatísticas e a utilización de modelos de tipo *caixa negra*, que non explicitan o vencello entre *explanans* e *explanandum*.

Esta distinción estivo sempre presente en meirande grao na economía que no resto das ciencias sociais. No seo destas, unha interpretación, cando menos discutible, do enfoque teorético hempeliano, baseado na existencia de *leis de cobertura*, conduciu a liñas de investigación de escaso contido explicativo. En efecto, o recoñecemento do carácter eminentemente probabilístico das *leis de cobertura* nas ciencias sociais, fronte ó enfoque determinista das ciencias físicas, dexenerou na interpretación de simples asociacións estatísticas entre variables como xenuínas explicacións:

o caso da denominada *causal modelling approach* en socioloxía é exemplo paradigmático deste posicionamiento metodolóxico.

O libro que comentamos é unha excelente compilación de traballos elaborados por primeiras figuras internacionais nestas cuestións. Os doce ensaios dos que consta obedecen a cometidos distintos, o que xustifica un agrupamento ternario. Así, nun primeiro bloque, discútense as características definitorias e as vantaxes da aproximación nucleada ó redor dos mecanismos nas ciencias sociais. Aquí intégranse as achegas dos propios Hedström e Swedberg, Thomas Schelling, Jon Elster e Gudmund Hernes. Un segundo bloque está dedicado a aspectos máis específicos dos mecanismos: o seu uso combinado (Diego Gambetta); o papel que desempeñan no *corpus* teórico da ciencia económica (Tyler Cowen); e a problemática que suscita o vencello entre os mecanismos sociais e a teoría da elección racional (Raymond Boudon e Timur Kuran). Finalmente, a terceira categoría de artigos ten por obxecto problemas sociolóxicos concretos, e a nómina de autores comprende a Axel van der Berg, Aage Sorensen, Arthur Stinchcombe e Peter Hedström.

Sen dúbida, un libro de lectura obrigada para todos aqueles que queiran estar ó tanto dos adiantos metodolóxicos máis recentes no terreo da teoría social.

PEDRO LAGO PEÑAS
SANTIAGO LAGO PEÑAS



IMAXE

SECCIÓN A CARGO DE **XOSÉ LUÍS CABO**

Fronteira sur

Director: Gerardo Herrero.
Guión: Gerardo Herrero e Horacio Vázquez-Rial, baseado na novela homónima do segundo.
Fotografía: Alfredo Mayo.
Música: Luis Bacalov. Montaxe: Carmen Frías.
Produción: Tornasol Films-Sogetel-Continental Producciones; Aleph Media (Arxentina); Road Movies Vierte Produktionen-Blue Dhalia Production (Alemaña). Intérpretes: José Coronado, Maribel Verdú, Federico Luppi, Peter Lohmeyer, Laura Novoa, Luis Brandoni, Paula Canals, Ira Fronten. 1998.

Semella que o cinema galego está condenado a non ter moita sorte nas súas —cada vez menos— puntuais aparicións no ámbito da longametraxe. O cinema galego ou, cando menos, os capitais (aínda escasos) implicados na súa perenne construción.

Coñecidos son os múltiples exemplos que virían corroborar desde un pasado máis ou menos recente esta impresión. Non é cuestión agora de nos remitir á penosa experiencia "fundacional" de *Malapata* (título profético onde os haxa) e tampouco necesario, abonda con lembrar, coma tal, productos como *Urxa, A metade da vida, O xogo das mensaxes invisibles* ou, máis recentemente, *A noiva de medianoite* para saber de qué falamos. Polo demais, temos constatado como as meritorias excepcións neste eido non puideron impedir, ata o de hoxe, a confirmación da regra. É esta unha impresión xeral que, desafortunadamente, vén apontoar a estrea de *Fronteira sur*, unha das últimas tentativas con implicacións cinematográficas (artísticas e económicas) autóctonas no cinema comercial.

Presentada sen moito éxito no pasado Festival de Donostia, a película pretendía ser nun principio "o inicio dun novo xénero, como fixeron os americanos co *western;* un xénero do emigrante como aventureiro", segundo explicaba meses atrás Pancho Casal, o productor de Continental, a em-

presa galega que tomou parte neste proxecto. Encomiable intención, sen dúbida, máxime tendo en conta a tradicional imaxe do emigrante galego nas pantallas cinematográficas. Mais cómpre adiantar que os resultados acadados quedaron bastante lonxe dese obxectivo anunciado.

A constatación deste relativo fracaso non encontra xustificación, desta volta, na falta de medios. Cincocentos millóns de orzamento garantían de entrada a existencia dunha potente infraestrutura para o desenvolvemento dun proxecto dirixido e coproducido, ademais, por Gerardo Herrero, un experto home de cine cunha dilatada experiencia no medio (especialmente sobranceira no eido da producción, con filmes no seu haber de cineastas como Ken Loach, Alain Tanner, Manoel de Oliveira, Felipe Vega ou Manuel Gutiérrez Aragón, entre outros; sinalemos de paso que a súa empresa, Tornasol Films, tamén está tras da producción de *Fisterra*, o novo filme de X. Villaverde que se comentou no número anterior desta mesma revista).

E, xunto ó director, un conxunto de profesionais de recoñecida solvencia: Alfredo Mayo na fotografía, Luis Bacalov na música (autor dunha oscarizada banda sonora: a de *El cartero de Neruda*) ou Carmen Frías na montaxe, entre outros, semellaban apontoar a calidade da proposta. Repasando o elenco de intérpretes tampouco quedan dúbidas sobre as posibilidades dunha boa explotación comercial, avaladas por unha distribuidora como Alta Films (unha das poucas ás que, hoxe por hoxe, se pode acoller unha fita con pretensións de ser visionada nas salas comerciais sen apoio norteamericano).

Finalmente, un apreciable material literario de partida, a novela-río coa que Horacio Vázquez-Rial, escritor, crítico literario e articulista arxentino de raigames galaicas (fillo e neto de galegos de Palas de Rei e Traba da Laxe), evocara os avatares da viaxe e asentamento na Arxentina dos seus devanceiros. El mesmo, ademais, se encargou de converter a súa *Frontera sur* en guión cinematográfico en colaboración con Gerardo Herrero (seica existiron trece versións previas á definitiva). A operación consistiu basicamente en reducir a trama do texto orixinal (desenvolvida ó longo de tres xeracións) ás dúas derradeiras décadas do século pasado, momento no que Roque Díaz Ouro (José Coronado), un emigrante galego e viúvo, chega a Bos Aires no ano 1880 acompañado do seu fillo Ramón. Con eles desembarca Hermann/Germán Frisch (Peter Lohmeyer), un músico e tipógrafo alemán de convicciòns socialistas que chega fuxindo da Comuna de París, co que trabarán amizade no barco.

Unha historia interesante, un equipo envexable e un reparto atraente cara á billeteira. Pois nin por esas. O filme, que se abre cunhas fermosas imaxes de época, posúe un arranque apreciable que mantén máis ou menos o seu interese ata a metade da metraxe aproximadamente, para logo comezar un descenso senón abrupto si sostido ata o remate, debido en boa parte ás non poucas incoherencias e arbitrariedades que poboan o seu discorrer. De tal maneira que esa progresión en negativo marca indefectiblemente a valoración da película por parte do espectador.

Asumido este esquema de partida, convén sinalar non obstante (como xa fixemos por escrito co gallo da súa estrea) que *Fronteira sur* tampouco é ese bodrio fílmico que a meirande parte deses analistas radicados en Madrid ou Barcelona (practicamente monopolizadores, como é sabido, da actividade crítica no mercado e, por outra banda, tan sorprendentemente abertos e receptivos a algunhas das xoias dese chamado "xove cinema español") quixeron ver. Antes ben, independentemente dos seus ostensibles erros, o filme que aquí nos ocupa non deixa de amosar unha serie de cuestións de certo atraentes. Porque atraente é un dos peares narrativos sobre os que intenta vertebrarse a acción: a historia da amizade entre Roque e Hermann (encarnado por un Peter Lohmeyer que está entre o mellor do filme), dúas personalidades opostas pero, ó cabo, complementarias. Roque, o emigrante galego de confuso pasado, orgulloso, intelixente e emprendedor (como mínimo, unha saudable novidade), que non dubida en recorrer a todas as renarterías que lle permite o capitalismo nacente e salvaxe dunha nación en formación para ascender na escala social (desde o mercado negro á opulencia e á consideración dos seus concidadáns). E Hermann, o idealista, o artista, o solidario, o esquerdista, o romántico tipógrafo alemán que se expresa a través da música. Ambos, personificacións de dúas maneiras de entender e andar polo mundo que se respectan, quérense e necesítanse, e que van confluír na educación de Ramón, o fillo de Roque e continuador da historia. Un exerccio de tolerancia nos convulsos anos de fins do século XIX. Anos de pioneiros (pioneiros cinematográficos, económicos, poboacionais...) e de transformacións tecnolóxicas (o cinema, a electricidade, o automóbil...), así como político-económicas (ascensión do socialismo, purgas, migracións...). Todo iso está tras dos feitos narrados e dos personaxes que os encarnan.

Uns feitos que transcorren nunha cidade, Bos Aires, que está a recibir por entón enormes continxentes de emigrantes, moitos deles galegos. E aquí xorde a primeira cuestión desconcertante: faise difícil entender a necesidade de ir rodar á capital arxentina —teórico escenario do filme e dos feitos que nel acontecen— tal e como está planificada a película. Neste sentido, a cidade devén a grande ausente; non chega a tomar corpo nunhas rúas, nuns interiores e nuns decorados que poderían pertencer a calquera sitio. Esta é a primeira grande eiva de *Fronteira sur*. De seguido fanse presentes outras. De entrada, no elenco: ¿como crer a Piera/Teresa nas faccións de Maribel Verdú (que, dito sexa de paso, fai o que pode)? E a todo isto, ¿por que é o único personaxe —non sendo Ciriaco Maidana, a pantasma (realismo máxico obriga) á que dá corpo Federico Luppi— que non envellece?

Asemade, na estructura narrativa: as rutineiras elipses, a moi discutible opción elixida para retirar a Sara Pose (Laura Novoa) do relato, a incongruente corporeidade/incorporeidade de Maidana (pode atravesar portas e paredes, non pode matar ó seu executor en vida, pode tocar o cu ás prostitutas —algunha de Lugo, por certo: a outra faciana dunha emigración na que, por esta vez, non aparecen almaceneiros). Estas e outras eleccións

—tan só compensadas en parte polo interese dalgunhas ideas e a boa resolución de certas secuencias— condenan ó filme a reflectir unha sensación de deixadez, de présa na realización, de mecánica, de desatención, en fin, que lastra o resultado final.

Canto á aportación galega, xa o sinalamos tamén noutros lugares: resulta obvio afirmar que *Fronteira Sur* dista moito de ser "a primeira gran coproducción do cinema galego" que pomposamente nos anunciaran. De entrada porque, máis que unha coproducción, estamos fronte a unha multi-producción desas que tanto se levan en solo europeo (e que poucas veces resultan). Valla o apartado correspondente reseñado na ficha que acompaña este comentario (ó que habería que engadir a participación dalgunha firma francesa, do Programa Media da Unión Europea, TVE, TVG e, por pouco, todo o que vostedes queiran) para verificar o que dicimos. En realidade, trátase dunha película galego-hispano-franco-arxentino-alemana, cando menos. Leva razón Pancho Casal cando di que un dos vieiros para a consecución dunha presencia galega no cinema comercial vai polo réxime de coproducción. Pero isto parece excesivo. En todo caso e a efectos prácticos, a aportación galega aparenta terse limitado a unha breve aparición do gran Manquiña e ao compromiso de emisión —previa dobraxe ó galego— por parte da TVG.

A teor do exposto, a fronteira para o desembarco da feble industria audiovisual galega no mercado cinematográfico aparece, nesta ocasión, aínda lonxe no horizonte.

XOSÉ NOGUEIRA

A radiodifusión galega no exterior

As emisións radiofónicas da emigración galega inícianse en Arxentina, máis concretamente en Bos Aires, a comezos dos anos 30. Tamén no país porteño é onde xurdiron a meirande parte das audicións históricas con títulos coma: *Recordando a Galicia* de Maruxa Boga, *La Voz de Galicia* de Tacholas ou *Galicia en el aire* de Andrés Rodríguez Barbeito. O exilio de moitos intelectuais galegos do bando republicano por mor do estalido da Guerra Civil serviría para impulsar aínda máis a actividade dos galegos no exterior en todos os campos, pero especialmente no ámbito cultural e iso tamén se deixou notar na radiodifusión. Deste modo, os programas xa asentados reciben un novo impulso adoptando un carácter máis comprometido co galeguismo e a causa republicana e, ó mesmo tempo, incorpóranse audicións novas promovidas polos exiliados directa ou indirectamente, como *Galicia emigrante,* do polifacético Luís Seoane, en Bos Aires e *Sempre en Galicia,* de Manuel Meilán, en Montevideo. O cambio de orientación da emigración galega cara a Europa, unido máis adiante ó freo das saídas co restablecemento da democracia, un certo melloramento económico, e tamén á asunción da identidade do país de destino por parte dos fillos dos emigrantes galegos, foron mermando as estructuras das comunidades galegas americanas e ese deterioro deixouse notar en todos os campos sen constituír o da radiodifusión unha excepción. Nos nosos días en América aínda sobreviven algúns dos programas míticos pero con graves problemas económicos (é o caso de *Sempre en Galicia.*). Paradoxalmente proliferan as audicións meramente *folclóricas* que evocan Galicia con morriña pero que fóra da súa visión nostálxica non aportan nada significativo nin profundizan, salvo excepcións, nos problemas da emigración.

Cómpre distinguir entre as emisións promovidas por particulares, na meirande parte dos casos exiliados galegos cun posicionamento militante a carón da república e comprometidos na reivindicación da identidade galega, e aquelas creadas polas sociedades galegas de emigrantes, de carácter máis "oficial", tales coma a do Centro Galego de Bos Aires ou a do Centro Lucense, tamén na capital porteña, de tintes máis ou menos combativos se-

gundo quen ocupase a presidencia da sociedade en cuestión, pero cun predominio máis xeneralizado do compoñente cultural e folclórico. Pero, non nos enganemos, o ton das audicións, salvando determinadas excepcións, era bastante moderado, sobre todo tendo en conta que pretendían acadar un público amplo. Foron as promovidas por particulares as que, segundo parece, tiveron mellor acollida e as que poderían cualificarse coma audicións históricas pola súa transcendencia, pero o certo é que non se abondou demasiado na análise das audicións "oficiais" que, en moitos casos, tiñan practicamente o mesmo equipo encargándose delas e contidos similares. Tal foi o caso da audición do Centro Lucense, que tiña detrás a algúns dos colaboradores de *Galicia emigrante*.

O máis antigo locutor de radio galego é Xosé Núñez Búa. Cando comenzou a traballar en Galicia aínda non había radio. O seu primeiro traballo foi como presentador de radio en Radio Prieto (Bos Aires). En 1930 contaba xa cun programa ó seu cargo en *Radio el Pueblo* (hoxe *Radio América)* titulado *A hora iberoamericana*. Este programa radiofónico emitíase os xoves e os domingos e por el pasaron todos os actores galegos da capital. A súa dedicación ó mundo da radio levoulle a facer tamén unha audición británica na compaña dun amigo neocelandés en Radio Excelsior desde Bos Aires.

Segundo Xosé Luís Blanco Campaña a primeira transmisión radiofónica galega no exterior foi a que tivo lugar o dezaoito de decembro de 1932 entre Santiago de Compostela e Bos Aires para dar conta en directo á colectividade galega da capital porteña sobre a celebración en Santiago da Asemblea do Concello que ía a tratar o primeiro Estatuto de Autonomía para o país. A emisora responsable da emisión foi Radio Splendid e a Compañía Telefónica española fíxose cargo dos custos que tocaban pola parte peninsular. Segundo parece, a gran significación da presencia e a vida galega en Bos Aires naqueles momentos xogou a favor da súa elección coma o lugar idóneo co que establecer a emisión.

La hora iberoamericana emitida por Radio Pueblo (Bos Aires) desde 1932 e conducida por Manuel Núñez Búa é considerada por Couceiro "la primera audición radiofónica de temas españoles en Sudamérica" (Couceiro Freijomil, Antonio. *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela, 1952). Nela aparecían, segundo Alberto Vilanova, "muchas de las manifestaciónes folklóricas galaicas". En Bos Aires, berce deste fulgor galego das ondas, o primeiro programa xa completamente galego do que temos noticia é *La hora gallega*, que funciona nos anos trinta. A partir de 1945 comeza a emitirse *Recordando a Galicia*, dirixido pola actriz Maruxa Boga e que contaba coa colaboración do tamén actor Fernando Iglesias "Tacholas" (o actor xa iniciara as súas actividades coma locutor na audición de Manuel Meilán en 1932). "Tacholas" en 1953 iniciou o seu periplo en solitario co programa *La Voz de Galicia*, auspiciado na súa inauguración nada menos que por Eduardo Blanco Amor. Ós títulos anteriormente citados se engaden *Galicia en el aire (1958)*, de Andrés Rodríguez Barbeito e, sobre todo, *Galicia emigrante (1959)*, do polifacético Luís Seoane, que perdurará ata 1971.

As audicións arxentinas dos Centros Galegos son, coma se dixesemos, moito menos coñecidas. Sabemos da existencia dunha audición do Centro Galego de Bos Aires que se emitía por *Radio El Mundo*. Tamén hai novas sobre as audicións do Centro Coruñés e as xa referidas do Centro Lucense, que segundo Ricardo Palmás eran conducidas por Luís Seoane aínda que na revista *Lugo* se cita coma conductor principal desta emisión a Víctor Luís Molinari. Tamén na mesma revista se publicaron estractos das audicións radiais. Pero ata o de agora os investigadores amosaron escaso interese no tema. O habitual é que estas audicións nin se mencionen. O exhaustivo censo de Xosé Luís Blanco Campaña nin sequera as menciona. Non están moi claras as causas desta falta de interese. Pode ser que este tipo de audicións non alcanzasen unhas cotas de calidade o suficentemente elevadas coma para atraer a atención dos investigadores, pero na miña opinión a causa do esquecemento estriba en que os estudios que trataron do tema estaban interesados naqueles programas de carácter claramente galeguista e as audicións dos centros galegos polo seu carácter *oficial*, terían un compromiso meramente superficial coa causa galega. Pero o certo é que as audicións dos Centros Galegos forman parte tamén do mundo da radiodifusión galega no exterior e que a súa análise poderían extraerse interesantes observacións polo que é imprescindible tratar de coñecelas.

As experiencias arxentinas repítense noutros países, tanto americanos coma europeos, nos que a emigración galega tivo relevancia. En América destacan especialmente: *A hora de Galicia* (México), e o máis coñecido *Sempre en Galicia*, de Manuel Meilán —que é actualmente a emisión galega máis antiga e segue funcionando "con graves problemas económicos", segundo nos informa Alfonso Vázquez-Monxardín—, emitido por Radio Carve de Montevideo, ambos a comenzos dos cincuenta. En Europa, en liñas xerais existe menor número de audicións, de aparición máis tardía e cun carácter distinto. As únicas excepcións constitúenas o caso dos espacios galegos na BBC de Londres, iniciados en abril de 1947, que pola súa cronoloxía e a súa fasquía poderían equipararse máis coas audicións anteriormente referidas que co conxunto das europeas. Outro caso peculiar constitúeno as audicións galegas de Radio Pirenaica cun carácter político moi marcado polo contexto da posguerra. Mais no que atinxe ó vello continente a meirande parte dos programas aparecen nos anos oitenta ou incluso máis recentemente. Neste conxunto destacan as emisións en galego desde Radio París que facía Ramón Chao ou *Galiza sempre*, en 1985 desde Xenebra (Suíza), programa vencellado coa asociación cultural Galicia hoxe.

Existen outros territorios con presencia galega relevante ata o punto de que neles, principalmente nas súas capitais, se constituíron unha ou máis sociedades de emigrantes galegos coma é o caso de Otawa (Canadá), Nova York (Estados Unidos), Sidney (Australia) ou en Nova Deli (India) dos que non se coñecen datos coma para afirmar ou negar a existencia de audicións radiais ou, alomenos, de prensa de emigración, pero que poderían dar sorpresas unha vez que foran investigados en profundidade.

Tamén nas comunidades autónomas españolas que recibiron máis emigración galega se desenvolveron actividades radiofónicas, sobre todo nos

anos setenta e oitenta, destacando especialmente o caso catalán con *Lonxe da terra* de Manuel Valdés, *A nosa Galicia* de Manuel Fernando González, *Radio celta*, emisora do Centro Galego de Barcelona, a experiencia de Radio Amistad impulsada por Olegario Sotelo Blanco ou ERGAC, un intento de asociar os espacios radiofónicos galegos en Cataluña. Esta inxente actividade mantívose e perdurou ata os nosos días como semella indicar a cifra de vintesete programas de radio actuais sinalada por Blanco Campaña na súa obra sobre comunicación galega no exterior (*Radio e prensa na Galicia exterior.* Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995) e que, probablemente, se encheu algo máis desde a publicación desa obra.

Hoxe perviven bastantes programas galegos no exterior, tanto en Europa coma en América, sen esquecer Cataluña, Madrid e o País Vasco, pero aínda é Arxentina o país que conta co maior número. Dos históricos o único activo é *Sempre en Galicia* impulsado por Tony de Seárez e xa sen Manuel Meilán que morrera hai algúns anos. Pero aínda que se manteñan as audicións a situación, ó igual que ocorreu no caso da prensa de emigración, cambiou bastante. En primeiro lugar os galegos xa hai tempo que non emigran masivamente cara a América e moitos regresaron, por iso as comunidades no exterior diminuíron a súa porcentaxe. Outro factor a ter en conta é que os fillos dos emigrantes galegos en moitos casos preferiron integrarse no país de destino renunciando a calquera vencellamento coa terra dos seus pais. Isto é algo que puiden percibir en diversas conversas con emigrantes que sinalaban a valoración negativa que se fai do galego (aínda hoxe) nalgúns dos países onde houbo maior fluxo (especialmente nos rioplatenses), sendo unha figura rodeada de tópicos pexorativos dos que os fillos buscan fuxir integrándose na nova sociedade e, consecuentemente, desfacéndose das súas orixes. É ben certo que houbo un tempo nos anos da posguerra en que o considerable continxente de intelectuais galegos emigrados e as simpatías de determinados sectores dos países de destino fronte á causa republicana fixo superar a imaxe negativa do emigrante galego, pero eses tempos quedaron atrás e os tópicos aínda seguen latexantes.

JESÚS JOSÉ BLANCO ROSAS

Weimar: cidade europea da cultura 1999

Corren tempos de grandes cambios e de moitos aniversarios en Alemaña. Deixando atrás as beiras do Rin, trasládanse parlamento e goberno —un goberno novo elixido en 1998 despois dos dezaseis anos da era Kohl— e instálanse en Berlín, capital —integramente ou coa súa parte oriental— de catro Alemañas diferentes entre 1871 e 1989. Co recuperado protagonismo da gran metrópole do leste do país, Bonn volverá ser o que

sempre foi: unha cidade relativamente pequena, preciosa e algo provinciana. Nesta fin de século marcada, entre outras cousas, pola globalización, competen as urbes entre si, acumulando dentro das súas estremas, segundo parece, todo o atractivo político, económico e cultural: Nova York, Londres, París, Praga, Lisboa, Barcelona e —tamén e de novo— Berlín. Estes lugares non precisan de publicidade.

Queremos pensar que é tamén por esta razón pola que o Consello de Ministros da Unión Europea ten en conta as cidades pequenas para a capitalidade cultural europea, título concedido desde o ano 1985. E nunca lle tocou este honor a un sitio tan pequeno como Weimar, que na actualidade conta con 60.000 habitantes, é dicir, menos que Pontevedra. Á parte do enorme valor simbólico desta cidade en concreto, se cadra tamén foron os numerosos aniversarios que se celebran este ano en Alemaña os que serviron de argumento para outorgarlle a este país centroeuropeo a última edición no século XX desta distinción.

No ámbito político cúmprense 80 anos da instauración da República de Weimar, 55 anos do atentado do 20 de xullo contra Hitler, 50 anos da Lei Fundamental da Alemaña Federal (é dicir, da súa existencia como Estado), 50 anos da fundación da República Democrática Alemana e 10 anos da caída do muro. No plano cultural pódense aducir o 250 aniversario do nacemento de Goethe, o 240 aniversario do nacemento de Schiller e o 80 aniversario da fundación do Bauhaus. Claro, tamén se cumpren os 60 anos do comezo da II Guerra Mundial. As manchas negras da historia recente non se borran. Preto da cidade cultural europea de 1999 atópase o campo de concentración de Buchenwald.

Incluíndo este aspecto doloroso do pasado, Weimar mira, orgullosa dunha historia moito máis ampla, cara ó futuro. Gástanse 600 mil millóns de euros ó longo deste ano en reformas e saneamento de edificios e infraestructura. Para Weimar a capitalidade cultural constitúe unha auténtica bendición que lle permitirá recuperar parte do brillo —polo menos o exterior— das súas mellores épocas. Nunha rexión que aínda nove anos despois da unificación comparte as doenzas do leste alemán, tan fustigado polas malas noticias, este investimento é tamén simbólico —tal e como é o traslado do parlamento e do goberno a Berlín—, xa que expresa a vontade de seguir adiante no camiño cara á verdadeira unión das dúas partes de Alemaña.

De novo locen os pazos barrocos e neoclásicos, as rúas estreitas e acolledoras, os tellados ó modo de Mansard, a praza do mercado, os xardíns e parques, os museos e o *Nationaltheater*. Mil actos con cinco mil artistas procedentes de cen países proporcionan un contido actractivo ó marco sereno que ofrece a pequena cidade no corazón de Turinxia; haberá concertos, exposicións, reunións literarias e políticas, teatro. Fronte á grandeza e sona internacionais de metrópoles como Berlín, Colonia, Fráncfurt, Hamburgo ou Múnic, Weimar representa aqueloutra face da tradición cultural alemana, plasmada e presente nas múltiples cidades pequenas e medianas como son tamén Heidelberg, Tubinga, Tréveris, Bamberg ou o xa mencionado Bonn. Portadoras dunha ás veces centenaria e mesmo —no caso de Tréveris— milenaria histo-

ria urbana, quedaron desconectadas, no transcurso dos cambios ós que induciu a industrialización, dunha evolución demográfica que converteu vilas como Berlín e Múnic en grandes capitais. A fragmentación territorial da xeografía política alemana, sen embargo, tan característica durante varios séculos, contribuíu en moitos sitios a un florecemento das artes, do pensamento e/ou da economía, que desligaba o tamaño físico concreto da transcendencia como foco cultural. En Alemaña non se deu o caso dunha conxunción e concentración político-cultural tan extrema como por exemplo podemos ver en Francia (París) ou Inglaterra (Londres).

O que para un poeta como Heinrich Heine era unha desgracia e motivo de burla —o ter que cruzar tantas fronteiras que non puido contar, para ir de París a Hamburgo— e o que tamén pode xerar certo pensamento provinciano (que cando lle dá polo grande, remata na desfeita), por outra banda produciu unha gran variedade e riqueza. ¿Que serían o Idealismo alemán, no plano da filosofía, e o Romanticismo, no ámbito literario, sen vilas como Heidelberg e Jena? E, para volvermos á significación da capital cultural europea de 1999, ¿que sería a época clásica, alicerce e peza fundamental da literatura alemana, sen a residencia dos duques de Saxonia-Weimar na beira do río Ilm? Cando se fala de "despotismo ilustrado", máis que fixarse en personaxes como Frederico de Prusia había que facer fincapé neste pequeno territorio no centro de Alemaña e na duquesa Anna Amalia e o seu fillo, o duque Karl August. Conseguiron, no último cuarto do século XVIII e no primeiro do XIX, reunir —entre a Universidade de Jena e a corte de Weimar— a persoas como Goethe, Schiller, Herder, Hegel, Fichte, Schelling, Wieland etc. e construír algo así como unha pequena república de sabios, que marcou para moito tempo o pensamento filosófico e literario dunha nación sen Estado.

Coincide esa época cos anos que Goethe (1749-1832) pasou como ministro en Weimar, é dicir, a partir de 1775. O polifacético e incansable poeta, narrador, dramaturgo, científico, filósofo e home de Estado, autor de obras como o *Fausto*, *As afinidades electivas* e *Os sufrimentos do mozo Werther* é, innegablemente, o persoeiro que, xunto co seu amigo Friedrich Schiller (a quen debemos a *Oda á alegría*, letra do último movemento da novena sinfonía de Beethoven e himno europeo), máis pegadas deixou en Weimar. Foi gracias a el que un lugar tan pequeno e provinciano ó mesmo tempo logrou transformarse nun centro cultural cosmopolita que engaiolou, por exemplo, á francesa Madame de Staël e atraeu, en tempos posteriores, a persoas como Wagner, Liszt, Nietzsche ou Henry van de Velde. Mais se ben é certo que a conxunción dun goberno ilustrado e do labor de grandes pensadores e artistas deu resultados impresionantes, non podemos pechar os ollos ante o feito de que Weimar, despois da morte de Goethe, chegou a limitarse a conservar un mito en vez de perpetuar, do mesmo xeito, a creatividade dos anos arredor de 1800. As dificultades coas que se atopou Harry Graf Kessler, a comezos do século XX, querendo establecer en Weimar un centro de referencia para a arte impresionista e modernista —intento que pronto fracasaría—, ou as duras experiencias dos representantes do Bauhaus, que en 1925 se viron obrigados a trasladarse a Dessau, revélannos unha cidade que se aferrou a un pasado glorioso e careceu de afán por descubrir e aceptar o novo.

Nos actos que se celebran co gallo da capitalidade cultural europea non se pasan por alto estes datos, igual que se abordará o tema de Buchenwald e da época nazi. A fin de contas, a importancia de Weimar tamén reside na súa historia que ben pode semellar unha metáfora da nación e cultura alemanas entre gloria e destrucción, cosmopolitismo e nacionalismo, arte e barbarie. Reflexionar sobre todo isto pode ser unha maneira moi boa de rematar este século e de aproveitar a idea da cidade europea da cultura para algo máis que mero escaparate a xeito de publicidade turística.

(Existe unha páxina web co enderezo www.weimar1999.de, onde se fornece información xeral e a programación anual de Weimar, cidade europea da cultura).

FRANCK MEYER



ÍNDICE DE COLABORADORES

XOSÉ LUÍS BARREIRO RIVAS. Profesor de Ciencia Política na Universidade de Santiago de Compostela. Doutor en Ciencias Políticas e Socioloxía e licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid. Desenvolveu unha importante actividade política en Galicia como parlamentario en dúas lexislaturas e como Vicepresidente e Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia. É autor dos libros *Ciencia política e ética do poder*, *Parlamento en el desierto*, *La función política de los caminos de peregrinación en la Europa medieval* e *El análisis político en la prensa diaria*. Exerce tamén como analista político do xornal *La Voz de Galicia*.

PEDRO CORVINOS BASECA. Licenciado en Dereito pola Universidade de Zaragoza, Master en política territorial e urbanística pola Universidade Carlos III de Madrid, é letrado asesor da Dirección General de Ordenación del Territorio y Urbanismo da Diputación General de Aragón. Publicou varios artigos sobre a ordenación territorial dos espacios metropolitanos e sobre disciplina urbanística. Así mesmo é coautor, xunto con Joaquín Herrero, do traballo de investigación *Propuesta de un modelo organizativo para la ordenación territorial de Zaragoza y su espacio metropolitano*, elaborado para a Secretaría General de Planificación y Concertación Territorial do MOPTMA.

PABLO GONZÁLEZ MARIÑAS. Doutor en Dereito e profesor titular de Dereito Administrativo. É funcionario do Corpo de Administradores Civiles Superiores do Estado. Membro do consello rector da EGAP, da *Revista Galega de Administración Pública*, do Seminario de Estudos Galegos e da Asociación Internacional de Ciencias Administrativas. Foi vicepresidente da comisión redactora do "Estatuto dos 16", representante de Galicia na Conferencia de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, primeiro Secretario do Parlamento Autonómico e Conselleiro da Presidencia e Administración Pública. Obtivo os premios "Castro Canosa" e "Manuel Colmeiro" de investigación xurídica e a encomenda da Orden de Alfonso X El Sabio.

JOAQUÍN HERRERO LORENTE. Licenciado en Xeografía pola Universidade de Zaragoza, posgrao en "Ordenación rural en función del medio ambiente"

no Instituto Agronómico Mediterráneo de Zaragoza. Master en política territorial e urbanística pola Universidade Carlos III de Madrid. É profesor de Educación Secundaria nun instituto de Madrid. Participou na elaboración de traballos de ordenación territorial, planeamento urbanístico e actuacións estratéxicas en medio urbano. Autor de varios artigos sobre a ordenación territorial dos espacios metropolitanos e sobre a chegada do tren de alta velocidade a Zaragoza.

RUBÉN CAMILO LOIS GONZÁLEZ. Profesor Titular do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela. Doutorouse en Xeografía en 1990 cun estudio sobre educación e territorio en Galicia que foi parcialmente publicado co título *A Universidade (1960-1992)*. Autor ou colaborador dunha vintena de libros, foi profesor invitado das universidades do Maine (Francia) e Bergen (Noruega). Investigador asociado ó Groupe de Géographie Sociale do CNRS francés. A maioría dos seus traballos céntranse en análises desenvolvidas no marco da Xeografía urbana e social, malia que anteriormente prestase maior atención á temática rural e agraria.

ÁLVARO XOSÉ LOPEZ MIRA. Doutor en Dereito e Licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía. É profesor de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Vigo. Autor, entre outros, dos libros *O nacionalismo galego e o futuro do nacionalismo*; *Territorio de democracia. Un modelo de participación democrática para Galicia, nacionalidade histórica*; *A Galicia irredenta* e *Un modelo de organización territorial para Galicia.*

ARTUR MANUEL MOURA BAPTISTA PEREIRA. Licenciado en Servicio Social polo Instituto Superior de Serviço Social do Porto. É técnico superior de servicio social da Junta de Fegresia de Ramalde-Porto e docente na Escola Profissional de Tecnologia Psicossocial de Porto. Actualmente prepara o curso de "mestrado" en Administração Pública na Universidade do Minho e realiza o traballo *As freguesias no contexto da Administração Pública: o estudo da actividade das freguesias e o modo como se relacionam com os municípios.*

Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián

LETRAS GALEGAS

Relixión, catolicismo e cristianismo en Roberto Blanco Torres
PILAR PENA BÚA

CRISE DA FAMILIA

A familia: ¿crise?, ¿anovamento?
SOEDADE LÓPEZ CAMPO

A nulidade do casamento eclesiástico. ¿Un escándalo?
MIREN LUMBRERAS

ACTUALIDADE

Crónica política
Rolda da cultura
Rolda da Igrexa

Número 112
Volume XXII
Marzo-Abril
1999

AV Monografías
Abaco
Academia
ADE Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Álbum
Archipiélago
Archivos de la Filmoteca
Arquitectura Viva
Arte y Parte
Atlántica Internacional
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Clarín
Claves de Razón Práctica

CLIJ
El Croquis
Cuadernos de Alzate
Cuadernos Hispanoamericanos
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Ecología Política
ER, Revista de Filosofía
Experimenta
Foto-Vídeo
Gaia

Generació
GRIAL
Guadalimar
Guaraguao
Historia, Antropología y Fuentes Orales
Historia Social
Insula
Jakin
Lápiz
Lateral
Leer
Letra Internacional

Leviatán
Litoral
Lletra de Canvi
Matador
Ni hablar
Nickel Odeon
Nueva Revista
Opera Actual
La Página
Papeles de la FIM
El Paseante
Política Exterior
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura

Quimera
Raíces
Reales Sitios
Reseña
RevistAtlántica de Poesía
Revista de Occidente
Ritmo
Scherzo
El Siglo que viene
Síntesis
Sistema
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
Utopías/Nuestra Bandera
Veintiuno
El Viejo Topo
Viridiana
Voice
Zona Abierta



ARCE
Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, informacion, venda e subscricións:

Hortaleza, 75. 28004 Madrid
Teléf: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67
http://www.arce.es
e-mail: arce@infornet.es

ASOCIACIÓN DE AMIGOS CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Neste primeiro aniversario da constitución da Asociación de Amigos do Centro Galego de Arte Contemporánea queremos dá-las gracias a tódolas empresas que, cunha auténtica vocación de mecenado, impulsaron un proxecto de compromiso co CGAC e a arte contemporánea en Galicia.

Invitamos a novas empresas e a particulares a colaborar con nós. Infórmese no Centro Galego de Arte Contemporánea, rúa Valle Inclán, s/n, 15704 Santiago de Compostela, tel. (981) 54 65 88, fax. (981) 54 66 25.

SOCIOS PROTECTORES

ANTONIO PERNAS, S.A.
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.
BANCO PASTOR
CAIXA PONTEVEDRA
CAIXAVIGO
CARAMELO
CASTROMIL, S.A.
CORPORACIÓN NOROESTE, S.A.
DRAGADOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
EL CORREO GALLEGO
FERROATLÁNTICA, S.L.
FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA
IBERDROLA, S.A.
JOSÉ MALVAR CONSTRUCCIONES, S.A.
TELEVÉS, S.A.
UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA, S.A.
RENFE VIAJEROS REGIONALES
ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.

SOCIOS DE MÉRITO

GRIAL
ARTE Y PARTE
ALVA GRÁFICA, S. L.
ATLÁNTICO DIARIO
ECO, REVISTA DEL EJE ATLÁNTICO
EDICIONES ANTIQUARIA S.A.
EL PERIÓDICO DEL ARTE
EL PUNTO DE LAS ARTES
LA VOZ DE GALICIA
LA REGIÓN
LITONOR, S.A.L.
NINFA E RIVEIRO DESEÑO
PUNTO NORTE
REVISTA DE MUSEOLOGÍA
REVISTART
SIGNUM DESEÑO
TRIBUNA DE ACTUALIDAD

Fotografía: HISAO SUZUKI

AMIGOS DO
CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

por que te agochas?



Non hai de qué

O que querías saber, como o querías saber

SUBSCRÍBETE A TEMPOS CHAMANDO Ó TELÉFONO 981-557119

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

Unha mestra de 50 anos axuda a tres obxectores de conciencia gregos a saír do cárcere

Centos de persoas coma ti fan posible que a defensa dos dereitos humanos non sexa unha utopía, senón unha realidade. Gracias ás accións dun grupo de almerienses, entre os que se atopan unha mestra, un procurador, un estudiante e un avogado, tres obxectores de conciencia foron postos en liberdade. Naquel momento, en Grecia non se tiña dereito a un servicio social substitutorio e, por negárense a incorporarse ó exército, foron condenados a catro anos de cárcere. Afortunadamente, Amnistía Internacional permite que a túa voz se escoite. Que o teu esforzo sexa útil. Faite socio e colabora coa túa aportación económica ou o teu traballo.

Quero facerme socio de Amnistía Internacional, por favor envíenme máis información:

P/074

Nome:

Enderezo:

C. P.: Cidade

Amnistía Internacional
Sección Española
Fernando VI, 8, 1º Izda
28004 MADRID
Teléfono (91) 310 12 77

galaxia